A razón de interese público que motiva a formulación desta modificación puntual considérase plenamente acreditada e ten orixe na solicitude, demandas permanentes dos veciños do barrio dos Rosais para que se complete precisamente a urbanización deste paso peonil que se ven utilizando de forma habitual para cruzar entre as rúas que indicaba e acceder ós diferentes equipamentos públicos dese ámbito.

La razón de interés público que motiva la formulación de esta modificación puntual se considera plenamente acreditada y tiene origen en la solicitud, demandas permanentes de los vecinos del barrio de los Rosales para que se complete precisamente la urbanización de este paso peatonal que se viene utilizando de forma habitual para cruzar entre las calles que indicaba y acceder a los diferentes equipamientos públicos de ese ámbito.

Como digo, quedan plenamente xustificadas as razóns de interese público para a aprobación, tanto inicial no seu momento como entendemos que provisional neste momento. Consta o documento no expediente o informe favorable, xa que se require maioría absoluta deste Pleno, por parte da Secretaría Xeral do Pleno. Someteuse a dictamen da Comisión Informativa de Urbanismo e Vivenda deste luns, e polo tanto, a consideración que se somete a este Pleno é a aprobación provisional desta modificación puntual para a súa posterior remisión á Xunta de Galicia e conseguir e levar finalmente adiante a aprobación definitiva, este importante equipamento de viario precisamente no barrio dos Rosais.

Como digo, quedan plenamente justificadas las razones de interés público para la aprobación, tanto inicial en su momento como entendemos que provisional en este momento. Consta el documento en el expediente el informe favorable, ya que se requiere mayoría absoluta de este Pleno, por parte de la Secretaría General del Pleno. Se sometió a dictamen de la Comisión Informativa de Urbanismo y Vivienda de este lunes, y por lo tanto, la consideración que se somete a este Pleno es la aprobación provisional de esta modificación puntual para su posterior remisión a la Xunta de Galicia y conseguir y llevar finalmente adelante la aprobación definitiva, este importante equipamiento de viario precisamente en el barrio de los Rosales.

Grazas.

Gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Díaz Villoslada.

Muchas gracias, señor Díaz Villoslada.

Iniciamos a quenda de intervencións.

Iniciamos el turno de intervenciones.

Polo BNG, señora Veira.

Por el BNG, señora Veira.

Señora Veira González

Señora Veira González

Bo día ós membros da Corporación, funcionariado que nos acompaña,

Buenos días a los miembros de la Corporación, funcionariado que nos

profesionais dos medios de comunicación, público que nos segue desde a tribuna e desde as redes.

Con respecto ao asunto da apertura dun viario entre as rúas Simón Bolívar e Alfonso Rodríguez Castelao —da mesma maneira que fixemos no Pleno de decembro de 2019, na aprobación inicial deste asunto— queremos parabenizar á veciñanza do barrio dos Rosales, que defendeu durante tantos anos, tanto anos, a apertura deste viario, incluso tendo algún goberno municipal en contra, que mesmo chegou a dicir que era imposíbel facelo.

A apertura deste viario vai ser fundamental para que o barrio teña un acceso —vaia a redundancia— accesíbel ó seu centro de saúde e tamén para dignificar unha rúa que hoxe en día se emprega e leva moito tempo empregándose en precario.

É este un exemplo para nós, como BNG —como outros que imos votar a favor neste Salón de Plenos— de que o asociacionismo veciñal é fundamental para mellorar a nosa cidade, para mellorar os nosos barrios. E que tamén, cando unha asociación non cesa nas súas demandas, pode chegar a acadalas, malia que se lles diga que son imposíbeis, así que votaremos a favor.

Presidencia

Moitas grazas, señora Veira.

Pola Marea Atlántica, señor Martínez

Señor Martínez Durán

Si, antes de comezar co asunto, señor Lage, eu sei que non é un momento fácil para o Goberno, pero manteña a calma e a temperanza.

acompaña, profesionales de los medios de comunicación, público que nos sigue desde la tribuna y desde las redes.

Con respecto al asunto de la apertura de un viario entre las calles Simón Bolívar y Alfonso Rodríguez Castelao —de la misma manera que hicimos en el Pleno de diciembre de 2019, en la aprobación inicial de este asunto— queremos felicitar al vecindario del barrio de los Rosales, que defendió durante tantos años, tanto años, la apertura de este viario, incluso teniendo algún gobierno municipal en contra, que incluso llegó a decir que era imposible hacerlo.

La apertura de este viario va a ser fundamental para que el barrio tenga un acceso —valga la redundancia— accesible a su centro de salud y también para dignificar una calle que hoy en día se emplea y lleva mucho tiempo empleándose en precario.

Es este un ejemplo para nosotros, como BNG —como otros que vamos a votar a favor en este Salón de Plenos— de que el asociacionismo vecinal es fundamental para mejorar nuestra ciudad, para mejorar nuestros barrios. Y que también, cuando una asociación no cesa en sus demandas, puede llegar a conseguirlas, a pesar de que se les diga que son imposibles, así que votaremos a favor.

Presidencia

Muchas gracias, señora Veira.

Por la Marea Atlántica, señor Martínez

Señor Martínez Durán

Sí, antes de comenzar con el asunto, señor Lage, yo sé que no es un momento fácil para el Gobierno, pero mantenga la calma y la templanza.

Mire, problema de comprensión: eu non me queixei de ter 3 minutos, de que me sobraban 3 minutos para falar dun modificativo de 45.000 €. Do que me queixo é de que non nos permitan debater sobre outros asuntos no Pleno.

Mire, problema de comprensión: yo no me quejé de tener 3 minutos, de que me sobraban 3 minutos para hablar de un modificativo de 45.000 €. De lo que me quejo es que no nos permitan debatir sobre otros asuntos en el Pleno.

Sobre as mencións a persoas que non están aquí, vostedes sobre os seus compañeiros e as súas compañeiras de Goberno pode opinar o que queira, como fan en privado; sobre os nosos compañeiros de Goberno, abstéñase, por favor. No caso particular de José Manuel Sande é que lle queda demasiado grande, dende todos os puntos de vista.

Sobre las menciones a personas que no están aquí, ustedes sobre sus compañeros y sus compañeras de Gobierno puede opinar lo que quiera, como hacen en privado; sobre nuestros compañeros de Gobierno, absténgase, por favor. En el caso particular de José Manuel Sande es que le queda demasiado grande, desde todos los puntos de vista.

E en terceiro lugar, señor Lage, efectivamente a lei é a mesma para todos e as sentenzas do Supremo, tamén.

Y en tercer lugar, señor Lage, efectivamente la ley es la misma para todos y las sentencias del Supremo, también.

Indo ó asunto, a urbanización do camiño do Cura, como se coñece popularmente —o que xa empezamos a chamar nese expediente novo viario entre a rúa Simón Bolívar e Alfonso Daniel Rodríguez Castelao nos Rosais— foi unha demanda veciñal que o Goberno anterior —o Goberno de Xulio Ferreiro e a Marea Atlántica— recolleu, atendeu e canalizou no pasado mandato, como recorda o informe proposta que imos votar e que con esta aprobación provisional se estará afortunadamente máis preto de materializarse.

Yendo al asunto, la urbanización del camino del Cura, como se conoce popularmente —lo que ya empezamos a llamar en ese expediente nuevo viario entre la calle Simón Bolívar y Alfonso Daniel Rodríguez Castelao en los Rosales— fue una demanda vecinal que el Gobierno anterior —el Gobierno de Xulio Ferreiro y la Marea Atlántica— recogió, atendió y canalizó en el pasado mandato, como recuerda el informe propuesta que vamos a votar y que con esta aprobación provisional se estará afortunadamente más cera de materializarse.

Adianto que o noso voto será favorable, como o foi na Comisión este luns e como o foi no Pleno do 5 de decembro do ano pasado.

Adelanto que nuestro voto será favorable, como lo fue en la Comisión este lunes y como lo fue en el Pleno de 5 de diciembre del año pasado.

O que non din os antecedentes do informe proposta é que esta necesidade que é vella e non naceu de súpeto en 2016 —creo recordar que a señora Veira dicía no último Pleno que tiña

Lo que no dicen los antecedentes del informe propuesta es que esta necesidad que es vieja y no nació de pronto en 2016 —creo recordar que la señora Veira decía en el último Pleno que tenía cuando menos

cando menos 12 anos—, esa necesidade e esa demanda veciñal chegou a nós naquel momento no Goberno, directamente a través da veciñanza, sen intermediarios. Primeiro nun "Dillo ti" —recordarán aqueles encontros mensuais coa cidadanía, que substituíron vostedes por un programa pagado na radio— e despois nos Orzamentos Participativos, que tal vez tamén recorden porque eran un dereito gañado pola xente aquí na Coruña, que tiñan vostedes o deber de conservar e coidar en cumprimento dun dos acordos que asinamos en xuño de 2019, acordo traizoado como a inmensa maioría dos que lle permitiron a vostede, señora Rey, estar aí sentada.

12 años—, esa necesidad y esa demanda vecinal llegó a nosotros en aquel momento en el Gobierno, directamente a través del vecindario, sin intermediarios. Primero en un "Díselo tú" —recordarán aquellos encuentros mensuales con la ciudadanía, que sustituyeron ustedes por un programa pagado en la radio— y después en los Presupuestos Participativos, que tal vez también recuerden porque eran un derecho ganado por la gente aquí en A Coruña, que tenían ustedes el deber de conservar y cuidar en cumplimiento de uno de los acuerdos que firmamos en junio de 2019, acuerdo traicionado como la inmensa mayoría de los que le permitieron a usted, señora Rey, estar ahí sentada.

En todo caso, boa noticia, celebramos que seguisen adiante con este proxecto, estamos seguros de que no seu día, cando pase do planeamento á realidade —a diferencia doutros casos sobre os que falaremos despois— suporá sen dúbida unha mellora no día ó día do barrio para a mobilidade peonil e segura.

En todo caso, buena noticia, celebramos que siguieran adelante con este proyecto, estamos seguros de que en su día, cuando pase del planeamiento a la realidad —a diferencia de otros casos sobre los que hablaremos después— supondrá sin duda una mejora en el día al día del barrio para la movilidad peatonal y segura.

Parécenos razoable o dictame sobre as alegacións presentadas, confiamos en que os axustes que se fan, en atención á terceira delas presentada fora de prazo, melloren efectivamente a intervención tal e como se argumenta no expediente. E o único que desexamos é que o resto da tramitación sexa o máis veloz posible e que algún día, máis axiña que tarde, esta intervención e esta mellora para a xente do barrio dos Rosais sexa realidade.

Nos parece razonable el dictamen sobre las alegaciones presentadas, confiamos en que los ajustes que se hacen, en atención a la tercera de ellas presentada fuera de plazo, mejoren efectivamente la intervención tal y como se argumenta en el expediente. Y lo único que deseamos es que el resto de la tramitación sea lo más veloz posible y que algún día, más pronto que tarde, esta intervención y esta mejora para la gente del barrio de los Rosales sea realidad.

Nada máis, moitas grazas.

Nada más, muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Martínez.

Muchas gracias, señor Martínez.

Polo Grupo Popular, señor Deus.

Por el Grupo Popular, señor Deus.

Señor Deus Álvarez

Bo día a toda a Corporación, a todos os funcionarios e a tódalas persoas que seguen este pleno.

O obxecto desta modificación puntual ten como finalidade a apertura dun novo viario entre a rúa Simón Bolívar e Alfonso Rodríguez Castelao, e a corrección dun erro na cualificación urbanística dun xardín que figura no Plan Xeral como espazo libre privado e debe ser de titularidade pública, no cruzamento das rúas Manuel Azaña e Simón Bolívar.

A tramitación deste expediente iniciouse no ano 2016, pero non é ata abril de 2019 cando realmente iníciase a súa tramitación, tres anos despois. Todo iso é a pedimento dos veciños do barrio de Los Rosales, que pedían un acondicionamento dun camiño que se utiliza habitualmente para cruzar entre ambas rúas e para acceder á parroquia de Nosa Señora dos Rosais, contribuíndo a mellorar as condicións de mobilidade, accesibilidade, seguridade e calidade de vida dos peóns.

Esta modificación puntual aprobouse inicialmente polo Pleno en sesión ordinaria do 5 de decembro de 2019. Por parte do Concello, como xa nos di o concelleiro, realizáronse todas as tramitacións pertinentes coa solicitude de informes sectoriais a todas as administracións e tamén aos concellos colindantes, obtendo en tódolos casos o informe favorable ou ningunha obxección ao documento tramitado.

Unha vez recibidos estes informes, someteuse ó pertinente trámite de información pública por período deses dous meses e presentándose tres alegacións, unha delas fora de prazo.

Señor Deus Álvarez

Buenos días a toda la Corporación, a todos los funcionarios y a todas las personas que siguen este pleno.

El objeto de esta modificación puntual tiene como finalidad la apertura de un nuevo viario entre la calle Simón Bolívar y Alfonso Rodríguez Castelao, y la corrección de un error en la calificación urbanística de un jardín que figura en el Plan General como espacio libre privado y debe ser de titularidad pública, en el cruce de las calles Manuel Azaña y Simón Bolívar.

La tramitación de este expediente se inició en el año 2016, pero no es hasta abril de 2019 cuando realmente se inicia su tramitación, tres años después. Todo eso es a petición de los vecinos del barrio de Los Rosales, que pedían un acondicionamiento de un camino que se utiliza habitualmente para cruzar entre ambas calles y para acceder a la parroquia de Nuestra Señora de los Rosales, contribuyendo a mejorar las condiciones de movilidad, accesibilidad, seguridad y calidad de vida de los peatones.

Esta modificación puntual se aprobó inicialmente por el Pleno en sesión ordinaria de 5 de diciembre de 2019. Por parte del Ayuntamiento, como ya nos dice el Concejal, se realizaron todas las tramitaciones pertinentes con la solicitud de informes sectoriales a todas las administraciones y también a los ayuntamientos colindantes, obteniendo en todos los casos el informe favorable o ninguna objeción al documento tramitado.

Una vez recibidos estos informes, se sometió al pertinente trámite de información pública por período de esos dos meses y presentándose tres alegaciones, una de ellas fuera de plazo.

Do informe da Secretaría Xeral enténdese que se estiman dúas delas, as dos Pais Escolapios e outra do Arcebispado, e desestímase neste momento outra presentada tamén polo Arcebispado que se refire á valoración económica dos efectos da mesma, que terá que avaliarse no procedemento de execución correspondente.

Por tanto, esta modificación puntual que se trae a este Pleno introduce a resolución das alegacións, as cales non alteran os obxectivos que figuraban inicialmente, ao non ter un carácter substancial que alteren a mesma.

Debido a iso e por tratarse dunha modificación que ten a súa orixe nunha razón de interese público —aspecto necesario para a modificación do Plan Xeral— para a mellora da mobilidade entre dúas rúas que une, mellorar o acceso ao centro parroquial do barrio dos Rosais, ademais da corrección da cualificación dun terreo municipal, este Grupo do Partido Popular votará a favor da aprobación deste expediente.

Moitas grazas.

Presidencia

Moitas grazas, señor Deus.

Señor Díaz Villoslada, para pecha-lo debate.

Señor Díaz Villoslada

Grazas, señora alcaldesa.

Eu creo que, basicamente, agradecer a todos os Grupos Municipais presentes no Pleno o voto afirmativo a esta modificación puntual, porque é certo que aínda que pareza un expediente urbanístico menor non é menor, precisamente para os veciños do barrio

Del informe de la Secretaría General se entiende que se estiman dos de ellas, las de los Padres Escolapios y otra del Arzobispado, y se desestima en este momento otra presentada también por el Arzobispado que se refiere a la valoración económica de los efectos de la misma, que tendrá que evaluarse en el procedimiento de ejecución correspondiente.

Por tanto, esta modificación puntual que se trae a este Pleno introduce la resolución de las alegaciones, las cuales no alteran los objetivos que figuraban inicialmente, al no tener un carácter sustancial que alteren la misma.

Debido a eso y por tratarse de una modificación que tiene su origen en una razón de interés público —aspecto necesario para la modificación del Plan General— para la mejora de la movilidad entre dos calles que une, mejorar el acceso al centro parroquial del barrio de los Rosales, además de la corrección de la calificación de un terreno municipal, este Grupo del Partido Popular votará a favor de la aprobación de este expediente.

Muchas gracias.

Presidencia

Muchas gracias, señor Deus.

Señor Díaz Villoslada, para cerrar el debate.

Señor Díaz Villoslada

Gracias, señora alcaldesa.

Yo creo que, básicamente, agradecer a todos los Grupos Municipales presentes en el Pleno el voto afirmativo a esta modificación puntual, porque es cierto que aunque parezca un expediente urbanístico menor no es menor, precisamente para los vecinos del barrio de los Rosales que,

dos Rosais que, como tamén indicaba a señora Veira, e vai mellorar non só a accesibilidade no barrio para acceder a máis equipamentos, senón tamén a seguridade.

como también indicaba la señora Veira, y va a mejorar no solo la accesibilidad en el barrio para acceder a más equipamientos, sino también la seguridad.

Nós, evidentemente, trataremos de impulsar coa maior axilidade —como estamos facendo— o trámite de aprobación definitiva deste expediente e sobre todo, unha vez que estea aprobado, trataremos de levar adiante a xestión do solo correspondente tamén coa maior celeridade.

Nosotros, evidentemente, trataremos de impulsar con la mayor agilidad —como estamos haciendo— el trámite de aprobación definitiva de este expediente y sobre todo, una vez que esté aprobado, trataremos de llevar adelante la gestión del suelo correspondiente también con la mayor celeridad.

Por certo, será en ese trámite de xestión de solo, nos procesos de xestión de solo, onde se poderán discutir, señor Deus, as cuestións que por parte dalgún alegante se formulaban en relación coa cuantificación desas superficies a adquirir.

Por cierto, será en ese trámite de gestión de suelo, en los procesos de gestión de suelo, donde se podrán discutir, señor Deus, las cuestiones que por parte de algún alegante se formulaban en relación con la cuantificación de esas superficies a adquirir.

En canto ós autoparabéns que cada Grupo político pode auto evidentemente aplicarse, cada un é pai das súas palabras, dos seus feitos. En ese sentido si que é certo que é importante que esta cuestión xurdira do movemento dos veciños dos Rosais. É certo que hai que traballar tendo en conta as cuestións que formulan asociacións, tamén é certo que non hai que perder de vista a función do noso sistema representativo.

En cuanto a las autofelicitaciones que cada Grupo político puede auto evidentemente aplicarse, cada uno es padre de sus palabras, de sus hechos. En ese sentido sí que es cierto que es importante que esta cuestión surgiese del movimiento de los vecinos de los Rosales. Es cierto que hay que trabajar teniendo en cuenta las cuestiones que formulan asociaciones, también es cierto que no hay que perder de vista la función de nuestro sistema representativo.

E, señor Martínez, efectivamente, non é fácil estes momentos para este goberno, pero non é fácil nin para este goberno nin para calquera outro goberno, dado que estamos nunha situación de pandemia. Non é difícil en ese sentido se estamos considerando as actitudes case sistematicamente obstrucionistas pola súa parte. En ese sentido, en todo caso, evidentemente eu creo que hoxe se trata de poder levar adiante unha modificación importante no ámbito dos Rosais para facilitar esa accesibilidade a

Y, señor Martínez, efectivamente, no es fácil estos momentos para este gobierno, pero no es fácil ni para este gobierno ni para cualquier otro gobierno, dado que estamos en una situación de pandemia. No es difícil en ese sentido si estamos considerando las actitudes casi sistemáticamente obstruccionistas por su parte. En ese sentido, en todo caso, evidentemente yo creo que hoy se trata de poder llevar adelante una modificación importante en el ámbito de los Rosales para facilitar esa accesibilidad a

equipamentos públicos por parte dos seus veciños.

Máis nada e gracias.

Presidencia

Grazas, señor Díaz Villoslada.

Procedemos á votación deste punto.

Votación do asunto número dez

Seguidamente por parte da Presidencia sométese a votación o asunto número dez referenciado na orde do día, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (5 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto).

Presidencia

Moitas grazas.

Queda aprobado por unanimidade.

Acordo

1.- Prestar conformidade ao informe ás alegacións formuladas durante o trámite de información pública do expediente, emitido polo Xefe do Departamento de Planeamento e o Xefe do Servizo de Planeamento e Xestión do Solo, o 18 de

equipamientos públicos por parte de sus vecinos.

Nada más y gracias.

Presidencia

Gracias, señor Díaz Villoslada.

Procedemos a la votación de este punto.

Votación del asunto número diez

Seguidamente por parte de la Presidencia se somete a votación el asunto número diez referenciado en el orden del día, produciéndose el siguiente resultado:

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (5 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor la concejala no adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto).

Presidencia

Muchas gracias.

Queda aprobado por unanimidad.

Acuerdo

1.- Prestar conformidad al informe a las alegaciones formuladas durante el trámite de información pública del expediente, emitido por el Jefe del Departamento de Planeamiento y el Jefe del Servicio de Planeamiento y Gestión del Suelo, el 18 de

setembro de 2020.

2.- Aprobar provisionalmente o documento denominado "MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM/13 PARA APERTURA DUN NOVO VIARIO ENTRE AS RÚAS SÍMÓN BOLÍVAR E ALFONSO RODRÍGUEZ CASTELAO. DOCUMENTO PARA APROBACIÓN PROVISIONAL. SETEMBRO 2020", que incorpora o resultado das alegacións presentadas, promovido polo Concello da Coruña e redactado polo Servizo de Planeamento e Xestión do Solo.

3.- Achegar copia do expediente completo debidamente dilixenciado á Consellería competente en materia de ordenación do territorio, para a emisión do informe preceptivo e vinculante previsto no artigo 60, parágrafo 15, da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (art. 144.15 do Regulamento de desenvolvemento da Lei).

164. Aprobar a proposta de suspensión cautelar de tramitación de instrumentos de planeamento, equidistribución e urbanización nos seguintes ámbitos da área de planeamento incorporado API S35 Ría do Burgo: polígonos e áreas de repartición delimitados en solo urbano non consolidado, situados ao norte da Ponte da Pasaxe (POL RB1, RB2, RB3, RB4, RB5 e RB6).

Asunto: Aprobar a proposta de suspensión cautelar de tramitación de instrumentos de planeamento, equidistribución e urbanización nos seguintes ámbitos da área de planeamento incorporado API S35 Ría do Burgo: polígonos e áreas de repartición delimitados en solo urbano non consolidado, situados ao norte da Ponte da Pasaxe (POL RB1, RB2, RB3,

septiembre de 2020.

2.- Aprobar provisionalmente el documento denominado "MODIFICACIÓN PUNTUAL DEL PGOM/13 PARA APERTURA DE UN NUEVO VIARIO ENTRE LAS CALLES SÍMÓN BOLÍVAR Y ALFONSO RODRÍGUEZ CASTELAO. DOCUMENTO PARA APROBACIÓN PROVISIONAL. SEPTIEMBRE 2020", que incorpora el resultado de las alegaciones presentadas, promovido por el Ayuntamiento de A Coruña y redactado por el Servicio de Planeamiento y Gestión del Suelo.

3.- Remitir copia del expediente completo debidamente diligenciado a la Consejería competente en materia de ordenación del territorio, para la emisión del informe preceptivo y vinculante previsto en el artículo 60, párrafo 15, de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del Suelo de Galicia (art. 144.15 del Reglamento de desarrollo de la Ley).

164. Aprobar la propuesta de suspensión cautelar de tramitación de instrumentos de planeamiento, equidistribución y urbanización en los siguientes ámbitos del área de planeamiento incorporado API S35 Ría del Burgo: polígonos y áreas de reparto delimitados en suelo urbano no consolidado, situados al norte del Puente del Pasaje (POL RB1, RB2, RB3, RB4, RB5 y RB6).

Asunto: *Aprobar la propuesta de suspensión cautelar de tramitación de instrumentos de planeamiento, equidistribución y urbanización en los siguientes ámbitos del área de planeamiento incorporado API S35 Ría del Burgo: polígonos y áreas de reparto delimitados en suelo urbano no consolidado, situados al norte del Puente del Pasaje (POL RB1, RB2, RB3, RB4,*

RB4, RB5 e RB6).

Este asunto foi ditaminado pola Comisión Informativa de Urbanismo e Vivenda en sesión celebrada o día 2 de novembro de 2020, co voto a favor do Grupo Municipal Socialista, e as abstencións dos Grupos Municipais do Partido Popular, Marea Atlántica e BNG, propoñendo ao Pleno Municipal a adopción dos acordos seguintes:

PRIMEIRO.- Aprobar a proposta de suspensión cautelar de tramitación de instrumentos de planeamento, equidistribución e urbanización nos seguintes ámbitos da área de planeamento incorporado API S35 "Ría do Burgo": polígonos e áreas de repartición delimitados en solo urbano non consolidado, situados ao norte do Ponte Pasaxe (POL RB1, RB2, RB3, RB4, RB5 e RB6).

No ámbito de solo urbano consolidado, suspéndese as licenzas de nova edificación, parcelación (arts. 148 LSG/16 e 366 RLSG/16) e demolición de construcións (art. 1.4.9. do PXOM/13), no ámbito da Norma zonal 12 "edificación en bloque" e da Norma zonal 6.2 do PXOM/1998 que se atopa incorporada ao PXOM/2013 no API S-35 (Ría do Burgo), sen afectar as obras nas parcelas cualificadas como equipamento.

No ámbito de solo urbano consolidado da Norma zonal nº 13 "solo urbano do núcleo das Xubias de Abaixo" unicamente se suspenden as licenzas de parcelación e demolición das construcións, permitíndose as obras nos edificios (art. 1.4.8 PXOM) e as obras de nova edificación (art. 1.4.10 PXOM) agás as de substitución.

En todos os casos anteriormente sinalados, a suspensión non afectará as

RB5 y RB6).

Este asunto fue dictaminado por la Comisión Informativa de Urbanismo y Vivienda en sesión celebrada el día 2 de noviembre de 2020, con el voto a favor del Grupo Municipal Socialista, y las abstenciones de los Grupos Municipales del Partido Popular, Marea Atlántica y BNG, proponiendo al Pleno Municipal la adopción de los acuerdos siguientes:

PRIMERO.- Aprobar la propuesta de suspensión cautelar de tramitación de instrumentos de planeamiento, equidistribución y urbanización en los siguientes ámbitos del área de planeamiento incorporado API S35 "Ría del Burgo": polígonos y áreas de reparto delimitados en suelo urbano no consolidado, situados al norte del Puente Pasaje (POL RB1, RB2, RB3, RB4, RB5 y RB6).

En el ámbito de suelo urbano consolidado, se suspende las licencias de nueva edificación, parcelación (arts. 148 LSG/16 y 366 RLSG/16) y demolición de construcciones (art. 1.4.9. del PGOM/13), en el ámbito de la Norma zonal 12 "edificación en bloque" y de la Norma zonal 6.2 del PGOM/1998 que se encuentra incorporada al PGOM/2013 en el API S-35 (Ría del Burgo), sin afectar a las obras en las parcelas calificadas como equipamiento.

En el ámbito de suelo urbano consolidado de la Norma zonal nº 13 "suelo urbano del núcleo de las Jubias de Abajo" únicamente se suspenden las licencias de parcelación y demolición de las construcciones, permitiéndose las obras en los edificios (art. 1.4.8 PGOM) y las obras de nueva edificación (art. 1.4.10 PGOM) excepto las de relevo.

En todos los casos anteriormente señalados, la suspensión no afectará a las

obras ou actividades sinaladas no art. 86.3 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que foi aprobado o regulamento da Lei do solo de Galicia.

Xúntase a este acordo a delimitación do ámbito de suspensión grafada no plano que se achega, así como o resumo executivo.

SEGUNDO.- Incoar o expediente de estudo e análise dos parámetros dunha posible modificación puntual do planeamento xeral no ámbito identificado no apartado primeiro, que acolla os criterios do novo modelo territorial sinalado nas disposicións referidas.

TERCEIRO.- Publicar o acordo de suspensión no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión da provincia, así como na sede electrónica do Concello.

CUARTO.- Notificar este acordo aos Departamentos municipais implicados na execución do planeamento.

Presidencia

Señor Secretario, asunto 11.

Señor Secretario Xeral do Pleno

Asunto 11. Aprobar a proposta de suspensión cautelar de tramitación de instrumentos de planeamento, equidistribución e urbanización nos seguintes ámbitos da área de planeamento incorporado API S35 Ría do Burgo: polígonos e áreas de repartición delimitados en solo urbano non consolidado, situados ao norte da Ponte da Pasaxe (POL RB1, RB2, RB3, RB4, RB5 e RB6).

Presidencia

obras o actividades señaladas en el art. 86.3 del Decreto 143/2016, de 22 de septiembre, por el que fue aprobado el reglamento de la Ley del suelo de Galicia.

Se une a este acuerdo la delimitación del ámbito de suspensión grafiada en el plano que se adjunta, así como el resumen ejecutivo.

SEGUNDO.- Incoar el expediente de estudio y análisis de los parámetros de una posible modificación puntual del planeamiento general en el ámbito identificado en el apartado primero, que acoja los criterios del nuevo modelo territorial señalado en las disposiciones referidas.

TERCERO.- Publicar el acuerdo de suspensión en el Diario Oficial de Galicia y en uno de los periódicos de mayor difusión de la provincia, así como en la sede electrónica del Ayuntamiento.

CUARTO.- Notificar este acuerdo a los Departamentos municipales implicados en la ejecución del planeamiento.

Presidencia

Señor Secretario, asunto 11.

Señor Secretario General del Pleno

Asunto 11. Aprobar la propuesta de suspensión cautelar de tramitación de instrumentos de planeamiento, equidistribución y urbanización en los siguientes ámbitos del área de planeamiento incorporado API S35 Ría del Burgo: polígonos y áreas de reparto delimitados en suelo urbano no consolidado, situados al norte del Puente del Pasaje (POL RB1, RB2, RB3, RB4, RB5 y RB6).

Presidencia

Grazas, señor Secretario.

Neste punto consta presentada unha emenda polo Grupo Municipal da Marea Atlántica, entón o debate vaise ordenar da seguinte maneira: comezará o señor Díaz Villoslada, expoñendo por parte do Goberno o asunto que se trae a Pleno para a súa aprobación; a continuación terá un turno extraordinario a Marea Atlántica de tres minutos, para dar conta da súa emenda, expoñer o contido; unha vez rematados eses tres minutos, esa intervención, a Presidencia terá que decidir sobre a admisión ou non da emenda presentada e a continuación, sen máis debate, se iniciará esa quenda de cinco máis tres minutos que terán os distintos Grupos Municipais para expoñer os seus argumentos ao respecto do punto do que se trate.

Señor... Si, señora García.

Señora García Gómez

Eu, se pode repetir como é o procedemento, porque creo que...

Presidencia

Si, si, si, non hai problema, repito.

Señora García Gómez

...non se falou disto na Xunta de Voceiros e a verdade é que....

Presidencia

Si, porque pola... A ver, un momento, por favor, si... A orde do debate todavía lle corresponde á Presidencia. Entón, vou ordenar o debate neste punto da seguinte maneira, sen alterar substancialmente o que se acordou na Comisión de Voceiros: o señor Díaz Villoslada, por parte do Goberno,

Gracias, señor Secretario.

En este punto consta presentada una enmienda por el Grupo Municipal de la Marea Atlántica, entonces el debate se va a ordenar de la siguiente manera: comenzará el señor Díaz Villoslada, exponiendo por parte del Gobierno el asunto que se trae a Pleno para su aprobación; a continuación tendrá un turno extraordinario la Marea Atlántica de tres minutos, para dar cuenta de su enmienda, exponer el contenido; una vez finalizados esos tres minutos, esa intervención, la Presidencia tendrá que decidir sobre la admisión o no de la enmienda presentada y a continuación, sin más debate, se iniciará ese turno de cinco más tres minutos que tendrán los distintos Grupos Municipales para exponer sus argumentos al respeto del punto del que se trate.

Señor... Sí, señora García.

Señora García Gómez

Yo, si puede repetir cómo es el procedimiento, porque creo que...

Presidencia

Sí, sí, sí, no hay problema, repito.

Señora García Gómez

…no se habló de esto en la Junta de Portavoces y la verdad es que....

Presidencia

Sí, porque por la... A ver, un momento, por favor, sí... El orden del debate todavía le corresponde a la Presidencia. Entonces, voy a ordenar el debate en este punto de la siguiente manera, sin alterar sustancialmente lo que se acordó en la Comisión de Portavoces: el señor Díaz Villoslada, por parte del Gobierno,

pasará, como en tódolos asuntos de carácter resolutivo, a expoñer de xeito breve o asunto que se trae a Pleno.

Dado que consta unha moción, unha emenda a este punto presentada polo Grupo Municipal da Marea Atlántica, considero que o Grupo Municipal ten que expoñer o contido, se consideran oportuno, se non o consideran, non pasa nada. Teñen tres minutos para expoñer o contido da emenda, os razoamentos da emenda, o que consideren oportuno. Unha vez rematados eses tres minutos, a Presidencia decide sobre a admisión ou non da emenda, porque se se admite, haberá que votala, e se non se admite, non haberá lugar a votación. Unha vez que a Presidencia decida, se inicia o debate entre os Grupos. Teñen dúas quendas, cinco minutos a primeira e tres minutos a segunda.

Quedou xa aclarado? Teñen algunha dúbida sobre a dinámica do debate?

Señora García Gómez

Si, bueno, dalgunha maneira, que se altera un pouquiño o establecido na Comisión de Voceiros, onde non se daba paso nin sequera a defender a emenda nin a debatela, entón nos pilla así un pouco co pé cambiado, e si que nos gustaría saber a que se debe o cambio de procedemento.

Presidencia

Ben, efectivamente, foi unha decisión que toma, é unha decisión que toma a Presidencia en aras de fomentar o debate deste asunto.

Vostedes presentan unha emenda, foi analizada na Comisión de Voceiros, pero creo que cando un Grupo presenta unha emenda ten que ter polo menos a oportunidade de defendela no Pleno.

pasará, como en todos los asuntos de carácter resolutivo, a exponer de manera breve el asunto que se trae a Pleno.

Dado que consta una moción, una enmienda a este punto presentada por el Grupo Municipal de la Marea Atlántica, considero que el Grupo Municipal tiene que exponer el contenido, si consideran oportuno, si no lo consideran, no pasa nada. Tienen tres minutos para exponer el contenido de la enmienda, los razonamientos de la enmienda, lo que consideren oportuno. Una vez finalizados esos tres minutos, la Presidencia decide sobre la admisión o no de la enmienda, porque si se admite, habrá que votarla, y si no se admite, no habrá lugar a votación. Una vez que la Presidencia decida, se inicia el debate entre los Grupos. Tienen dos turnos, cinco minutos la primera y tres minutos la segunda.

¿Quedó ya aclarado? ¿Tienen alguna duda sobre la dinámica del debate?

Señora García Gómez

Sí, bueno, de alguna manera, que se altera un poquito lo establecido en la Comisión de Portavoces, donde no se daba paso ni siquiera a defender la enmienda ni a debatirla, entonces nos pilla así un poco con el pie cambiado, y sí que nos gustaría saber a qué se debe el cambio de procedimiento.

Presidencia

Bien, efectivamente, fue una decisión que toma, es una decisión que toma la Presidencia en aras de fomentar el debate de este asunto.

Ustedes presentan una enmienda, fue analizada en la Comisión de Portavoces, pero creo que cuando un Grupo presenta una enmienda tiene que tener por lo menos la oportunidad de defenderla en el

Considero que 3 minutos para defender a emenda é tempo suficiente, e polo tanto a dinámica do debate, toda vez que os debates son... **(murmurios)** por favor, por favor.... toda vez que os debates son ordenados pola Presidencia da Corporación, considero que o xeito máis oportuno de ordenar este debate consiste, repito por terceira vez, que o señor Díaz Villoslada, como propoñente por parte do Goberno, expoña o asunto resolutivo de que se trata, que o Grupo que presenta unha emenda teña ocasión de defendela, se o considera oportuno, cunha quenda de tres minutos, e posteriormente a Presidencia tomará a decisión sen ulterior debate coa Presidencia sobre a admisión ou non da emenda, para iniciar o debate acordado de cinco máis tres minutos, no que os Grupos poden falar do que queiran, poden falar da emenda, poden non falar da emenda, poden falar deste punto, poden falar de Pedro Sánchez, poden falar do que queiran, como sempre. Goberno, emendante, decisión, debate.

*Pleno. Considero que 3 minutos para defender la enmienda es tiempo suficiente, y por lo tanto la dinámica del debate, toda vez que los debates son... **(murmullos)** por favor, por favor.... toda vez que los debates son ordenados por la Presidencia de la Corporación, considero que la manera más oportuna de ordenar este debate consiste, repito por tercera vez, es que el señor Díaz Villoslada, como proponente por parte del Gobierno, exponga el asunto resolutivo de que se trata, que el Grupo que presenta una enmienda tenga ocasión de defenderla, si lo considera oportuno, con un turno de tres minutos, y posteriormente la Presidencia tomará la decisión sin ulterior debate con la Presidencia sobre la admisión o no de la enmienda, para iniciar el debate acordado de cinco más tres minutos, en el que los Grupos pueden hablar de lo que quieran, pueden hablar de la enmienda, pueden no hablar de la enmienda, pueden hablar de este punto, pueden hablar de Pedro Sánchez, pueden hablar de lo que quieran, como siempre. Gobierno, enmendante, decisión, debate.*

Señora Gallego.

Señora Gallego.

Señora Gallego Neira

Señora Gallego Neira

Simplemente, unha cuestión de orde.

Simplemente, una cuestión de orden.

Isto xa se falou na Comisión de Voceiros e eu creo que senta un precedente, porque a cada asunto que veña ao Pleno pódese presentar unha emenda que logo non se admite ou si, ou o que sexa, pero tes tres minutos máis para falar dese asunto. Eu entendo que bo, que non procedería, pero bo, en todo caso, tres minutos máis para todos.

Esto ya se habló en la Comisión de Portavoces y yo creo que se sienta un precedente, porque a cada asunto que venga al Pleno se puede presentar una enmienda que luego no se admite o sí, o lo que sea, pero tienes tres minutos más para hablar de ese asunto. Yo entiendo que bueno, que no procedería, pero bueno, en todo caso, tres minutos más para todos.

Presidencia

Presidencia

Grazas, señora Gallego.

Gracias, señora Gallego.

Non sei se é unha cuestión de orde, porque para ser unha cuestión de orde, como sabe, o artigo 94 do ROF especifica que hai que invocar a norma cuxa aplicación vostede demanda. Non a busque no ROM, non existe. A única norma que existe no ROM é esa que di que é o Presidente da Corporación, nesta caso a Presidenta, quen ordena o debate e, en todo caso, se é unha suxestión, eu lle agradezo moitísimo as labores de asistencia á Presidencia. Cando teño algunha dúbida xurídica teño costume de consultar co Secretario Xeral, pero dada a súa experiencia nesa cadeira —polo menos de cinco anos nestes plenos— pois agradezo a xenerosidade e boa disposición que amosa sempre para asistir á Presidencia na súa labor. Neste caso, cando necesite as asistencias técnicas xa serei eu quen lle pida consello. Polo tanto, non existe cuestión de orde a tratar.

No sé si es una cuestión de orden, porque para ser una cuestión de orden, como sabe, el artículo 94 del ROF especifica que hay que invocar la norma cuya aplicación usted demanda. No la busque en el ROM, no existe. La única norma que existe en el ROM es esa que dice que es el Presidente de la Corporación, en este caso la Presidenta, quien ordena el debate y, en todo caso, si es una sugerencia, yo le agradezco muchísimo las labores de asistencia a la Presidencia. Cuando tengo alguna duda jurídica tengo costumbre de consultar con el Secretario General, pero dada su experiencia en esa silla —por lo menos de cinco años en estos plenos— pues agradezco la generosidad y buena disposición que muestra siempre para asistir a la Presidencia en su labor. En este caso, cuando necesite las asistencias técnicas ya seré yo quien le pida consejo. Por lo tanto, no existe cuestión de orden a tratar.

Iniciamos, se lles parece, o debate deste asunto número 11.

Iniciamos, si les parece, el debate de este asunto número 11.

Señor Díaz Villoslada, cando queira.

Señor Díaz Villoslada, cuando quiera.

Señor Díaz Villoslada

Señor Díaz Villoslada

Grazas, señora alcaldesa.

Gracias, señora alcaldesa.

Tal e como figura no documento que hoxe presentamos a este Pleno para levar adiante, consideramos que unha decisión importante deste Goberno municipal, no ámbito da fachada urbana da Ría do Burgo. Sabemos que o Plan Xeral vixente de 2013 establece a ordenación da fachada marítima da cidade cara a Ría do Burgo mediante diversas figuras de planeamento urbanístico incorporadas e remitidas como son, por unha parte, o Plan Especial de Reforma Interior da Cidade Vella-Peixaría —é dicir, o que é o PEPRI, o propio PEPRI—, o Plan Especial de Ordenación de Servicio

Tal y como figura en el documento que hoy presentamos a este Pleno para llevar adelante, consideramos que una decisión importante de este Gobierno municipal, en el ámbito de la fachada urbana de la Ría del Burgo. Sabemos que el Plan General vigente de 2013 establece la ordenación de la fachada marítima de la ciudad hacia la Ría del Burgo mediante diversas figuras de planeamiento urbanístico incorporadas y remitidas como son, por una parte, el Plan Especial de Reforma Interior de la Ciudad Vieja-Pescadería —es decir, lo que es el PEPRI, el propio PEPRI—, el Plan Especial de Ordenación de Servicio Portuario, el Plan Especial de

Portuario, o Plan Especial de Transformación dos Peiraos de Batería e Calvo Sotelo e o Plan Especial de Transformación do Peirao Estación de San Diego, e por suposto, a modificación puntual do Plan Xeral de 1998, na fronte da Ría do Burgo, aprobada mediante esa modificación puntual, Orde de outubro de 2008 da Consellería de Política Territorial, que se recolle no Plan Xeral en vigor como área de planeamento incorporado API S35.

Transformación de los Muelles de Batería y Calvo Sotelo y el Plan Especial de Transformación del Muelle Estación de San Diego, y por supuesto, la modificación puntual del Plan General de 1998, en el frente de la Ría del Burgo, aprobada mediante esa modificación puntual, Orden de octubre de 2008 de la Consellería de Política Territorial, que se recoge en el Plan General en vigor como área de planeamiento incorporado API S35.

Ás once horas e catro minutos sae do Salón de Sesións o señor Deus Álvarez.

A las once horas y cuatro minutos sale del Salón de Sesiones el señor Deus Álvarez.

Sabemos que estas áreas de planeamento incorporadas, estas APIS, o Plan Xeral de 2013 declara a vixencia dos actos de planeamento e de xestión realizados desde o desenvolvemento do Plan anterior. O apartado 2 do programa de actuacións de esta modificación puntual que se aprobara sobre este ámbito en 2008 e que se incorpora, insisto, como API ó Plan Xeral en vigor, expresaba de forma clara que os polígonos de solo urbano non consolidado deberían iniciar a súa execución antes de transcorrido un ano desde a aprobación da presente modificación puntual. Teñen transcorrido máis de 12 anos sen que estes actos de xestión de solo se produciran.

Sabemos que estas áreas de planeamiento incorporadas, estas APIS, el Plan General de 2013 declara la vigencia de los actos de planeamiento y de gestión realizados desde el desarrollo del Plan anterior. El apartado 2 del programa de actuaciones de esta modificación puntual que se había aprobado sobre este ámbito en 2008 y que se incorpora, insisto, como API al Plan General en vigor, expresaba de forma clara que los polígonos de suelo urbano no consolidado deberían iniciar su ejecución antes de transcurrido un año desde la aprobación de la presente modificación puntual. Han transcurrido más de 12 años sin que estos actos de gestión de suelo se hayan producido.

Posteriormente, en vigor da nova Lei de Costas de 2013, e tendo moi en conta as novas determinacións que en virtude desta lexislación de costas establece a Estratexia de adaptación ao cambio climático da costa de España, tendo en conta as determinacións do Plan Galego de Ordenación do Litoral, coas directrices de ordenación do territorio, observamos e comprobamos que o único ámbito do fronte litoral da cidade

Posteriormente, en vigor de la nueva Ley de Costas de 2013, y teniendo muy en cuenta las nuevas determinaciones que en virtud de esta legislación de costas establece la Estrategia de adaptación al cambio climático de la costa de España, teniendo en cuenta las determinaciones del Plan Gallego de Ordenación del Litoral, con las directrices de ordenación del territorio, observamos y comprobamos que el único ámbito del frente litoral de la

cara á Ría do Burgo que non foi ata agora obxecto de análise e avaliación dende un punto de vista das condicións urbanísticas establecidas no Plan —no propio Plan Xeral de 2013— e confrontadas coa lexislación e estudios posteriores a que estou facendo referencia, é precisamente o ámbito da API S35 da Ría do Burgo que, como sabemos, ordena unha franxa litoral de uns 2.000 metros de lonxitude comprendidos exactamente entre a praia de Oza ó norte, e o límite do termo municipal de Culleredo ó sur, e dende a ría ao leste ata a avenida do Pasaxe ao oeste.

ciudad hacia la Ría del Burgo que no fue hasta ahora objeto de análisis y evaluación desde un punto de vista de las condiciones urbanísticas establecidas en el Plan —en el propio Plan General de 2013— y comparadas con la legislación y estudios posteriores a que estoy haciendo referencia, es precisamente el ámbito de la API S35 de la Ría del Burgo que, como sabemos, ordena una franja litoral de unos 2.000 metros de longitud comprendidos exactamente entre la playa de Oza al norte, y el límite del término municipal de Culleredo al sur, y desde la ría al este hasta la avenida del Pasaje al oeste.

Ás once horas e sete minutos entra no Salón de Sesións o señor Deus Álvarez.

A las once horas y siete minutos entra en el Salón de sesiones el señor Deus Álvarez.

Como consta no expediente, esta superficie total ordenada e que queremos reordenar afecta a 384.909 m^2, dos cales un total de 254.000 se corresponden con solo urbano non consolidado, e 130.000 —en números redondos— se corresponden cos polígonos de solo urbano non consolidado.

Como consta en el expediente, esta superficie total ordenada y que queremos reordenar afecta a 384.909 m^2, de los cuales un total de 254.000 se corresponden con suelo urbano no consolidado, y 130.000 —en números redondos— se corresponden con los polígonos de suelo urbano no consolidado.

Estas consideracións, máis todas as que se expoñen no expediente, fan aconsellable —ó entender do Goberno municipal— acometer a revisión daquelas determinacións do planeamento que xeran resultados non desexados dende un punto de vista da protección da paisaxe litoral, do patrimonio, da rexeneración e renovación dos tecidos urbanos existentes e do desenvolvemento urbano sostible e da propia cohesión social, tal e como figura nas grafías dos planos que se achegan con esta proposta.

Estas consideraciones, más todas las que se exponen en el expediente, hacen aconsejable —al entender del Gobierno municipal— acometer la revisión de aquellas determinaciones del planeamiento que generan resultados no deseados desde un punto de vista de la protección del paisaje litoral, del patrimonio, de la regeneración y renovación de los tejidos urbanos existentes y del desarrollo urbano sostenible y de la propia cohesión social, tal y como figura en las grafías de los planos que se acercan con esta propuesta.

Por iso, o Goberno municipal, sendo consciente desta necesidade de abordar unha nova formulación integral deste

Por eso, el Gobierno municipal, siendo consciente de esta necesidad de abordar un nuevo planteamiento integral de este

borde da cidade cara á Ría do Burgo, toma a decisión de propoñer a este Pleno a suspensión voluntaria por parte do Goberno municipal e cautelar conforme establece o artigo 47 da Lei do Solo de Galicia.

Señora alcaldesa, veremos ao longo do Pleno e traerémolo noutras cousas, non dialogan nin cos veciños, nin cos colectivos, nin como vemos tampouco cos Grupos Municipais que lle poden dar a maioría neste Pleno. Cremos que deberían de dialogar máis, ter máis participación, máis transparencia nos expedientes urbanísticos, que nos conten non só unha suspensión, que teñen previsto, que queren facer. 18 meses creo que dá para poder dar ese documento de inicio e nós seguimos dispostos a apoiar nos grandes temas de cidade, pero pedimos un mínimo de diálogo, de transparencia e de información.

Señora alcaldesa, veremos a lo largo del Pleno y lo traeremos en otras cosas, no dialogan ni con los vecinos, ni con los colectivos, ni como vemos tampoco con los Grupos Municipales que le pueden dar la mayoría en este Pleno. Creemos que deberían de dialogar más, tener más participación, más transparencia en los expedientes urbanísticos, que nos cuenten no solo una suspensión, qué tienen previsto, qué quieren hacer. 18 meses creo que da para poder dar ese documento de inicio y nosotros seguimos dispuestos a apoyar en los grandes temas de ciudad, pero pedimos un mínimo de diálogo, de transparencia y de información.

Nada máis e moitas grazas nesta primeira quenda.

Nada más y muchas gracias en este primer turno.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Fernández Prado.

Muchas gracias, señor Fernández Prado.

Señor Díaz Villoslada.

Señor Díaz Villoslada.

Señor Díaz Villoslada

Señor Díaz Villoslada

Grazas, perdón, señora alcaldesa.

Gracias, perdón, señora alcaldesa.

Vou seguir un pouco a orde, loxicamente, de intervención dos Grupos.

Voy a seguir un poco el orden, lógicamente, de intervención de los Grupos.

E xa vemos o que lle interesa á Marea Atlántica a protección do borde litoral da cidade na Ría do Burgo. Isto é o que lle interesa. Non están no Pleno. Como non prospera a súa emenda, retíranse. Retíranse do debate e non queren escoitar ós demais Grupos, xa non digo ó Goberno, senón ós demais Grupos Municipais lexitimamente aquí presentes. Isto é o que lle interesa á Marea Atlántica —máis alá dos seus postulados— realmente a protección neste caso do borde da ría. Tamén é certo que non contaban co concelleiro que ata o de agora formaba parte do seu Grupo, señor Varela, co que poderíamos, supoño, que dialogar máis a fondo, con máis coñecemento de causa. E chámame a atención —e eu diríxome á Marea Atlántica como se estiveran aquí porque son eles os que deciden retirarse, pero seguen presentes aquí os seus escanos—, chámame a atención tanta preocupación polo borde litoral da cidade, porque nin no Portiño, nin en Labañou, nin no Plan Especial da Torre, nin en Maestranza, nin espazos portuarios, nin por suposto na Ría do Burgo tomaron ningunha decisión de protección do borde litoral da cidade, ningunha. E veñen aquí agora a rasgarse

Y ya vemos lo que le interesa a la Marea Atlántica la protección del borde litoral de la ciudad en la Ría del Burgo. Esto es lo que le interesa. No están en el Pleno. Como no prospera su enmienda, se retiran. Se retiran del debate y no quieren escuchar a los demás Grupos, ya no digo al Gobierno, sino a los demás Grupos Municipales legítimamente aquí presentes. Esto es lo que le interesa a la Marea Atlántica —más allá de sus postulados— realmente la protección en este caso del borde de la ría. También es cierto que no contaban con el concejal que hasta ahora formaba parte de su Grupo, señor Varela, con el que podríamos, supongo, que dialogar más a fondo, con más conocimiento de causa. Y me llama la atención —y yo me dirijo a la Marea Atlántica como si estuviesen aquí porque son ellos los que deciden retirarse, pero siguen presentes aquí sus escaños—, me llama la atención tanta preocupación por el borde litoral de la ciudad, porque ni en el Portiño, ni en Labañou, ni en el Plan Especial de la Torre, ni en Maestranza, ni espacios portuarios, ni por supuesto en la Ría del Burgo tomaron ninguna decisión de protección del borde litoral de la ciudad, ninguna ¿Y vienen aquí ahora a rasgarse las vestiduras? ¿Y piden además

as vestiduras? E piden ademais nunha emenda que trata de furtar este debate a protección de todo o borde litoral? Menos mal que non piden a de todo o Arco Ártabro. E eu creo, e o temos indicado en máis dunha ocasión — e non me apetece, de verdade que non me apetece entrar en este tipo de consideracións— pero que con dogmatismos resulta moi difícil ser quen de tratar de entender a realidade, e polo tanto, se non se entende a realidade, con actitudes dogmáticas é imposible buscar solucións.

Ás once horas e trinta e cinco minutos entra no Salón de Sesións a señora Gallego Neira.

Estes días —bueno, supoño que como tanta xente— estou a ler as *"21 leccións para o século XXI"* de Harari, e curiosamente, ó fío deste debate, lía, nunha desas leccións, das "*21 leccións para este século XXI"*, algo que creo que é acaído cando se sinala polo profesor Harari como a marca das ideoloxías dogmáticas é que, debido a súa excesiva confianza en si mesmas, prometen o imposible de forma rutineira. E esta parece ser a marca de Marea Atlántica, sinto dicilo, que non foi seguida, por certo, pola maioría electoral desta cidade e que ameaza non sei se con desfacerse ou non de seguir por estes derroteros. A verdade é que é absolutamente frustrante —vouno deixar aquí, en frustrante— ver como a Marea Atlántica, coa escusa da Agra das Percebeiras, non sei se entoando un mea culpa, retírase do debate do Pleno para a protección precisamente da fachada litoral no ámbito e na beira da Ría do Burgo.

Máis brevemente, e con toda a consideración que merecen os Grupos aquí presentes: señora Veira, agradecemos por suposto a coherencia

en una enmienda que trata de hurtar este debate la protección de todo el borde litoral? Menos mal que no piden la de todo el Arco Ártabro. Y yo creo, y lo hemos indicado en más de una ocasión — y no me apetece, de verdad que no me apetece entrar en este tipo de consideraciones— pero que con dogmatismos resulta muy difícil ser capaz de tratar de entender la realidad, y por lo tanto, si no se entiende la realidad, con actitudes dogmáticas es imposible buscar soluciones.

A las once horas y treinta y cinco minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Gallego Neira.

Estos días —bueno, supongo que como tanta gente— estoy leyendo las "21 lecciones para el siglo XXI" *de Harari, y curiosamente, al hilo de este debate, leía, en una de esas lecciones, de las "21 lecciones para este siglo XXI", algo que creo que es apropiado cuando se señala por el profesor Harari como la marca de las ideologías dogmáticas es que, debido a su excesiva confianza en sí mismas, prometen lo imposible de forma rutinaria. Y esta parece ser la marca de Marea Atlántica, siento decirlo, que no fue seguida, por cierto, por la mayoría electoral de esta ciudad y que amenaza no sé si con deshacerse o no de seguir por estos derroteros. La verdad es que es absolutamente frustrante —lo voy a dejar aquí, en frustrante— ver como la Marea Atlántica, con la excusa del Agra de las Percebeiras, no sé si entonando un mea culpa, se retira del debate del Pleno para la protección precisamente de la fachada litoral en el ámbito y en la orilla de la Ría del Burgo.*

Más brevemente, y con toda la consideración que merecen los Grupos aquí presentes: señora Veira, agradecemos por supuesto la coherencia

do Bloque Nacionalista Galego en esa efectiva protección da Ría do Burgo, nesta parte do litoral da cidade, que —como dicía en algunha ocasión— non pode seguir sendo a espalda da cidade, aínda que ten equipamentos importantes. Pero é certo tamén, entendendo o seu voto afirmativo crítico que non —e o direi agora ou despois—, non é absolutamente predicable os parámetros de revisión que estamos a facer para pedir a suspensión cautelar en este ámbito ao ámbito do Plan Especial da Agra das Percebeiras en termos técnico-xurídicos, porque se non respectamos os termos técnico-xurídicos si que realmente estaríamos facendo brindes ao sol ou tratando de xestionar a vida pública da cidade desde o dogmatismo, como dicía antes.

del Bloque Nacionalista Galego en esa efectiva protección de la Ría del Burgo, en esta parte del litoral de la ciudad, que —como decía en alguna ocasión— no puede seguir siendo la espalda de la ciudad, aunque tiene equipamientos importantes. Pero es cierto también, entendiendo su voto afirmativo crítico que no —y lo diré ahora o después—, no es absolutamente predicable los parámetros de revisión que estamos haciendo para pedir la suspensión cautelar en este ámbito al ámbito del Plan Especial del Agra de las Percebeiras en términos técnico-jurídicos, porque si no respetamos los términos técnico-jurídicos sí que realmente estaríamos haciendo brindis al sol o tratando de gestionar la vida pública de la ciudad desde el dogmatismo, como decía antes.

É certo tamén e hai que recoñecer o intenso traballo da Asociación de Veciños dos Castros nesta protección, e en ese sentido creo que todos coincidimos, pero, insisto, non é predicable no ámbito do Plan Especial de Percebeiras —que procede da aplicación directa do propio Plan Xeral do 2013— os parámetros cos que nos permiten levar adiante esta suspensión cautelar e correlativamente a modificación puntual do Plan Xeral en este ámbito.

Es cierto también y hay que reconocer el intenso trabajo de la Asociación de Vecinos de los Castros en esta protección, y en ese sentido creo que todos coincidimos, pero, insisto, no es predicable en el ámbito del Plan Especial de Percebeiras —que procede de la aplicación directa del propio Plan General del 2013— los parámetros con los que nos permiten llevar adelante esta suspensión cautelar y correlativamente la modificación puntual del Plan General en este ámbito.

Señor Fernández Prado, nós, bueno, pois podemos levar preto de 17, 18 meses sen presentar esta proposta que eu creo que é importante, e valente, e decidida e ademais está en liña cos novos parámetros **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención).** ...e ambientais —e vou rematando, señora alcaldesa—, pero vostedes tiveron catro anos de Goberno desde a aprobación do Plan Xeral de 2013 para facer algo. Tiveron catro anos que non presentaron un

*Señor Fernández Prado, nosotros, bueno, pues podemos llevar cerca de 17, 18 meses sin presentar esta propuesta que yo creo que es importante, y valiente, y decidida y además está en línea con los nuevos parámetros **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)**. ...y ambientales —y voy finalizando, señora alcaldesa—, pero ustedes tuvieron cuatro años de Gobierno desde la aprobación del Plan General de 2013 para hacer algo. Tuvieron cuatro años que no presentaron*

documento de protección. Entrar en ese debate de se estamos afastando a posibles inversores, eu creo que non é o mellor dos argumentarios.

Non sei, pode ser que esteamos encontrando o punto de equilibrio porque se uns retíranse deste Pleno porque non facemos nada e outros entenden que estamos afastando ós inversores, eu creo que estamos igual encontrando ese punto de equilibrio. Dixemos desde o principio deste mandato que temos claro aqueles ámbitos **(óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención)** —remato— aqueles ámbitos a colmatar na cidade e temos claro aqueles ámbitos onde temos que incluír maiores políticas de protección.

En todo caso, remato aquí e continuaría na última quenda.

Grazas.

Presidencia

Grazas, señor Díaz Villoslada.

Pasamos xa á última quenda de tres minutos.

Ás once horas e corenta e un minutos entra no Salón de Sesións a señora Neira Fernández.

Señora Veira, polo Bloque Nacionalista Galego.

Señora Veira González

Ben, evidentemente, na miña intervención xa falei de que non estaba na mesma situación xurídico-administrativa, pero desde logo seguimos mantendo que é necesario estudar algunha alternativa para o desenvolvemento das Percebeiras e

un documento de protección. Entrar en ese debate de si estamos alejando a posibles inversores, yo creo que no es el mejor de los argumentarios.

No sé, puede ser que estemos encontrando el punto de equilibrio porque si unos se retiran de este Pleno porque no hacemos nada y otros entienden que estamos alejando a los inversores, yo creo que estamos igual encontrando ese punto de equilibrio. Dijimos desde el principio de este mandato que tenemos claro aquellos ámbitos ***(se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención)*** *—finalizo— aquellos ámbitos a colmatar en la ciudad y tenemos claro aquellos ámbitos donde tenemos que incluir mayores políticas de protección.*

En todo caso, finalizo aquí y continuaría en el último turno.

Gracias.

Presidencia

Gracias, señor Díaz Villoslada.

Pasamos ya al último turno de tres minutos.

A las once horas y cuarenta y un minutos entra en el Salón de sesiones la señora Neira Fernández.

Señora Veira, por el Bloque Nacionalista Galego.

Señora Veira González

Bien, evidentemente, en mi intervención ya hablé de que no estaba en la misma situación jurídico-administrativa, pero desde luego seguimos manteniendo que es necesario estudiar alguna alternativa para el desarrollo de las Percebeiras y seguimos manteniéndonos en nuestra idea,

seguimos manténdonos na nosa idea, independentemente, evidentemente, desta cuestión da suspensión de licenzas na API Ría do Burgo.

independientemente, evidentemente, de esta cuestión de la suspensión de licencias en la API Ría del Burgo.

Á respecto da cuestión de colmatar a cidade, quería aproveitar que sacou a colación este argumento o concelleiro para solicitarlle que, se realmente o que se quere é colmatar a cidade, hai un montón, unha chea de soares na nosa cidade en mal estado, de edificios sen rematar, de esqueletos que non só afean esteticamente os barrios, senón que son auténticos problemas, ás veces de convivencia, ás veces de sucidade e demais, onde realmente sería verdadeiramente útil colmatar a cidade, non se estaría destruíndo ningún espazo verde, ó contrario, estaríase favorecendo a colmatación da cidade verdadeiramente, e tamén sería unha maneira de dinamizar a rehabilitación neses soares abandonados, neses esqueletos ou noutros tantos edificios que non son esqueletos nin son soares abandonados, senón que son edificios que están absolutamente caendo por anacos. Polo tanto, é precisa na nosa cidade unha política de rehabilitación que sexa máis incisiva e que si abonde na colmatación da cidade.

Respecto a la cuestión de colmatar la ciudad, quería aprovechar que sacó a colación este argumento el concejal para solicitarle que, si realmente lo que se quiere es colmatar la ciudad, hay un montón, un montón de solares en nuestra ciudad en mal estado, de edificios sin finalizar, de esqueletos que no solo afean estéticamente los barrios, sino que son auténticos problemas, a veces de convivencia, a veces de suciedad y demás, donde realmente sería verdaderamente útil colmatar la ciudad, no se estaría destruyendo ningún espacio verde, al contrario, se estaría favoreciendo la colmatación de la ciudad verdaderamente, y también sería una manera de dinamizar la rehabilitación en esos solares abandonados, en esos esqueletos o en otros tantos edificios que no son esqueletos ni son solares abandonados, sino que son edificios que están absolutamente cayendo a trozos. Por lo tanto, es precisa en nuestra ciudad una política de rehabilitación que sea más incisiva y que sí sea suficiente en la colmatación de la ciudad.

Nós non compartimos con que As Perceberias sexa colmatar a cidade, sábeo ben o concelleiro e quería tamén argumentalo neste Salón de Plenos.

Nosotros no compartimos que As Perceberias sea colmatar la ciudad, lo sabe bien el concejal y quería también argumentarlo en este Salón de Plenos.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señora Veira.

Muchas gracias, señora Veira.

Señor Fernández Prado, os tres últimos minutos.

Señor Fernández Prado, los tres últimos minutos.

Señor Fernández Prado

Señor Fernández Prado

Grazas de novo, alcaldesa.

Gracias de nuevo, alcaldesa.

Moi brevemente, para situarnos, pero antes un comentario que non podo resistirme a facelo e ten que perdoarme. Eu sei que á señora Veira non lle gusta escoitalo, pero creo que hai que lembralo para que, bo, cada un tamén aguante as súas velas. O Plan de 2013, tanto nisto como o das Percebeiras, este Plan, como está aprobado, aprobouse, xa digo, no 2008, non só polos socialistas, pero no 2009 o Plan Xeral co mesmo volume en Percebeiras, co mesmo volume, aprobouse co voto do Bloque Nacionalista Galego. E o mesmo, o mesmo documento —logo contestaramo na seguinte, non se preocupe—, e o mesmo documento que recibimos, o mesmo documento que recibimos nunha caixa, preparado para a aprobación definitiva, recollía cos votos do PSOE e o BNG o mesmo documento, o mesmo volume sobre rasante en Percebeiras e o mesmo aquí construído —para lembrar as cousas, quero dicir que para o bo e para o malo—, exactamente o mesmo. E creo que ningún dos do litoral, creo, creo que mesmo podería dicir que non se subiu a edificabilidade en ningún punto do Plan, pero os do litoral, estes, seguro.

Muy brevemente, para posicionarnos, pero antes un comentario que no puedo resistirme a hacerlo y tiene que perdonarme. Yo sé que a la señora Veira no le gusta escucharlo, pero creo que hay que recordarlo para que, bueno, cada uno también aguante sus velas. El Plan de 2013, tanto en esto como el de las Percebeiras, este Plan, como está aprobado, se aprobó, ya digo, en el 2008, no solo por los socialistas, pero en el 2009 el Plan General con el mismo volumen en Percebeiras, con el mismo volumen, se aprobó con el voto del Bloque Nacionalista Galego. Y el mismo, el mismo documento —luego me lo contestará en la siguiente, no se preocupe—, y el mismo documento que recibimos, el mismo documento que recibimos en una caja, preparado para la aprobación definitiva, recogía con los votos del PSOE y el BNG el mismo documento, el mismo volumen sobre rasante en Percebeiras y lo mismo aquí construido —para recordar las cosas, quiero decir que para lo bueno y para lo malo—, exactamente lo mismo. Y creo que ninguno de los del litoral, creo, creo que incluso podría decir que no se subió la edificabilidad en ningún punto del Plan, pero los del litoral, estos, seguro.

En calquera caso, nós absterémonos porque, como lle dicía, non coñecemos a que ten que ver esta suspensión. Parece que tampouco teñen moi boas relacións cos que lle votaron, os seus socios de investidura e son os que tamén lles axudan a gobernar en Madrid. Pero máis aló desas dificultades, eu vólvolles a ofrecer unha man aberta para tratar os temas importantes de cidade, aos que seguimos sen ter chamadas nin contestación.

En cualquier caso, nosotros nos abstendremos porque, como le decía, no conocemos a qué tiene que ver esta suspensión. Parece que tampoco tienen muy buenas relaciones con los que le votaron, sus socios de investidura y son los que también les ayudan a gobernar en Madrid. Pero más allá de esas dificultades, yo les vuelvo a ofrecer una mano abierta para tratar los temas importantes de ciudad, a los que seguimos sin tener llamadas ni contestación.

En calquera caso, como lles dicía, señor Villoslada, dicíanos —permítame

En cualquier caso, como les decía, señor Villoslada, nos decía —permítame

tamén un comentario—, dicíanos: oia, non fixeron nada neste ámbito. O Plan apróbase en decembro do 13, ten que incorporalo, dicía antes, o Plan que aprobaron vostedes, os socialistas no 2008 por un imperativo legal, polos prazos de planeamento e por iso non se podía modificar nada e houbo daquela un ano de posible desenvolvemento, un ano. Pero modificar non se podía porque se non o teríamos modificado no 13, pero por iso houbo que incorporalo cun API, polos compromisos legais.

En calquera caso, como lle dicía antes, esperamos que nesta ocasión teñan máis sorte na ordenación. Nós, se o día que a coñezamos, o día que saibamos o que queren facer aí, situarémonos. Pois mentres tanto, mantemos unha abstención prudente, porque non coñecemos e xa digo, non nos gusta esta deriva e estas mensaxes que se mandan sen concretar en que se quere cambiar e por que e para quen.

Nada máis e moitas grazas.

Presidencia

Grazas, señor Fernández Prado.

Señor Villoslada, para pechar o debate.

Señor Díaz Villoslada

Si, eu non quería tapar —igual outros Grupos, ou outro Grupo si— o debate da Ría do Burgo coas Percebeiras. E prefiro que non se tape, senón que afrontemos realmente o ámbito do que estamos a traballar. E non vou profundizar moito.

Señor Martín Fernández Prado, sabe que a proposta de 2009 de Plan Xeral tiña menos edificabilidade. Si, tiña, documentaremos, está documentado, tiña menos edificabilidade.

también un comentario—, nos decía: oiga, no hicieron nada en este ámbito. El Plan se aprueba en diciembre del 13, tiene que incorporarlo, decía antes, el Plan que aprobaron ustedes, los socialistas en el 2008 por un imperativo legal, por los plazos de planeamiento y por eso no se podía modificar nada y hubo luego un año de posible desarrollo, un año. Pero modificar no se podía porque si no lo hubiésemos modificado en el 13, pero por eso hubo que incorporarlo con un API, por los compromisos legales.

En cualquier caso, como le decía antes, esperamos que en esta ocasión tengan más suerte en la ordenación. Nosotros, si el día que la conozcamos, el día que sepamos lo que quieren hacer ahí, nos posicionaremos. Pues mientras tanto, mantenemos una abstención prudente, porque no conocemos y ya digo, no nos gusta esta deriva y estos mensajes que se mandan sin concretar en qué se quiere cambiar y por qué y para quién.

Nada más y muchas gracias.

Presidencia

Gracias, señor Fernández Prado.

Señor Villoslada, para cerrar el debate.

Señor Díaz Villoslada

Sí, yo no quería tapar —igual otros Grupos, u otro Grupo sí— el debate de la Ría del Burgo con las Percebeiras. Y prefiero que no se tape, sino que afrontemos realmente el ámbito del que estamos trabajando. Y no voy profundizar mucho.

Señor Martín Fernández Prado, sabe que la propuesta de 2009 de Plan General tenía menos edificabilidad. Sí, tenía, documentaremos, está documentado, tenía menos edificabilidad.

Por outra parte, por outra parte, evidentemente, nós con esta suspensión cautelar abordaremos unha modificación puntual, evidentemente importantísima, na que traballaremos, evidentemente, con todos os Grupos para tratar de levala adiante.

E antes —e volvo un pouco para atrás— en Percebeiras, os criterios técnico-xurídicos non fan homologable a situación, evidentemente. Teño aquí dúas follas completas de xestións de solo por parte do Goberno municipal anterior no ámbito de Percebeiras. Quero dicir que nós seguimos traballando coas negociacións previas que estaban levadas a cabo. En todo caso, estamos —e insisto e insistín no debate da moción do Pleno pasado— no inicio de trámite ambiental. En ese inicio de trámite ambiental acaba de pecharse o trámite de alegacións. Estudaremos as alegacións que se presenten por parte dos Grupos, dos axentes públicos e privados que recibamos e estudiaremos dunha forma principal as aportacións que nos envíe, evidentemente, a Xunta de Galicia. Estamos, insisto, no inicio de trámite ambiental nas Percebeiras para poder tratar de mellorar ese ámbito. Pero insisto tamén que non estamos nunha situación extrapolable ou que se poda predicar do ámbito da Ría do Burgo, na que si que traballaremos nunha importante modificación puntual porque vai formar parte do futuro da cidade, igual que a revisión que se ten que facer dos espazos portuarios interiores ou igual que o próximo inicio da dragaxe da Ría do Burgo. Estamos falando dun montón de actuacións que inciden no bordo litoral, que teñen o seu propio tratamento diferenciado —iso é certo, porque hai actividades portuarias que van ter que seguir nos espazos portuarios— pero en ese sentido, sendo

Por otra parte, por otra parte, evidentemente, nosotros con esta suspensión cautelar abordaremos una modificación puntual, evidentemente importantísima, en la que trabajaremos, evidentemente, con todos los Grupos para tratar de llevarla adelante.

Y antes —y vuelvo un poco hacia atrás— en Percebeiras, los criterios técnico-jurídicos no hacen homologable la situación, evidentemente. Tengo aquí dos hojas completas de gestiones de suelo por parte del Gobierno municipal anterior en el ámbito de Percebeiras. Quiero decir que nosotros seguimos trabajando con las negociaciones previas que estaban llevadas a cabo. En todo caso, estamos —e insisto e insistí en el debate de la moción del Pleno pasado— en el inicio de trámite ambiental. En ese inicio de trámite ambiental acaba de cerrarse el trámite de alegaciones. Estudiaremos las alegaciones que se presenten por parte de los Grupos, de los agentes públicos y privados que recibamos y estudiaremos de una forma principal las aportaciones que nos envíe, evidentemente, la Xunta de Galicia. Estamos, insisto, en el inicio de trámite ambiental en las Percebeiras para poder tratar de mejorar ese ámbito. Pero insisto también en que no estamos en una situación extrapolable o que se pueda predicar del ámbito de la Ría del Burgo, en la que sí que trabajaremos en una importante modificación puntual porque va a formar parte del futuro de la ciudad, igual que la revisión que se tiene que hacer de los espacios portuarios interiores o igual que el próximo inicio del dragado de la Ría del Burgo. Estamos hablando de un montón de actuaciones que inciden en el borde litoral, que tienen su propio tratamiento diferenciado —eso es cierto, porque hay actividades portuarias que van a tener que seguir en los espacios portuarios— pero en ese sentido, siendo ámbitos del litoral distintos, tenemos que

ámbitos do litoral distintos, temos que facer tamén tratamentos urbanísticos distintos sen perder de vista unha visión máis global.

hacer también tratamientos urbanísticos distintos sin perder de vista una visión más global.

Eu, en definitiva e para pechar esta quenda final, agradecer unha vez máis o apoio do Bloque Nacionalista Galego, e non teñan, por parte do Partido Popular, incerteza en canto a que abordaremos unha modificación puntual ambiciosa para este ámbito, que teremos ocasión de poder falar con todos os Grupos, se é que todos os Grupos Municipais se sentan a falar neste Salón de Sesións do Pleno. Eu creo que é unha boa noticia tomar unha decisión destas características e en ese sentido incido unha vez máis en que trataremos con humildade pero con ambición de levar adiante a mellor perspectiva de futuro para este novo bordo litoral que ten que ter a cidade cara á ría.

Yo, en definitiva y para cerrar este turno final, agradecer una vez más el apoyo del Bloque Nacionalista Galego, y no tengan, por parte del Partido Popular, incertidumbre en cuanto a que abordaremos una modificación puntual ambiciosa para este ámbito, que tendremos ocasión de poder hablar con todos los Grupos, si es que todos los Grupos Municipales se sientan a hablar en este Salón de Sesiones del Pleno. Yo creo que es una buena noticia tomar una decisión de estas características y en ese sentido incido una vez más en que trataremos con humildad pero con ambición de llevar adelante la mejor perspectiva de futuro para este nuevo borde litoral que tiene que tener la ciudad hacia la ría.

Máis nada e grazas.

Más nada y gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Díaz Villoslada.

Muchas gracias, señor Díaz Villoslada.

Procedemos polo tanto, xa rematado o debate, á votación deste punto.

Procedemos por lo tanto, ya finalizado el debate, a la votación de este punto.

Votación do asunto número once

Votación del asunto número once

Seguidamente por parte da Presidencia sométese a votación o asunto número once referenciado na orde do día, producíndose o seguinte resultado:

Seguidamente por parte de la Presidencia se somete a votación el asunto número once referenciado en el orden del día, produciéndose el siguiente resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Abstense o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 abstencións).

Se abstiene el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 abstenciones).

Vota a favor o Grupo Municipal do

Vota a favor el Grupo Municipal del

Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto).

Contabilízanse así mesmo as abstencións dos cinco concelleiros do Grupo Municipal da Marea Atlántica, D.ª María García Gómez, D.ª Silvia Cameán Calvete, D. Alberto Lema Suárez, D.ª Claudia Delso Carreira e D. Iago Martínez Durán, de acordo co artigo 100.1 do ROF, por ausentarse do Salón de Sesións unha vez iniciada a deliberación e non estar presentes no momento da votación.

Presidencia

Moitas grazas, queda aprobado.

Acordo

1.- Aprobar a proposta de suspensión cautelar de tramitación de instrumentos de planeamento, equidistribución e urbanización nos seguintes ámbitos da área de planeamento incorporado API S35 "Ría do Burgo": polígonos e áreas de repartición delimitados en solo urbano non consolidado, situados ao norte do Ponte Pasaxe (POL RB1, RB2, RB3, RB4, RB5 e RB6).

No ámbito de solo urbano consolidado, suspéndese as licenzas de nova edificación, parcelación (arts. 148 LSG/16 e 366 RLSG/16) e demolición de construcións (art. 1.4.9. do PXOM/13), no ámbito da Norma zonal 12 "edificación en bloque" e da Norma zonal 6.2 do PXOM/1998 que se atopa incorporada ao PXOM/2013 no API S-35 (Ría do Burgo), sen afectar as obras nas parcelas cualificadas como equipamento.
No ámbito de solo urbano consolidado

Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor la concejala no adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto).

Se contabilizan asimismo las abstenciones de los cinco concejales del Grupo Municipal de la Marea Atlántica, D.ª María García Gómez, D.ª Silvia Cameán Calvete, D. Alberto Lema Suárez, D.ª Claudia Delso Carreira y D. Iago Martínez Durán, de acuerdo con el artículo 100.1 del ROF, por ausentarse del Salón de Sesiones una vez iniciada la deliberación y no estar presentes en el momento de la votación.

Presidencia

Muchas gracias, queda aprobado.

Acuerdo

1.- Aprobar la propuesta de suspensión cautelar de tramitación de instrumentos de planeamiento, equidistribución y urbanización en los siguientes ámbitos del área de planeamiento incorporado API S35 "Ría del Burgo": polígonos y áreas de reparto delimitados en suelo urbano no consolidado, situados al norte del Puente Pasaje (POL RB1, RB2, RB3, RB4, RB5 y RB6).

En el ámbito de suelo urbano consolidado, se suspende las licencias de nueva edificación, parcelación (arts. 148 LSG/16 y 366 RLSG/16) y demolición de construcciones (art. 1.4.9. del PGOM/13), en el ámbito de la Norma zonal 12 "edificación en bloque" y de la Norma zonal 6.2 del PGOM/1998 que se encuentra incorporada al PGOM/2013 en el API S-35 (Ría del Burgo), sin afectar a las obras en las parcelas calificadas como equipamiento.
En el ámbito de suelo urbano consolidado

da Norma zonal nº 13 “solo urbano do núcleo das Xubias de Abaixo” unicamente se suspenden as licenzas de parcelación e demolición das construcións, permitíndose as obras nos edificios (art. 1.4.8 PXOM) e as obras de nova edificación (art. 1.4.10 PXOM) agás as de substitución.

En todos os casos anteriormente sinalados, a suspensión non afectará as obras ou actividades sinaladas no art. 86.3 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que foi aprobado o regulamento da Lei do solo de Galicia.

Xúntase a este acordo a delimitación do ámbito de suspensión grafada no plano que se achega, así como o resumo executivo.

2.- Incoar o expediente de estudo e análise dos parámetros dunha posible modificación puntual do planeamento xeral no ámbito identificado no apartado primeiro, que acolla os criterios do novo modelo territorial sinalado nas disposicións referidas.

3.- Publicar o acordo de suspensión no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión da provincia, así como na sede electrónica do Concello.

4.- Notificar este acordo aos Departamentos municipais implicados na execución do planeamento.

Presidencia

Antes de seguir coa orde do día quero, publicamente e expresamente, pedir desculpas á señora Gallego e a todo o Grupo Popular por se se me entendeu mal a miña anterior intervención. Non trataba de ser prepotente, creo que non o son. Teño moitos defectos, trato de que ese non sexa un deles. En todo

de la Norma zonal nº 13 “suelo urbano del núcleo de las Xubias de Abajo” únicamente se suspenden las licencias de parcelación y demolición de las construcciones, permitiéndose las obras en los edificios (art. 1.4.8 PGOM) y las obras de nueva edificación (art. 1.4.10 PGOM) excepto las de relevo.

En todos los casos anteriormente señalados, la suspensión no afectará a las obras o actividades señaladas en el art. 86.3 del Decreto 143/2016, de 22 de septiembre, por el que fue aprobado el reglamento de la Ley del suelo de Galicia.

Se une a este acuerdo la delimitación del ámbito de suspensión grafiada en el plano que se adjunta, así como el resumen ejecutivo.

2.- Incoar el expediente de estudio y análisis de los parámetros de una posible modificación puntual del planeamiento general en el ámbito identificado en el apartado primero, que acoja los criterios del nuevo modelo territorial señalado en las disposiciones referidas.

3.- Publicar el acuerdo de suspensión en el Diario Oficial de Galicia y en uno de los periódicos de mayor difusión de la provincia, así como en la sede electrónica del Ayuntamiento.

4.- Notificar este acuerdo a los Departamentos municipales implicados en la ejecución del planeamiento.

Presidencia

Antes de seguir con el orden del día quiero, públicamente y expresamente, pedir disculpas a la señora Gallego y a todo el Grupo Popular por si se me entendió mal mi anterior intervención. No trataba de ser prepotente, creo que no lo soy. Tengo muchos defectos, trato de que ese no sea uno de ellos. En todo caso, si

caso, se sonou así ou se vostede o sentiu así, pídolle expresamente desculpas e todos somos humanos, e eu tamén cometo erros, non se volverá a repetir. E sabe, señora Gallego, que ademais de aprecio persoal lle teño moito respecto como concelleira e moita admiración. Así que, síntoo moito se as miñas palabras foron mal interpretadas por vostede e estendo as desculpas ao seu Grupo.

sonó así o si usted lo sintió así, le pido expresamente disculpas y todos somos humanos, y yo también cometo errores, no se volverá a repetir. Y sabe, señora Gallego, que además de aprecio personal le tengo mucho respeto como concejala y mucha admiración. Así que, lo siento mucho si mis palabras fueron mal interpretadas por usted y extiendo las disculpas a su Grupo.

165. Dar conta do Convenio de colaboración entre o Concello da Coruña e a Universidade da Coruña para a definición dunhas liñas estratéxicas para a reordenación da fachada litoral da Cidade da Coruña, subscrito en data 4 de setembro de 2020.

165. Dar cuenta del Convenio de colaboración entre el Ayuntamiento de A Coruña y la Universidad de A Coruña para la definición de unas líneas estratégicas para la reordenación de la fachada litoral de la Ciudad de A Coruña, suscrito en fecha 4 de septiembre de 2020.

Asunto: Dar conta do Convenio de colaboración entre o Concello da Coruña e a Universidade da Coruña para a definición dunhas liñas estratéxicas para a reordenación da fachada litoral da Cidade da Coruña, subscrito en data 4 de setembro de 2020.

Asunto: *Dar cuenta del Convenio de colaboración entre el Ayuntamiento de A Coruña y la Universidad de A Coruña para la definición de unas líneas estratégicas para la reordenación de la fachada litoral de la Ciudad de A Coruña, suscrito en fecha 4 de septiembre de 2020.*

Este asunto foi ditaminado pola Comisión Informativa de Urbanismo e Vivenda en sesión celebrada o día 2 de novembro de 2020, que, unha vez efectuada a deliberación, tomou coñecemento do Convenio de colaboración entre o Concello da Coruña e a Universidade da Coruña para a definición dunhas liñas estratéxicas para a reordenación da fachada litoral da Cidade da Coruña, subscrito en data 4 de setembro de 2020.

Este asunto fue dictaminado por la Comisión Informativa de Urbanismo y Vivienda en sesión celebrada el día 2 de noviembre de 2020, que, una vez efectuada la deliberación, tomó conocimiento del Convenio de colaboración entre el Ayuntamiento de A Coruña y la Universidad de A Coruña para la definición de unas líneas estratégicas para la reordenación de la fachada litoral de la Ciudad de A Coruña, suscrito en fecha 4 de septiembre de 2020.

Presidencia

Presidencia

Asunto número 12 da orde do día. Se retira este asunto da orde do día.

Asunto número 12 del orden del día. Se retira este asunto del orden del día.

II. PARTE NON RESOLUTIVA. CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN:

1º. Toma de coñecemento de resolucións e decretos.

166.- Ter coñecemento de resolucións e decretos.

-Das resolucións da Xunta de Goberno Local, desde a número once mil oitocentas vinte e nove (11.829), do 28 de setembro de 2020, á número trece mil novecentos oito (13.908), do 1 de novembro de 2020.

-E dos decretos da Alcaldía, desde o número seis mil trescentos once (6.311), do 28 de setembro de 2020, ao número sete mil trescentos oito (7.308), do 30 de outubro de 2020.

En cumprimento do previsto no artigo 124-4-h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a dación de conta para a toma de coñecemento da antedita inclúe os decretos ditados pola Alcaldía relacionados coa crise provocada pola COVID-19.

Presidencia

Se lles parece, pasamos a enunciar a parte non resolutiva e dado que son as doce menos dez, facemos a pausa para a ventilación?

Señor Secretario.

Señor Secretario Xeral do Pleno

Si, Parte non resolutiva. Control e seguimento da xestión:

Ter coñecemento:

-Das resolucións da Xunta de Goberno

II. PARTE NO RESOLUTIVA. CONTROL Y SEGUIMIENTO DE LA GESTIÓN:

1º. Toma de conocimiento de resoluciones y decretos.

166.- Tener conocimiento de resoluciones y decretos.

-De las resoluciones de la Junta de Gobierno Local, desde la número once mil ochocientas veintinueve (11.829), de 28 de septiembre de 2020, a la número trece mil novecientos ocho (13.908), de 1 de noviembre de 2020.

-Y de los decretos de la Alcaldía, desde el número seis mil trescientos once (6.311), de 28 de septiembre de 2020, al número siete mil trescientos ocho (7.308), de 30 de octubre de 2020.

En cumplimiento de lo previsto en el artículo 124-4- h) de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, la dación de cuenta para la toma de conocimiento de la antedicha incluye los decretos dictados por la Alcaldía relacionados con la crisis provocada por la COVID-19.

Presidencia

Si les parece, pasamos a enunciar la parte no resolutiva y dado que son las doce menos diez, ¿hacemos la pausa para la ventilación?

Señor Secretario.

Señor Secretario General del Pleno

Sí, Parte no resolutiva. Control y seguimiento de la gestión:

Tomar conocimiento:

-De las resoluciones de la Junta de

Local, desde a número once mil oitocentas vinte e nove (11.829), do 28 de setembro de 2020, á número trece mil novecentos oito (13.908), do 1 de novembro de 2020.

-E dos decretos da Alcaldía, desde o número seis mil trescentos once (6.311), do 28 de setembro de 2020, ao número sete mil trescentos oito (7.308), do 30 de outubro de 2020.

En cumprimento do previsto no artigo 124-4-h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a dación de conta para a toma de coñecemento da antedita inclúe os decretos ditados pola Alcaldía relacionados coa crise provocada pola COVID-19.

Presidencia

Si, ben, pois iniciaríamos dentro de 10 minutos o debate das mocións, comezando o turno o Bloque Nacionalista Galego, e paramos neste momento para ventilar o Salón de Plenos dez minutos.

Moitas grazas.

Ás once horas e cincuenta e dous minutos a Presidencia resolve facer un receso na sesión.

Ás doce horas e catorce minutos retómase a sesión cos mesmos asistentes relacionados ó comezo desta acta.

2º. Mocións

Presidencia

Retomamos a sesión co debate das mocións. Turno para o Bloque Nacionalista Galego coa primeira das súas mocións en defensa da Sanidade

Gobierno Local, desde la número once mil ochocientas veintinueve (11.829), de 28 de septiembre de 2020, a la número trece mil novecientos ocho (13.908), de 1 de noviembre de 2020.

-Y de los decretos de la Alcaldía, desde el número seis mil trescientos once (6.311), de 28 de septiembre de 2020, al número siete mil trescientos ocho (7.308), de 30 de octubre de 2020.

En cumplimiento de lo previsto en el artículo 124-4- h) de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, la dación de cuenta para la toma de conocimiento de la antedicha incluye los decretos dictados por la Alcaldía relacionados con la crisis provocada por la COVID-19.

Presidencia

Sí, bien, pues iniciaríamos dentro de 10 minutos el debate de las mociones, comenzando el turno el Bloque Nacionalista Gallego, y paramos en este momento para ventilar el Salón de Plenos diez minutos.

Muchas gracias.

A las once horas y cincuenta y dos minutos la Presidencia resuelve hacer un receso en la sesión.

A las doce horas y catorce minutos se reanuda la sesión con los mismos asistentes relacionados al comienzo de esta acta.

2º. Mociones

Presidencia

Retomamos la sesión con el debate de las mociones. Turno para el Bloque Nacionalista Galego con la primera de sus mociones en defensa de la Sanidad

Pública, promovida pola plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia.

Señor Jorquera, ten a palabra.

MOCIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)

Primeira. Moción en defensa da Sanidade Pública, promovida pola Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia.

Señor Jorquera Caselas

Moitas grazas.

Efectivamente, a moción que agora debatemos, aínda que o BNG lle dea curso, está promovida pola plataforma SOS Sanidade Pública, que agrupa a distintas forzas políticas, sindicatos e organizacións socio-sanitarias. Y, efectivamente, a sanidade pública lanza un SOS, un sinal de socorro que é necesario atender. A pandemia evidenciou as feblezas do noso sistema sanitario, despois de once anos de continuos recortes e precisamente nun contexto no que o mais necesario que nunca é afortalar o sistema sanitario, a resposta da Xunta está sendo a contraria.

Mentres a Xunta de Galiza apela á crise sanitaria para urxir á firma do convenio do novo CHUAC —como si isto fose China y o novo hospital se fose facer nun mes, e de paso intente impoñer ó Concello unhas condicións totalmente abusivas—, a resposta da Xunta ante a crise sanitaria consiste no seguinte: substituír atención presencial pola atención telefónica, isto é, pola non atención, porque unha enfermidade non pode ser diagnosticada nin tratada eficazmente por teléfono, e así, de paso, se me permiten a ironía, ábrelle camiño

Pública, promovida por la plataforma SOS Sanidad Pública de Galicia.

Señor Jorquera, tiene la palabra.

MOCIONES PRESENTADAS POR El GRUPO MUNICIPAL DEL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)

Primera. Moción en defensa de la Sanidad Pública, promovida por la Plataforma SOS Sanidad Pública de Galicia.

Señor Jorquera Caselas

Muchas gracias.

Efectivamente, la moción que ahora debatimos, aunque el BNG le dé curso, está promovida por la plataforma SOS Sanidad Pública, que agrupa a distintas fuerzas políticas, sindicatos y organizaciones socio-sanitarias. Y, efectivamente, la sanidad pública lanza un SOS, una señal de socorro que es necesario atender. La pandemia evidenció las debilidades de nuestro sistema sanitario, después de once años de continuos recortes y precisamente en un contexto en el que lo más necesario que nunca es fortalecer el sistema sanitario, la respuesta de la Xunta está siendo la contraria.

Mientras la Xunta de Galicia apela a la crisis sanitaria para urgir a la firma del convenio del nuevo CHUAC —como si esto fuera China y el nuevo hospital se fuera a hacer en un mes, y de paso intente imponer al Ayuntamiento unas condiciones totalmente abusivas—, la respuesta de la Xunta ante la crisis sanitaria consiste en lo siguiente: sustituir atención presencial por la atención telefónica, esto es, por la no atención, porque una enfermedad no puede ser diagnosticada ni tratada eficazmente por teléfono, y así, de paso, si me permiten la

a Movistar, que xa viu o novo nicho de negocio e por iso lanza agora "Movistar Salud".

ironía, le abre camino a Movistar, que ya vio el nuevo nicho de negocio y por eso lanza ahora "Movistar Salud".

A resposta da Xunta é tamén pechar consultorios, algúns centros de saúde e puntos de atención continuada ou suspender consultas, probas diagnósticas e intervencións cirúrxicas. De feito, estímase que en Galiza se paralizaron arredor de 3.000 intervencións cirúrxicas, 600.000 consultas e 20.000 probas diagnósticas. E, cales son as consecuencias desta situación? Maior sobrecarga de traballo dos profesionais, tanto de atención primaria como de atención hospitalaria —esta mesma semana, a plantilla do hospital da Coruña denunciaba que estaba ó límite por sobrecarga de traballo, por mor dun déficit histórico de persoal—, sobrecarga tamén na atención telefónica, persoas facendo cola á intemperie para poder acceder a un centro de saúde, listas de espera de semanas, incluso para unha consulta telefónica, doentes crónicos descompensados ou doentes que non son diagnosticados nin tratados a tempo, até o punto de que hai expertos que estiman que se está producindo un incremento da mortalidade de até un 40 % debido a enfermidades non relacionadas coa COVID.

La respuesta de la Xunta es también cerrar consultorios, algunos centros de salud y puntos de atención continuada o suspender consultas, pruebas diagnósticas e intervenciones quirúrgicas. De hecho, se estima que en Galicia se paralizaron alrededor de 3.000 intervenciones quirúrgicas, 600.000 consultas y 20.000 pruebas diagnósticas. Y, ¿cuáles son las consecuencias de esta situación? Mayor sobrecarga de trabajo de los profesionales, tanto de atención primaria como de atención hospitalaria —esta misma semana, la plantilla del hospital de A Coruña denunciaba que estaba al límite por sobrecarga de trabajo, por mor de un déficit histórico de personal—, sobrecarga también en la atención telefónica, personas haciendo cola a la intemperie para poder acceder a un centro de salud, listas de espera de semanas, incluso para una consulta telefónica, enfermos crónicos descompensados o enfermos que no son diagnosticados ni tratados a tiempo, hasta el punto de que hay expertos que estiman que se está produciendo un incremento de la mortalidad de hasta un 40 % debido a enfermedades no relacionadas con la COVID.

Antonte mesmo, o xefe de Oncoloxía do Hospital Clínico de Santiago alertaba de que a COVID podería traer entre un 20 y un 30 % máis de mortalidade por cancro. Y hai outra consecuencia: a deterioración da imaxe da sanidade pública, que fai que cada vez mais xente recorra á sanidade privada y a subscribir seguros sanitarios, mentres a poboación con menos recursos e que non pode recorrer por tanto á sanidade privada está cada vez mais desprotexida. Gostaríanos pensar que precisamente non é isto o

Anteayer mismo, el jefe de Oncología del Hospital Clínico de Santiago alertaba de que la COVID podría traer entre un 20 y un 30 % más de mortalidad por cáncer. Y hay otra consecuencia: la deterioración de la imagen de la sanidad pública, que hace que cada vez más gente recurra a la sanidad privada y a suscribir seguros sanitarios, mientras la población con menos recursos y que no puede recurrir por tanto a la sanidad privada está cada vez más desprotegida. Nos gustaría pensar que precisamente no es esto lo que se busca, que no estamos ante una

que se busca, que non estamos ante unha consecuencia planeada.

En definitiva, esta moción propón desconfinar a sanidade pública, porque a resposta á crise sanitaria non pode ser incrementar as restricións de acceso á asistencia ó sistema sanitario público. Está en xogo a propia pervivencia dun sistema de saúde público universal de calidade, accesíbel y equitativo, y está en xogo a nosa saúde.

Por estas razóns solicitamos o voto favorábel a esta moción.

Moitas grazas.

Presidencia

Moitas grazas señor Jorquera

Pola Marea Atlántica a señora Cameán

Señora Cameán Calvete

Si, moitísimas grazas, moi bo día a todas e a todos.

Ben, xa adiantamos o noso voto favorable a esta moción.

A vida cotiá da xente estase facendo cada día mais insegura, chea de ameazas e tamén de temores: se poderei visitar a familiares, se enfermarei, se terei traballo a final de mes, se poderei pagar o aluguer, se volverán a cambiar as normas. E mentres tanto, mentres a xente agarda de quen goberna que ofreza algo de tranquilidade, algo de seguridade, algo de certezas, e mentres isto acontece nos atopamos con un conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña, que ven de manifestar, hai escasamente uns días, nos medios de comunicación, nunha entrevista, pois cousas como a seguinte, non?: *non vou a cambiar o discurso sobre o número*

consecuencia planeada.

En definitiva, esta moción propone desconfinar la sanidad pública, porque la respuesta a la crisis sanitaria no puede ser incrementar las restricciones de acceso a la asistencia al sistema sanitario público. Está en juego la propia pervivencia de un sistema de salud público universal de calidad, accesible y equitativo, y está en juego nuestra salud.

Por estas razones solicitamos el voto favorable a esta moción.

Muchas gracias.

Presidencia

Nós o que propoñemos hoxe aquí é que a Corporación manifeste o seu apoio a esas demandas e tamén que envíe unha mensaxe de apoio a un sector que o está a pasar mal e, ao mesmo tempo, que nos conxuremos, digamos, neste Salón de Plenos para dar algúns pasos adiante proximamente. Acabamos de aprobar unha moción na que non sabemos se nos comprometemos a ter uns novos orzamentos ou uns modificativos pero, en calquera caso, nos comprometemos a tomar decisións con contido económico. Pois, esta moción vén a dicir que esa é unha das decisións que temos que tomar para paliar en parte algunhas das carencias do PRESCO que teñen que ver coa cultura. Poñámonos a traballar nun plan de choque, no plan de choque que até agora non foi... **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)**... no plan de choque cultural que até agora non foi quen de facer este concello e fagámolo, non só aquí ou non só na Comisión de Facenda, senón nun Consello Municipal da Cultura onde poida estar tamén

Nosotros lo que proponemos hoy aquí es que la Corporación manifieste su apoyo a esas demandas y también que envíe un mensaje de apoyo a un sector que lo está pasando mal y, al mismo tiempo, que nos conjuremos, digamos, en este Salón de Plenos para dar algunos pasos adelante próximamente. Acabamos de aprobar una moción en la que no sabemos si nos comprometemos a tener unos nuevos presupuestos o unos modificativos pero, en cualquier caso, nos comprometemos a tomar decisiones con contenido económico. Pues, esta moción viene a decir que esa es una de las decisiones que tenemos que tomar para paliar en parte algunas de las carencias del PRESCO que tienen que ver con la cultura. Pongámonos a trabajar en un plan de choque, en el plan de choque que hasta ahora no fue... ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)****... en el plan de choque cultural que hasta ahora no fue capaz de hacer este ayuntamiento y hagámoslo, no solo aquí o no solo en la Comisión de Hacienda, sino en un Consejo Municipal de la Cultura*

representado o sector. Creo que aquí seguramente podemos discutir moitas veces sobre quen ten máis experiencia de goberno ou quen o fai mellor ou peor. Creo que ningún e ningunha de nós discutirá que se alguén sabe da cultura é quen traballa a cultura. Escoitemos a quen sabe da cultura, a quen traballa a cultura. Eu percibo e nós percibimos unha extraordinaria disposición a cooperar coas Administracións. Recollamos ese guante, creemos á maior urxencia un consello municipal da cultura, consensuemos aí un plan, **(óense dous sinais indicativos da finalización do tempo de intervención)** dotémolo orzamentariamente e executémolo en 2021, preferiblemente nuns novos orzamentos do Concello da Coruña.

*donde pueda estar también representado el sector. Creo que aquí seguramente podemos discutir muchas veces sobre quién tiene más experiencia de gobierno o quién lo hace mejor o peor. Creo que ninguno y ninguna de nosotros discutirá que si alguien sabe de la cultura es quien trabaja la cultura. Escuchemos a quien sabe de la cultura, a quien trabaja la cultura. Yo percibo y nosotros percibimos una extraordinaria disposición a cooperar con las Administraciones. Recojamos ese guante, creemos a la mayor urgencia un consejo municipal de la cultura, consensuemos ahí un plan, **(se oyen dos señales indicativas de la finalización del tiempo de intervención)** dotémoslo presupuestariamente y ejecutémoslo en 2021, preferiblemente en unos nuevos presupuestos del Ayuntamiento de A Coruña.*

Nada máis. Moitas grazas.

Nada más. Muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Martínez.

Muchas gracias, señor Martínez.

Polo BNG, señora Veira.

Por el BNG, señora Veira.

Ás trece horas e trinta minutos sae do Salón de Sesións o señor Deus Álvarez.

A las trece horas y treinta minutos sale del Salón de Sesiones el señor Deus Álvarez.

Señora Veira González

Señora Veira González

Si. Tal e como vimos de defender na nosa moción sobre cultura e reiteramos, a cultura está en fase de supervivencia. Entendemos que a situación actual de tremendas dificultades que está a vivir a cultura vén derivada da situación xa epidemiolóxica, mais non só. A precariedade, como dicía na defensa da nosa moción, e os recortes derivados da crise de 2008, da suba do IVE cultural aprobada no Goberno Rajoy, do raquítico investimento da Xunta de Galicia en cultura –a cultura representa

Sí. Tal y como acabamos de defender en nuestra moción sobre cultura y reiteramos, la cultura está en fase de supervivencia. Entendemos que la situación actual de tremendas dificultades que está viviendo la cultura viene derivada de la situación ya epidemiológica, pero no solo. La precariedad, como decía en la defensa de nuestra moción, y los recortes derivados de la crisis de 2008, de la subida del IVA cultural aprobada en el Gobierno Rajoy, de la raquítica inversión de la Xunta de

no PIB galego un 1% e, sen embargo, o que inviste a Xunta de Galicia é dun 0,65% nos seus orzamentos, como di o propio Consello da Cultura–, as nulas axudas á creación cultural, o financiamento da compra de libros en español mentres o sector do libro en galego sobrevive –tremendo– pola falta de acubillo da Xunta, o Xacobeo como único santo ao que se encomenda o Goberno de Feijóo dicindo que iso é investimento en cultura, e non só os recortes en si mesmos dos investimentos puramente en cultura, senón que o feito de que en Galiza teñamos as segundas pensións máis baixas do Estado e os salarios máis baixos do Estado tamén retrae e inflúe na capacidade económica das galegas e dos galegos en investir en cultura.

Galicia en cultura –la cultura representa en el PIB gallego un 1% y, sin embargo, lo que invierte la Xunta de Galicia es de un 0,65% en sus presupuestos, como dice el propio Consello da Cultura–, las nulas ayudas a la creación cultural, la financiación de la compra de libros en español mientras el sector del libro en gallego sobrevive –tremendo– por la falta de cobijo de la Xunta, el Xacobeo como único santo al que se encomienda el Gobierno de Feijóo diciendo que eso es inversión en cultura, y no solo los recortes en sí mismos de las inversiones puramente en cultura, sino que el hecho de que en Galicia tengamos las segundas pensiones más bajas del Estado y los salarios más bajos del Estado también retrae e influye en la capacidad económica de las gallegas y de los gallegos en invertir en cultura.

O contexto galego inflúe, e tanto, na situación da cultura na Coruña, para a que é preciso, efectivamente, un plan de choque, pero é que as medidas que se implementen deben ter tamén unha vocación de permanencia, para non termos que ir saltando de plan de choque en plan de choque, de crise en crise, intentando salvar os mobles. Por iso creo que medidas como as que propuxemos na nosa moción se complementan ben con esta moción que propón a Marea Atlántica.

El contexto gallego influye, y tanto, en la situación de la cultura en A Coruña, para la que es preciso, efectivamente, un plan de choque, pero es que las medidas que se implementen deben tener también una vocación de permanencia, para no tener que ir saltando de plan de choque en plan de choque, de crisis en crisis, intentando salvar los muebles. Por eso creo que medidas como las que propusimos en nuestra moción se complementan bien con esta moción que propone la Marea Atlántica.

Por certo, alédanos moitísimo que o Partido Popular faga unha emenda de adición e non de substitución e que complemente a moción da Marea Atlántica, que complementase a nosa propia moción e que se anime a que se declare a cultura como ben de primeira necesidade. Realmente, estou leda disto por este motivo porque, recentemente, no Parlamento galego, a nosa deputada, Mercedes Queixas Zas, defendeu nunha serie de iniciativas, precisamente, que o Parlamento galego declarase a cultura como ben de primeira necesidade e o

Por cierto, nos alegra muchísimo que el Partido Popular haga una enmienda de adición y no de sustitución y que complemente la moción de la Marea Atlántica, que complementara nuestra propia moción y que se anime a que se declare la cultura como bien de primera necesidad. Realmente, estoy contenta de esto por este motivo porque, recientemente, en el Parlamento gallego, nuestra diputada, Mercedes Queixas Zas, defendió en una serie de iniciativas, precisamente, que el Parlamento gallego declarara la cultura como bien de primera

Partido Popular votou en contra. Non estaría de máis que vostedes mandasen recado a San Caetano. Nunca é tarde para rectificar e máis tratándose da situación que ten a cultura hoxe en día. Tamén me parece que chega tarde esta rectificación do Partido Popular a respecto do IVE cultural, cando foi o propio Partido Popular quen implementou esa subida en 2012. E despois de, por certo, votar en contra en 2013, en 2014, en 2015 e en 2016 a iniciativas do propio Bloque Nacionalista Galego no Congreso dos Deputados que, precisamente, instaban á baixa do IVE cultural.

Pero, en fin, non está mal que o propoñan agora e insisto en que me aleda moito a emenda do Partido Popular que non puiden comentar na miña intervención da miña moción e benvidos, pois, a estas iniciativas.

Nada máis.

Presidencia

Moitas grazas, señora Veira.

Polo Grupo Popular, señor Coira.

Señor Coira Andrade

Moitas grazas, novamente. Eu creo que hoxe facemos un bonito titular grazas á cultura: 26 concelleiros do Partido Popular, do PSOE, do Bloque e de Marea Atlántica puxéronse de acordo grazas á cultura para votar todos xuntos a favor de dotala dos recursos necesarios e do apoio necesario para que nunha situación de pandemia sobrevivan.

Con respecto ás cuestións que expón en concreto a moción, pois estamos de acordo nos seis puntos, sete puntos que se nos expoñen. Algúns son reiterados

necesidad y el Partido Popular votó en contra. No estaría de más que ustedes mandaran recado a San Caetano. Nunca es tarde para rectificar y más tratándose de la situación que tiene la cultura hoy en día. También me parece que llega tarde esta rectificación del Partido Popular respecto del IVA cultural, cuando fue el propio Partido Popular quien implementó esa subida en 2012. Y después de, por cierto, votar en contra en 2013, en 2014, en 2015 y en 2016 a iniciativas del propio Bloque Nacionalista Galego en el Congreso de los Diputados que, precisamente, instaban a la baja del IVA cultural.

Pero, en fin, no está mal que lo propongan ahora e insisto en que me alegra mucho la enmienda del Partido Popular que no pude comentar en mi intervención de mi moción y bienvenidos, pues, a estas iniciativas.

Nada más.

Presidencia

Muchas gracias, señora Veira.

Por el Grupo Popular, señor Coira.

Señor Coira Andrade

Muchas gracias, nuevamente. Yo creo que hoy hacemos un bonito titular gracias a la cultura: 26 concejales del Partido Popular, del PSOE, del Bloque y de Marea Atlántica se han puesto de acuerdo gracias a la cultura para votar todos juntos a favor de dotarla de los recursos necesarios y del apoyo necesario para que en una situación de pandemia sobrevivan.

Con respecto a las cuestiones que plantea en concreto la moción, pues estamos de acuerdo en los seis puntos, siete puntos que se nos plantean. Algunos son

con respecto á moción de antes. Estamos de acordo en que temos que poñernos en serio a dialogar co sector. Estamos de acordo en que temos que xa, inmediatamente, non sei como, cando e onde, facer ese plan de choque tan necesario. Primeiro escoitaremos ao sector todos, despois tentaremos buscar todos os recursos necesarios para, a través dun plan de choque, solucionar os problemas perentorios que agora, nesta circunstancia, por iso, nestas circunstancias, si está xustificado nunha situación como a actual pedir a baixada do IVE, do Imposto de Sociedades, porque a situación da cultura está ao límite, e non só da cultura senón do resto doutros moitos sectores da sociedade.

reiterados con respecto a la moción de antes. Estamos de acuerdo en que tenemos que ponernos en serio a dialogar con el sector. Estamos de acuerdo en que tenemos que ya, inmediatamente, no sé cómo, cuándo y dónde, hacer ese plan de choque tan necesario. Primero escucharemos al sector todos, después intentaremos buscar todos los recursos necesarios para, a través de un plan de choque, solucionar los problemas acuciantes que ahora, en esta circunstancia, por eso, en estas circunstancias, sí está justificado en una situación como la actual pedir la bajada del IVA, del Impuesto de Sociedades, porque la situación de la cultura está al límite, y no solo de la cultura sino del resto de otros muchos sectores de la sociedad.

Creo que todas as Administracións Públicas, o Estado –que, desde logo, non estivo á altura das circunstancias, tampouco con este sector–, a Xunta –que polo menos fixo un plan que supón 10 millóns de euros de recursos para o sector cultural, nun plan con obxectivos e situacións moi concretas, definido e traballado co sector que foi presentado no mes de xullo, se non recordo mal–, e creo que no Concello da Coruña, xa descubrimos que co PRESCO na parte cultural quedámonos coxos, co Refresca Coruña –creo que é este programa– que é unha boa iniciativa, quedámonos curtos, creo que hai que ampliar ese proxecto e creo que as reivindicacións do sector do manifesto ao que se fai referencia nesta moción, pois son moi razoables para a situación dramática na que se atopa o sector e que non piden máis que un pouco de claridade á hora de aforos, medidas de seguridade e todas estas cousas nas que calquera de nós nunha situación como esa estariamos de acordo.

Creo que todas las Administraciones Públicas, el Estado que, desde luego, no ha estado a la altura de las circunstancias, tampoco con este sector, la Xunta, que por lo menos ha hecho un plan que supone 10 millones de euros de recursos para el sector cultural, en un plan con objetivos y situaciones muy concretas, definido y trabajado con el sector que fue presentado en el mes de julio, si no recuerdo mal, y creo que el Ayuntamiento de La Coruña, hemos ya descubierto que con el PRESCO la parte cultural nos hemos quedado cojos, con el Refresca Coruña –creo que es este programa– que es una buena iniciativa, nos hemos quedado cortos, creo que hay que ampliar ese proyecto y creo que las reivindicaciones del sector del manifiesto al que se hace referencia en esta moción, pues son muy razonables para la situación dramática en la que se encuentra el sector y que non piden más que un poco de claridad a la hora de aforos, medidas de seguridad y todas estas cosas en las que cualquiera de nosotros en una situación como esa estaríamos de acuerdo.

Insisto, creo que é unha boa noticia que

Insisto, creo que es una buena noticia que

a cultura é capaz de unir a personaxes tan variados como os representados aquí polos diferentes partidos.

Moitas grazas.

Presidencia

Moitas grazas, señor Coira.
Pecha o debate o Grupo Socialista. Señor Lage Tuñas.

Ás trece horas e trinta e seis minutos entra no Salón de Sesións o señor Deus Álvarez.

Señor Lage Tuñas

Grazas, señora alcaldesa.

Bueno, creo que, como xa se debateu na moción que presentou o Bloque Nacionalista Galego, hai un grao de coincidencia amplo entorno aos temas que son de carácter estrutural. Dicía agora o señor Coira que era unha boa noticia. Claro que é unha boa noticia, hai un grao de coincidencia amplo. Agora o que toca é que as administracións que teñen competencias plenas e que ademais deberían de estar centradas nisto, consellerías e direccións xerais e axencias, pois puideran realmente poñer sobre a mesa recursos, cinco meses despois de que o teñamos feito, non o Goberno municipal da Coruña, senón todas e todos os que estamos neste Salón de Plenos, acordando modificacións importantes dun orzamento, sabendo que non é o mesmo administrar 260 millóns de euros que administrar 9.000 millóns de euros, que é o orzamento da Comunidade Autónoma de Galicia. Polo tanto, está moi ben este tipo de declaracións, son importantes. Dígoo por se alguén non se acordaba de cal era o orzamento da Comunidade Autónoma e vou refrescalo, recordalo. Incluso, de

la cultura es capaz de unir a personajes tan variopintos como los representados aquí por los diferentes partidos.

Muchas gracias.

Presidencia

Muchas gracias, señor Coira.
Cierra el debate el Grupo Socialista. Señor Lage Tuñas.

A las trece horas y treinta y seis minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Deus Álvarez.

Señor Lage Tuñas

Gracias, señora alcaldesa.

Bueno, creo que, como ya se debatió en la moción que presentó el Bloque Nacionalista Galego, hay un grado de coincidencia amplio entorno a los temas que son de carácter estructural. Decía ahora el señor Coira que era una buena noticia. Claro que es una buena noticia, hay un grado de coincidencia amplio. Ahora lo que toca es que las administraciones que tienen competencias plenas y que además deberían de estar centradas en esto, consejerías y direcciones generales y agencias, pues pudieran realmente poner sobre la mesa recursos, cinco meses después de que lo hayamos hecho, no el Gobierno municipal de A Coruña, sino todas y todos los que estamos en este Salón de Plenos, acordando modificaciones importantes de un presupuesto, sabiendo que no es lo mismo administrar 260 millones de euros que administrar 9.000 millones de euros, que es el presupuesto de la Comunidad Autónoma de Galicia. Por lo tanto, está muy bien este tipo de declaraciones, son importantes. Lo digo por si alguien no se acordaba de cuál era el presupuesto de la Comunidad Autónoma y lo voy a refrescar, a recordar. Incluso, de quién

quen ten as competencias plenas, porque ás veces estamos tan imbuídos dese espírito vazquista da cidade-estado que xa pensamos que temos nós que reactivar a economía, que non hai administración autonómica, que temos nós que resolver todas as cuestións no ámbito da cultura. Claro que podemos facer unha declaración coincidente. O que non é coincidente, señor Martínez, é, digamos, a visión que vostede expresa con respecto ao plano municipal, por iso non podemos votar a favor desta moción. Ímonos abster. Coincidimos nalgúns dos elementos que vostede expuxo pero nos parecía moito máis acaída a moción defendida polo Bloque Nacionalista Galego, entre outras cuestións porque se sitúa nun terreo bastante construtivo. Aquí non hai nada que estea descabezado, nin nada que estea interino. Aquí hai unha alcaldesa que está ao fronte dunha área moi sensible e que non se escondeu, senón que asumiu en primeira persoa sabendo que era un momento moi difícil e que entendía que tiña que darlle un impulso en primeira persoa.

tiene las competencias plenas, porque a veces estamos tan imbuidos de ese espíritu vazquista de la ciudad-estado que ya pensamos que tenemos nosotros que reactivar la economía, que no hay administración autonómica, que tenemos nosotros que resolver todas las cuestiones en el ámbito de la cultura. Claro que podemos hacer una declaración coincidente. Lo que no es coincidente, señor Martínez, es, digamos, la visión que usted expresa con respecto al plano municipal, por eso no podemos votar a favor de esta moción. Nos vamos a abstener. Coincidimos en algunos de los elementos que usted expuso pero nos parecía mucho más apropiada la moción defendida por el Bloque Nacionalista Galego, entre otras cuestiones porque se sitúa en un terreno bastante constructivo. Aquí no hay nada que esté descabezado, ni nada que esté interino. Aquí hay una alcaldesa que está al frente de un área muy sensible y que no se escondió, sino que asumió en primera persona sabiendo que era un momento muy difícil y que entendía que tenía que darle un impulso en primera persona.

Non estivo, nin está, nin estará descabezado, é dicir, este Goberno tivo un magnífico concelleiro de Cultura, ten unha magnífica alcaldesa que asumiu a Área de Cultura e, polo tanto, o que non imos é a caer en trampas de regate corto. En calquera caso, si que saudamos positivamente, como non pode ser doutro xeito, que teñamos coincidido, como dicía antes o señor Coira, na moción formulada polo BNG e creo que sería bo que todos coincidíramos en poñer gran de area para sacar adiante axudas, iniciativas, propostas que poidan redundar no sector da cultura. Que está pasándoo moi mal? Sen dúbida ningunha. Que dende o Concello se están tomando decisións precisamente para apoialos? Sen dúbida ningunha. Creo que cando

No estuvo, ni está, ni estará descabezado, es decir, este Gobierno tuvo un magnífico concejal de Cultura, tiene una magnífica alcaldesa que asumió el área de Cultura y, por lo tanto, lo que no vamos es a caer en trampas de regate corto. En cualquier caso, sí que saludamos positivamente, como no puede ser de otro modo, que hayamos coincidido, como decía antes el señor Coira, en la moción formulada por el BNG y creo que sería bueno que todos coincidiésemos en poner grano de arena para sacar adelante ayudas, iniciativas, propuestas que puedan redundar en el sector de la cultura. ¿Que está pasándolo muy mal? Sin duda alguna. ¿Que desde el Ayuntamiento se están tomando decisiones precisamente para apoyarlos? Sin duda alguna. Creo que cuando pase algún tiempo podremos hacer recuento y

pase algún tempo poderemos facer reconto e poderemos ver o grao de impacto das axudas municipais en determinados sectores dentro da industria cultura e poderemos ver como teñen actuado outras administracións. O que lles podo dicir a día de hoxe, por poñer un pequeno exemplo, é cando puxemos en marcha os bonos do PRESCO, que é certo que son moi mellorables, que é unha iniciativa pioneira, se falaba moito do sector das librerías, recordo que trouxeron aquí un cento de iniciativas, todas moi opinables. En calquera caso, se nalgún ámbito está tendo éxito este bono cultural é no sector das librarías desta cidade. Por certo, non sabemos onde está a Xunta nin se alguén a espera. Só sabemos que, con este concepto... non sei, fai o señor Fernández Prado xestos, debe ser que quere que lle preste atención, pero...en fin, señor Fernández Prado, obras son amores e non boas razóns. Polo tanto, o PRESCO cultural está tendo impacto **(óese un sinal indicativo da finalización do tempo de intervención)** —remato, señora alcaldesa— e está tendo impacto na economía da cidade e na industria cultura. É suficiente? Non. Se necesitan máis medidas? Si. Contan co Goberno municipal para tomar máis medidas? Tamén. Agora, non estaría de máis que a Xunta de Galicia, por certo, fixera o que lle corresponde, que é ocuparse das políticas culturais.

podremos ver el grado de impacto de las ayudas municipales en determinados sectores dentro de la industria cultura y podremos ver cómo han actuado otras administraciones. Lo que les puedo decir a día de hoy, por poner un pequeño ejemplo, es cuando pusimos en marcha los bonos del PRESCO, que es cierto que son muy mejorables, que es una iniciativa pionera, se hablaba mucho del sector de las librerías, recuerdo que trajeron aquí un ciento de iniciativas, todas muy opinables. En cualquier caso, si en algún ámbito está teniendo éxito este bono cultural es en el sector de las librerías de esta ciudad. Por cierto, no sabemos dónde está la Xunta ni si alguien la espera. Solo sabemos que, con este concepto... no sé, hace el señor Fernández Prado gestos, debe ser que quiere que le preste atención, pero...en fin, señor Fernández Prado, obras son amores y no buenas razones. Por lo tanto, el PRESCO cultural está teniendo impacto ***(se oye una señal indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *—finalizo, señora alcaldesa— y está teniendo impacto en la economía de la ciudad y en la industria cultura. ¿Es suficiente? No. ¿Se necesitan más medidas? Sí. ¿Cuentan con el Gobierno municipal para tomar más medidas? También. Ahora, no estaría de más que la Xunta de Galicia, por cierto, hiciese lo que le corresponde, que es ocuparse de las políticas culturales.*

Presidencia

Moitas grazas, señor Lage.

Procedemos... ah, perdón. Señor Martínez, aceptan a emenda? Si, si, perdón. Se incorpora a emenda e, polo tanto, se vota a moción.

Presidencia

Muchas gracias, señor Lage.

Procedemos... ah, perdón. Señor Martínez, ¿aceptan la enmienda? Sí, sí, perdón. Se incorpora la enmienda y, por lo tanto, se vota la moción.

Votación da segunda moción presentada polo Grupo Municipal da

Votación de la segunda moción presentada por el Grupo Municipal de la

Marea Atlántica (MA) emendada polo Grupo Municipal do Partido Popular (PP)

Seguidamente por parte da Presidencia sométese a votación a segunda moción presentada polo Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA), emendada polo Grupo Municipal do Partido Popular (PP), para a creación dun Consello Local da Cultura e a posta en marcha dun plan de rescate ao sector, producíndose o seguinte resultado:

Abstense o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSOE) (9 abstencións).

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (5 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Abstense a concelleira non adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 abstención).

Presidencia

Moitas grazas. Queda aprobada.

171.- Moción presentada polo Grupo Municipal da Marea Atlántica, para a creación dun Consello Local da Cultura e a posta en marcha dun plan de rescate ao sector, emendada polo Grupo Municipal do Partido Popular.

Acordo

1. Manifestar o apoio unánime do conxunto da Corporación da Coruña aos profesionais e ás profesionais da cultura, un colectivo particularmente

Marea Atlántica (MA) enmendada por el Grupo Municipal del Partido Popular (PP)

Seguidamente por parte de la Presidencia se somete a votación la segunda moción presentada por el Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA), enmendada por el Grupo Municipal del Partido Popular (PP), para la creación de un Consejo Local de la Cultura y la puesta en marcha de un plan de rescate al sector, produciéndose el siguiente resultado:

Se abstiene el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSOE) (9 abstenciones).

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (5 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Se abstiene la concejala no adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 abstención).

Presidencia

Muchas gracias. Queda aprobada.

171.- Moción presentada por el Grupo Municipal de la Marea Atlántica, para la creación de un Consejo Local de la Cultura y la puesta en marcha de un plan de rescate al sector, enmendada por el Grupo Municipal del Partido Popular.

Acuerdo

1. Manifestar el apoyo unánime del conjunto de la Corporación de A Coruña a los profesionales y a las profesionales de la cultura, un colectivo particularmente

golpeado pola crise económica e as restricións derivadas da COVID-19.

2. Secundar as reivindicacións que oito entidades profesionais do cinema, as artes escénicas, a música e a xestión cultural fixeron públicas o pasado 7 de outubro, nas que demandan condicións básicas que fagan compatible o seu traballo coa saúde pública.

3. Instar ao Parlamento de Galicia a declarar a cultura coma un ben de primeira necesidade e a prestarlle a debida atención no debate dos orzamentos para o ano próximo.

4. Instar á alcaldesa a resolver canto antes a situación de interinidade na que se atopa a Área de Cultura, de xeito que o sector dispoña dunha interlocución clara e eficaz e o persoal municipal poda desenvolver as súas funcións sen obstáculos.

5. Instar á alcaldesa a constituír á maior brevidade un Consello Local da Cultura no que estea representado o sector en toda a súa pluralidade, así como os Grupos Municipais que integran a Corporación, e a consensuar co Pleno o seu regulamento.

6. Instar ao Goberno municipal a elaborar nese consello local un plan de choque específico, ambicioso e dotado con recursos para o sector da cultura, a fin de incorporalo aos orzamentos municipais para 2021.

7. Dar traslado destes acordos aos Grupos con representación no Parlamento de Galicia.

8. Elaboración por parte do Concello dun plan de rescate e reactivación do sector cultural que contemple entre outros os seguintes puntos:

golpeado por la crisis económica y las restricciones derivadas de la COVID-19.

2. Secundar las reivindicaciones que ocho entidades profesionales del cine, las artes escénicas, la música y la gestión cultural hicieron públicas el pasado 7 de octubre, en las que demandan condiciones básicas que hagan compatible su trabajo con la salud pública.

3. Instar al Parlamento de Galicia a declarar la cultura como un bien de primera necesidad y a prestarle la debida atención en el debate de los presupuestos para el año próximo.

4. Instar a la alcaldesa a resolver lo antes posible la situación de interinidad en la que se encuentra el área de Cultura, de manera que el sector disponga de una interlocución clara y eficaz y el personal municipal pueda desarrollar sus funciones sin obstáculos.

5. Instar a la alcaldesa a constituir a la mayor brevedad un Consejo Local de la Cultura en el que esté representado el sector en toda su pluralidad, así como los Grupos Municipales que integran la Corporación, y a consensuar con el Pleno su reglamento.

6. Instar al Gobierno municipal a elaborar en ese consejo local un plan de choque específico, ambicioso y dotado con recursos para el sector de la cultura, a fin de incorporarlo a los presupuestos municipales para 2021.

7. Dar traslado de estos acuerdos a los Grupos con representación en el Parlamento de Galicia.

8. Elaboración por parte del Ayuntamiento de un plan de rescate y reactivación del sector cultural que contemple entre otros los siguientes puntos:

a. Cesión de espazos a axentes culturais. Eliminación ou bonificación das taxas e prezos públicos polo uso de espazos culturais municipais destinados a actividades artísticas en especial ordenanza de prezos públicos n°44.

b. Adiantar unha porcentaxe do caché de funcións ou espectáculos aprazados.

c. Programación cultural orientada a compañías locais.

d. Incrementar as axudas e subvencións cunha ampliación do prazo para executar e xustificar.

e. Baixada de impostos e taxas a teatros, cinemas, bares musicais, salas de concertos.

f. Cultura na casa, ofrecer un abanico de opcións culturais a través da web do Concello, visitas virtuais museos, concertos, exposicións, etc.

g. Utilizar o orzamento de Cultura para a cultura.

9. Solicitar ao Goberno de España a redución do IVE para espectáculos culturais.

Presidencia

Última das mocións da Marea Atlántica de compromiso por un pacto antitransfuguismo.

Señora García.

Señora García Gómez

Si, grazas.

O 1 de outubro, a Marea Atlántica presentou un recurso de reposición contra o nomeamento de Mónica

a. Cesión de espacios a agentes culturales. Eliminación o bonificación de las tasas y precios públicos por el uso de espacios culturales municipales destinados a actividades artísticas en especial ordenanza de precios públicos n°44.

b. Adelantar un porcentaje del caché de funciones o espectáculos aplazados.

c. Programación cultural orientada a compañías locales.

d. Incrementar las ayudas y subvenciones con una ampliación del plazo para ejecutar y justificar.

e. Bajada de impuestos y tasas a teatros, cines, bares musicales, salas de conciertos.

f. Cultura en casa, ofrecer un abanico de opciones culturales a través de la web del Ayuntamiento, visitas virtuales museos, conciertos, exposiciones, etc.

g. Utilizar el presupuesto de Cultura para la cultura.

9. Solicitar al Gobierno de España la reducción del IVA para espectáculos culturales.

Presidencia

Última de las mociones de la Marea Atlántica de compromiso por un pacto antitransfuguismo.

Señora García.

Señora García Gómez

Sí, gracias.

El 1 de octubre, la Marea Atlántica presentó un recurso de reposición contra el nombramiento de Mónica Martínez

Martínez como concelleira delegada do goberno de Inés Rey, por consideralo non só unha decisión política pésima que se saltaba o pacto antitransfuguismo, senón porque era manifestamente ilegal.

como concejala delegada del gobierno de Inés Rey, por considerarlo no solo una decisión política pésima que se saltaba el pacto antitransfuguismo, sino porque era manifiestamente ilegal.

O artigo 73.3 da Lei de bases de réxime local establece que os membros das corporacións locais se constituirán en grupos políticos, con excepción de aqueles que non se integren no grupo político que constitúa a formación electoral pola que foron elixidos ou que abandonen o grupo de procedencia. Eses concelleiros terán a consideración de membros non adscritos.

El artículo 73.3 de la Ley de Bases de Régimen Local establece que los miembros de las corporaciones locales se constituirán en grupos políticos, con excepción de aquellos que no se integren en el grupo político que constituya la formación electoral por la que fueron elegidos o que abandonen el grupo de origen. Esos concejales tendrán la consideración de miembros no adscritos.

Os dereitos económicos e políticos, segundo o mesmo artigo da Lei de bases de réxime local, os dereitos económicos e políticos dos membros non adscritos non poderán ser superiores aos que lles terían correspondido de permanecer no grupo de procedencia. E punto. Ou sexa, a Lei de bases de réxime local non fala nin de mocións de censura, nin de se cambian as maiorías, se cambian as proporcións, iso non o menciona. Concelleiros non adscritos non poden incrementar os seus dereitos políticos e económicos.

Los derechos económicos y políticos, según el mismo artículo de la Ley de Bases de Régimen Local, los derechos económicos y políticos de los miembros no adscritos no podrán ser superiores a los que les habrían correspondido de permanecer en el grupo de origen. Y punto. O sea, la Ley de Bases de Régimen Local no habla ni de mociones de censura, ni de si cambian las mayorías, si cambian las proporciones, eso no lo menciona. Concejales no adscritos no pueden incrementar sus derechos políticos y económicos.

Ben, o 26 de outubro, o Tribunal Supremo establece unha sentenza, falla, delimita, interpreta este artigo da Lei de bases de réxime local e delimita os dereitos dos concelleiros e concelleiras non adscritos, e os delimita de maneira idéntica á interpretación que fai a Marea Atlántica. Idéntica porque é a única interpretación posible. E o Tribunal Supremo di así: *Pola contra, o pase á condición de concelleiro non adscrito como consecuencia ou por razón dun suposto de transfuguismo, si impide que se asuman cargos ou que se perciban retribucións que antes non exercía ou percibía e impliquen melloras persoais,*

Bien, el 26 de octubre, el Tribunal Supremo establece una sentencia, falla, delimita, interpreta este artículo de la Ley de Bases de Régimen Local y delimita los derechos de los concejales y concejalas no adscritos, y los delimita de manera idéntica a la interpretación que hace la Marea Atlántica. Idéntica porque es la única interpretación posible. Y el Tribunal Supremo dice así: Por el contrario, el pase a la condición de concejal no adscrito como consecuencia o por razón de un supuesto de transfuguismo, sí impide que se asuman cargos o que se perciban retribuciones que antes no ejercía o percibía e impliquen mejoras personales,

políticas e económicas. Queda excluída desta limitación a incorporación ás comisións informativas. O fallo é directamente aplicable ao nomeamento da señora Martínez xa que queda corroborado un caso de transfuguismo. Mónica Martínez abandona Ciudadanos o 1 de xuño, se manifesta o absoluto desacordo do Partido de orixe, que non só certifica esa baixa da formación electoral de Ciudadanos, senón que lle pide que renuncie á acta e, en escrito ao secretario, pide tamén que se lle retiren os dereitos económicos e políticos que non formen parte do seu núcleo como concelleira.

O percorrido do nomeamento da concelleira de Deportes é absolutamente escandaloso e impropio dun goberno democrático no que a alcaldesa, ademais, é xurista. O 1 de xuño se produce o abandono de Mónica Martínez de Ciudadanos. O 1 de setembro, verán polo medio, se lle nomea como concelleira de goberno.

A Marea Atlántica comeza a preguntar e descubrimos que non existe expediente, que ao longo deses 3 meses nin se iniciou un expediente, nin sobre a baixa de Ciudadanos, nin sobre a disolución do Grupo Mixto, nin sobre o paso de dita concelleira a ser concelleira non adscrita. O único que contamos é con que a alcaldesa, e temos constancia documental, ten coñecemento verbal de dita renuncia pero non lla transmite ao secretario xeral do Pleno.

Ante as nosas preguntas, o expediente comeza a elaborarse sobre a marcha coa señora Martínez xa no Goberno. O 1 de outubro, a Marea Atlántica presenta un recurso de reposición, recurso que, unha vez transcorrido o prazo legal para contestarse, non recibiu aínda contestación do Goberno municipal porque non hai contestación posible que

políticas y económicas. Queda excluida de esta limitación la incorporación a las comisiones informativas. *El fallo es directamente aplicable al nombramiento de la señora Martínez ya que queda corroborado un caso de transfuguismo. Mónica Martínez abandona Ciudadanos el 1 de junio, se manifiesta el absoluto desacuerdo del Partido de origen, que no solo certifica esa baja de la formación electoral de Ciudadanos, sino que le pide que renuncie al acta y, en escrito al secretario, pide también que se le retiren los derechos económicos y políticos que no formen parte de su núcleo como concejala.*

El recorrido del nombramiento de la concejala de Deportes es absolutamente escandaloso e impropio de un gobierno democrático en el que la alcaldesa, además, es jurista. El 1 de junio se produce el abandono de Mónica Martínez de Ciudadanos. El 1 de septiembre, verano de por medio, se le nombra como concejala de gobierno.

La Marea Atlántica comienza a preguntar y descubrimos que no existe expediente, que a lo largo de esos 3 meses ni se inició un expediente, ni sobre la baja de Ciudadanos, ni sobre la disolución del Grupo Mixto, ni sobre el paso de dicha concejala a ser concejala no adscrita. Lo único que contamos es con que la alcaldesa, y tenemos constancia documental, tiene conocimiento verbal de dicha renuncia pero no se la transmite al secretario general del Pleno.

Ante nuestras preguntas, el expediente comienza a elaborarse sobre la marcha con la señora Martínez ya en el Gobierno. El 1 de octubre, la Marea Atlántica presenta un recurso de reposición, recurso que, una vez transcurrido el plazo legal para contestarse, no recibió aún contestación del Gobierno municipal porque no hay contestación posible que

poida explicar o nomeamento de Mónica Martínez como concelleira de Deportes.

O secretario xeral do Pleno recoñece nos seus informes a necesidade de regularizar esta situación, disolver o Grupo Mixto e considerar á señora Martínez concelleira non adscrita. Sobre o seu nomeamento como concelleira non adscrita, concelleira delegada de Deportes, o secretario evita pronunciarse, e non é casualidade tal inhibición, xa que hai aí un argumento de que só vai opinar sobre as decisións do Pleno e non sobre as decisións tomadas pola alcaldesa.

A situación actual é manifestamente irregular. A sentenza do Tribunal Supremo xera xurisprudencia e todos e todas temos a obriga de coñecela e tamén de implementala e tomar as decisións que procedan. O PSOE, por exemplo, en Tenerife, onde alí é damnificado por un caso de transfuguismo, anuncia, tralo fallo do Supremo, accións xudiciais, tanto pola vía contenciosa **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** como pola penal, e non só iso, senón que chega a cuestionar os actos administrativos asinados pola concelleira tránsfuga daquel caso de Tenerife durante todo o seu período de mandato, algo que nos parece preocupante e a ter moi en conta.

Votar en contra desta moción é agochar a cabeza e negar un problema que pode rematar acabando nos tribunais. Absterse nesta moción é ser cómplice dunha situación irregular, se cadra por... **(óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención)**... transfuguismo, por exemplo, recentemente, na provincia de Ourense.

pueda explicar el nombramiento de Mónica Martínez como concejala de Deportes.

El secretario general del Pleno reconoce en sus informes la necesidad de regularizar esta situación, disolver el Grupo Mixto y considerar a la señora Martínez concejala no adscrita. Sobre su nombramiento como concejala no adscrita, concejala delegada de Deportes, el secretario evita pronunciarse, y no es casualidad tal inhibición, ya que hay ahí un argumento de que solo va a opinar sobre las decisiones del Pleno y no sobre las decisiones tomadas por la alcaldesa.

*La situación actual es manifiestamente irregular. La sentencia del Tribunal Supremo genera jurisprudencia y todos y todas tenemos el deber de conocerla y también de implementarla y tomar las decisiones que procedan. El PSOE, por ejemplo, en Tenerife, donde allí es damnificado por un caso de transfuguismo, anuncia, tras el fallo del Supremo, acciones judiciales, tanto por la vía contenciosa **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)** como por la penal, y no solo eso, sino que llega a cuestionar los actos administrativos firmados por la concejala tránsfuga de aquel caso de Tenerife durante todo su período de mandato, algo que nos parece preocupante y a tener muy en cuenta.*

*Votar en contra de esta moción es esconder la cabeza y negar un problema que puede finalizar acabando en los tribunales. Abstenerse en esta moción es ser cómplice de una situación irregular, a lo mejor por... **(se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención)**... transfuguismo, por ejemplo, recientemente, en la provincia de Ourense.*

Unha vergoña para este Concello que non se merece a cidade da Coruña.

Moitas grazas.

Presidencia

Moitas grazas.

Turno para o BNG, señor Jorquera.

Señor Jorquera Caselas

Grazas, señora alcaldesa.

Cando era deputado no Congreso, tocoume en algunha ocasión asistir a reunións do pacto antitransfuguismo. Nesas reunións asistín a debates bochornosos, onde un mesmo partido, á hora de cualificar como transfuguismo os casos que se examinaban, defendía unha cousa ou a contraria en función de se saía ou non beneficiado. Mais alén disto, naquelas reunións a interpretación maioritaria era que, para considerar un caso como transfuguismo, o abandono dun grupo tiña que ir acompañado de tomas de posición que alterasen a maioría gobernante resultante das eleccións. Pero non estamos ante un debate xurídico, estamos ante un debate político. O BNG considera que se una persoa é electa nunha candidatura, o presentábel ética e politicamente é que o abandono desa candidatura conleve a súa dimisión, aínda que esa candidatura sexa a de Ciudadanos que, entre outras cousas, ten defendido a ilegalización dos partidos nacionalistas, entre os cales está incluído, como é obvio, o BNG.

En consecuencia, o BNG sempre reclamou a devolución da acta a concelleiros electos nas súas listas que logo se pasaron a outras formacións, por exemplo, ás mareas municipalistas. Por iso, pese ao respecto persoal que nos merece, discrepamos do

Una vergüenza para este Ayuntamiento que no se merece la ciudad de A Coruña.

Muchas gracias.

Presidencia

Muchas gracias.

Turno para el BNG, señor Jorquera.

Señor Jorquera Caselas

Gracias, señora alcaldesa.

Cuando era diputado en el Congreso, me tocó en alguna ocasión asistir a reuniones del pacto antitransfuguismo. En esas reuniones asistí a debates bochornosos, donde un mismo partido a la hora de calificar como transfuguismo los casos que se examinaban, defendía una cosa o la contraria en función de si salía o no beneficiado. Pero más allá de esto, en aquellas reuniones la interpretación mayoritaria era que, para considerar un caso como transfuguismo, el abandono de un grupo tenía que ir acompañado de tomas de posición que alterasen la mayoría gobernante resultante de las elecciones. Pero no estamos ante un debate jurídico, estamos ante un debate político. El BNG considera que si una persona es electa en una candidatura, lo presentable ética y políticamente es que el abandono de esa candidatura conlleve su dimisión, aunque esa candidatura sea la de Ciudadanos que, entre otras cosas, ha defendido la ilegalización de los partidos nacionalistas, entre los cuales está incluido, como es obvio, el BNG.

En consecuencia, el BNG siempre reclamó la devolución del acta a concejales electos en sus listas que luego se pasaron a otras formaciones, por ejemplo, a las mareas municipalistas. Por eso, pese al respeto personal que nos merece, discrepamos del comportamiento de Mónica Martínez, y

comportamento de Mónica Martínez, e discrepamos tamén da decisión do Grupo Socialista de remodelar o Goberno municipal dando entrada a unha persoa que acababa de abandonar a formación política pola que se presentou ás eleccións.

discrepamos también de la decisión del Grupo Socialista de remodelar el Gobierno municipal dando entrada a una persona que acababa de abandonar la formación política por la que se presentó a las elecciones.

Por estas razóns, imos votar a favor da moción. Pero aínda así, quixera facer varias consideracións. Creo que non é bo que convertamos o Concello nun escenario de "Xogo de tronos", e menos coa que está caendo, cando todos deberiamos estar centrados en facer fronte a esta situación. Por que digo isto? Porque creo que aquí todos entendemos de política, polo menos iso espero. Neste Concello, polo baixo, están pasando moitas cousas. O PSOE remodelou o Goberno por ser consciente das feblezas da súa equipa e do balance de xestión, pero tamén porque entrou en pánico cando pensou que fronte aos seus 9 votos, a dereita podería opoñer 10 se a señora Martínez se aliñaba coas posicións do Partido Popular, un Partido Popular, por certo, que xa vai pola terceira voceira cando non pasou nin ano e medio dende a constitución da Corporación, por moito que lle desexe sorte á señora Rosa Gallego, coa que espero ter a mesma boa relación que tiña co señor Roberto Rodríguez. E como creo que todos entendemos de política, é doado deducir que Marea Atlántica, coa súa ofensiva, está marcando o territorio ante novas fugas e, en particular, a anunciada entrada no Concello de Isabel Faraldo, outra futura concelleira non adscrita.

Por estas razones, vamos a votar a favor de la moción. Pero aun así, quisiera hacer varias consideraciones. Creo que no es bueno que convirtamos el Ayuntamiento en un escenario de "Juego de tronos", y menos con la que está cayendo, cuando todos deberíamos estar centrados en hacer frente a esta situación. ¿Por qué digo esto? Porque creo que aquí todos entendemos de política, por lo menos eso espero. En este Ayuntamiento, por lo bajo, están pasando muchas cosas. El PSOE remodeló el Gobierno por ser consciente de las debilidades de su equipo y del balance de gestión, pero también porque entró en pánico cuando pensó que frente a sus 9 votos, la derecha podría oponer 10 si la señora Martínez se alineaba con las posiciones del Partido Popular, un Partido Popular, por cierto, que ya va por la tercera portavoz cuando no pasó ni año y medio desde la constitución de la Corporación, por mucho que le desee suerte a la señora Rosa Gallego, con la que espero tener la misma buena relación que tenía con el señor Roberto Rodríguez. Y como creo que todos entendemos de política, es fácil deducir que Marea Atlántica, con su ofensiva, está marcando el territorio ante nuevas fugas y, en particular, la anunciada entrada en el Ayuntamiento de Isabel Faraldo, otra futura concejala no adscrita.

En definitiva, nun momento de crise sanitaria, de crise económica e de crise social, o Concello, nunha situación de crecente inestabilidade, e a maioría dos Grupos en situación de práctica interinidade, máis centrados nos seus xogos de tronos que en facer fronte a

En definitiva, en un momento de crisis sanitaria, de crisis económica y de crisis social, el Ayuntamiento, en una situación de creciente inestabilidad, y la mayoría de los Grupos en situación de práctica interinidad, más centrados en sus juegos de tronos que en hacer frente a esta

esta situación. Creo, sinceramente, compañeiros e compañeiras concelleiros e concelleiras, que esta non está sendo a actitude do BNG.

Moitas grazas.

Presidencia

Moitas grazas, señor Jorquera.

Turno para o Partido Popular. Señora Gallego.

Señora Gallego Neira

Moitas grazas e moi brevemente. Eu creo que hai asuntos de cidade moi importantes e a nivel autonómico estamos a vivir un momento tremendo e si é verdade que hai unha sentenza que menciona a Marea Atlántica, que respectamos e acatamos, pero ben, as sentenzas hai que facelas valer nos xulgados. Descoñecemos se é aplicable no caso concreto da señora Martínez, máis aló do que ética, moralmente, politicamente podamos pensar sobre a súa actuación e sobre a súa saída de Ciudadanos. Eu persoalmente faleino con ela e creo que non é cuestión deste Pleno. Non hai ningún informe no expediente que acredite que a sentenza é de aplicación e nós por iso ímonos a abster.

Eu simplemente quería aclarar unha cuestión e é manifestar que non estamos de acordo coas afirmacións que fixo a Marea Atlántica e algún outro partido estes días sobre que isto supón un xiro á dereita do Partido Socialista. O que si supón é unha integración de Ciudadanos no Partido Socialista clara.

E gustaríame, porque é unha noticia de última hora e creo que me queda algo de tempo, e creo que si é importante, si

situación. Creo, sinceramente, compañeros y compañeras concejales y concejalas, que esta no está siendo la actitud del BNG.

Muchas gracias.

Presidencia

Exijan primero a Sánchez el trato que le da a Cataluña, al País Vasco o a Valencia y en el próximo Pleno presenten una moción.
Lo que hacen es renunciar a exigirle al Estado más de 3,2 millones de euros que corresponden a los coruñeses por la liquidación del IVA de 2017 que se contabilizó en 2018 y que se quedó el Gobierno. Las cuantificaciones realizadas superan la cifra de 750 millones de euros, de los que 54 millones corresponden a los 313 ayuntamientos y a las cuatro diputaciones gallegas. En nuestro caso, como ya he dicho, son 3,2 millones. No hay un solo euro incluido en el presupuesto de 2021.

Ás quince horas e trinta e dous minutos sae do Salón de Sesións a señora Veira González.

A las quince horas y treinta y dos minutos sale del Salón de Sesiones la señora Veira González.

A FEGAMP e a FEMP reclamaron en varias ocasións ao Ministerio de Facenda unha solución a esta problemática, asegurando os seus máximos representantes que esta situación non tiña xustificación real ou que xa estamos a falar co Goberno de España e claro que se vai a recuperar o diñeiro do IVE, con todo os meses pasan e nestes momentos os concellos necesitamos, non só recuperar uns ingresos que lexitimamente nos corresponden senón tamén liquidez para facer fronte ás necesidades sanitarias e sociais derivadas da pandemia.

La FEGAMP y la FEMP reclamaron en varias ocasiones al Ministerio de Hacienda una solución a esta problemática, asegurando sus máximos representantes que esta situación no tenía justificación real o que ya estamos hablando con el Gobierno de España y claro que se va a recuperar el dinero del IVA, sin embargo los meses pasan y en estos momentos los ayuntamientos necesitamos, no solo recuperar unos ingresos que legítimamente nos corresponden sino también liquidez para hacer frente a las necesidades sanitarias y sociales derivadas de la pandemia.

Estamos nunha situación inxusta e prexudicial para os municipios galegos, que vemos diminuída a nosa capacidade de financiamento e os nosos recursos.

Estamos en una situación injusta y perjudicial para los municipios gallegos, que vemos disminuida nuestra capacidad de financiación y nuestros recursos.

Non só non nos devolven o que nos deben, senón que pretendían ademais apropiarse dos aforros das Entidades Locais, freado a última hora no Congreso despois de que o Goberno aprobase o Real Decreto confiscatorio en contra dos alcaldes de todas as cores. Está claro que o municipalismo é de segunda para o Partido Socialista e así o demostrou nos orzamentos xerais do Estado que presentou. Son o desquite da ministra Montero contra os alcaldes por non entregar os remanentes. Os concellos van xestionar só o 1 % dos fondos europeos e non hai un fondo novo para os concellos, non se inclúe o IVE de 2017 que reclamamos nesta moción, non aparece un só euro dos 3.000 millóns que Montero prometeu que ía repartir —inicialmente ían ser 5.000 se entregaban os remanentes, pois cero—, dos 400 millóns para o transporte tamén prometidos, cero euros —só hai 10 millóns máis para Valencia—, e todo o que prometeu a ministra Montero vemos que é mentira.

No solo no nos devuelven lo que nos deben, sino que pretendían además apropiarse de los ahorros de las Entidades Locales, frenado a última hora en el Congreso después de que el Gobierno aprobase el Real Decreto confiscatorio en contra de los alcaldes de todos los colores. Está claro que el municipalismo es de segunda para el Partido Socialista y así lo ha demostrado en los presupuestos generales del Estado que ha presentado. Son la revancha de la ministra Montero contra los alcaldes por no entregar los remanentes. Los ayuntamientos van a gestionar solo el 1 % de los fondos europeos y no hay un fondo nuevo para los ayuntamientos, no se incluye el IVA de 2017 que reclamamos en esta moción, no aparece un solo euro de los 3.000 millones que Montero prometió que iba a repartir —inicialmente iban a ser 5.000 si entregaban los remanentes, pues cero—, de los 400 millones para el transporte también prometidos, cero euros —solo hay 10 millones más para Valencia—, y todo lo que prometió la ministra Montero vemos que es mentira.

Desde o Partido Popular solicitouse unha Xunta de Goberno á FEGAMP para emendar os orzamentos ante todas estas inxustizas. Son un absoluto desprezo ao municipalismo. O Goberno optou por deixar sos aos alcaldes, que deron a cara e séguena dando en primeira liña de batalla ante o COVID. Eu creo que como Corporación correspóndenos esixir estas cantidades indebidamente retidas polo Goberno do Estado ao noso Concello.

Desde el Partido Popular se solicitó una Junta de Gobierno a la FEGAMP para enmendar los presupuestos ante todas estas injusticias. Son un absoluto desprecio al municipalismo. El Gobierno ha optado por dejar solos a los alcaldes, que dieron la cara y la siguen dando en primera línea de batalla ante el COVID. Yo creo que como Corporación nos corresponde exigir estas cantidades indebidamente retenidas por el Gobierno del Estado a nuestro Ayuntamiento.

Nada máis e moitas grazas.

Nada más y muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señora Gallego.

Muchas gracias, señora Gallego.

Polo BNG, señor Jorquera.

Por el BNG, señor Jorquera.

Señor Jorquera Caselas

Grazas, señora alcaldesa.

Coincidimos co que propón o Grupo Popular nesta moción e ademais cremos que esta reclamación é aínda máis importante no contexto que estamos vivindo, na que os concellos teñen que actuar como primeiro dique de contención para intentar paliar as consecuencias sociais e económicas da COVID, pero a súa capacidade de intervención pode verse moi limitada por un dos efectos da crise que estamos vivindo: a previsíbel caída das entregas a conta procedentes da participación nos tributos do Estado. Porque ademais na moción non se propón outra cosa que se nos devolva o que é noso, o que por lei corresponde ás Entidades Locais e, no caso que nos ocupa, ó Concello da Coruña.

Como se explica na exposición de motivos, o problema ten a súa orixe nun cambio normativo introducido na Lei do IVE en 2017. A implantación dun novo sistema de xestión baseado no subministro inmediato de información provocou un desprazamento de ingresos do IVE ó exercicio 2018, e como consecuencia diso, no ano 17, o ano de posta en marcha do novo sistema, só se consideraron 11 meses de recadación, dando lugar a unha débeda co conxunto das entidades locais de arredor de 800 millóns de euros, segundo estimacións da propia FEMP, dos que máis de 50 millóns corresponden ás institucións locais galegas. Iso si, lamentamos que o señor Cristóbal Montoro no cambio normativo introducido no 17 non contemplase os axustes necesarios para que este feito non afectase á participación nos ingresos do Estado das Comunidades Autónomas e Entidades Locais. Lamentamos que nin

Señor Jorquera Caselas

Gracias, señora alcaldesa.

Coincidimos con lo que propone el Grupo Popular en esta moción y además creemos que esta reclamación es aún más importante en el contexto que estamos viviendo en el que los ayuntamientos tienen que actuar como primer dique de contención para intentar paliar las consecuencias sociales y económicas de la COVID, pero su capacidad de intervención puede verse muy limitada por uno de los efectos de la crisis que estamos viviendo: la previsible caída de las entregas a cuenta procedentes de la participación en los tributos del Estado. Porque además en la moción no se propone otra cosa que se nos devuelva lo que es nuestro, lo que por ley corresponde a las Entidades Locales y, en el caso que nos ocupa, al Ayuntamiento de A Coruña.

Como se explica en la exposición de motivos, el problema tiene su origen en un cambio normativo introducido en la Ley del IVA en 2017. La implantación de un nuevo sistema de gestión basado en el suministro inmediato de información provocó un desplazamiento de ingresos del IVA al ejercicio 2018, y a consecuencia de eso, en el año 17, el año de puesta en marcha del nuevo sistema, solo se consideraron 11 meses de recaudación, dando lugar a una deuda con el conjunto de las entidades locales de alrededor de 800 millones de euros, según estimaciones de la propia FEMP, de los que más de 50 millones corresponden a las instituciones locales gallegas. Eso sí, lamentamos que el señor Cristóbal Montoro en el cambio normativo introducido en el 17 no contemplara los ajustes necesarios para que este hecho no afectara a la participación en los ingresos del Estado de las Comunidades Autónomas y Entidades Locales.

a Xunta de Galiza nin o Partido Popular de Galiza daquela dixesen nada. Lamentamos tamén que o Goberno Rajoy non contemplase un mecanismo de compensación na Lei de Orzamentos Xerais do Estado de 2018 sen que a Xunta de Galiza e o Partido Popular de Galiza daquela dixesen nada, un mecanismo de compensación que si se contemplaba no Proxecto de orzamentos de 2019, pero que como é sabido non foi aprobado. Do mesmo xeito que lamentamos que a Xunta de Galiza anunciase o inicio de accións legais sen que até agora este anuncio tivese ningunha concreción. Pero —como xa se ten dito neste mesmo salón de plenos— nin Montoro nin Montero, o certo é que o actual Goberno Central tivo tempo para solucionar este problema e seguimos esperando, e seguimos esperando nunha situación na que os concellos necesitan con máis urxencia estes recursos.

Lamentamos que ni la Xunta de Galicia ni el Partido Popular de Galicia en aquel momento dijeran nada. Lamentamos también que el Gobierno Rajoy no contemplara un mecanismo de compensación en la Ley de Presupuestos Generales del Estado de 2018 sin que la Xunta de Galicia y el Partido Popular de Galicia en aquel momento dijeran nada, un mecanismo de compensación que sí se contemplaba en el Proyecto de presupuestos de 2019, pero que como es sabido no fue aprobado. Al igual que lamentamos que la Xunta de Galicia anunciara el inicio de acciones legales sin que hasta ahora este anuncio tuviera ninguna concreción. Pero —como ya se ha dicho en este mismo salón de plenos— ni Montoro ni Montero, lo cierto es que el actual Gobierno Central tuvo tiempo para solucionar este problema y seguimos esperando, y seguimos esperando en una situación en la que los ayuntamientos necesitan con más urgencia estos recursos.

Parécenos razoábel a emenda que presenta o Grupo Socialista. Se non me confundo, recolle un acordo da FEGAMP subscrito por todos os Grupos, ademais da cuestión que suscita o Grupo Popular, reitera a demanda de modificar a lexislación en materia de estabilidade financeira e insta tanto a Xunta como o Goberno Central a habilitar fondos extraordinarios para as Entidades Locais para facer fronte ás necesidades ditadas pola COVID. Por iso imos votar a favor da emenda, pero no caso de que non prospere, aínda así votaremos a favor da moción do Grupo Popular porque estamos de acordo co seu contido, pese á incongruencia do Partido Popular manifestada ó longo destes anos e que acabo de expoñer.

Nos parece razonable la enmienda que presenta el Grupo Socialista. Si no me confundo, recoge un acuerdo de la FEGAMP suscrito por todos los Grupos, además de la cuestión que suscita el Grupo Popular, reitera la demanda de modificar la legislación en materia de estabilidad financiera e insta tanto la Xunta como el Gobierno Central a habilitar fondos extraordinarios para las Entidades Locales para hacer frente a las necesidades dictadas por la COVID. Por eso vamos a votar a favor de la enmienda, pero en caso de que no prospere, aun así votaremos a favor de la moción del Grupo Popular porque estamos de acuerdo con su contenido, pese a la incongruencia del Partido Popular manifestada a lo largo de estos años y que acabo de exponer.

Moitas grazas.

Muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Jorquera.

Pola Marea Atlántica, señor Lema.

Señor Lema Suárez

Nós anunciamos tamén que imos votar a favor da moción no seu contido orixinal exposta polo Partido Popular, non porque discrepemos da emenda presentada polo Partido Socialista. Talvez penso que aplicando de xeito estrito a doutrina establecida hoxe de consecuencia *ad rem*, de consecuencia co asunto, a emenda do Partido Socialista non fala exactamente do mesmo que a moción do Partido Popular, pero bueno, iso xa é un debate xurídico que sen dúbida excede as miñas capacidades e tamén do sentido desta intervención.

Ás quince horas e corenta minutos entra no Salón de Sesións a señora Veira González.

Ben, votamos a favor da moción do Partido Popular aínda que realmente a nós non podo dicir que nos asombre porque a estas alturas poucas cousas nos asombran, pero de algunha maneira si que nos impresiona que o Partido Popular sexa agora un adaíl do municipalismo e da autonomía local cando crearon a gran ferramenta lexislativa de combate á autonomía local como é a Lei de Racionalización e sustentabilidade da Administración Local, a Lei Montoro do ano 2012 con todas aquelas subnormas, teito de gasto, taxa de reposición e demais, que levaron ás Administracións Locais a chegaren a absurdos como estar imposibilitadas legalmente para mobilizar aqueles recursos dos que dispuñan —sendo Administracións solventes e sen ningún tipo de problema financeiro— pois por eses criterios que

Muchas gracias, señor Jorquera.

Por la Marea Atlántica, señor Lema.

Señor Lema Suárez

Nosotros anunciamos también que vamos a votar a favor de la moción en su contenido original expuesta por el Partido Popular, no porque discrepemos de la enmienda presentada por el Partido Socialista. Tal vez creo que aplicando de manera estricta la doctrina establecida hoy de consecuencia "ad rem", de consecuencia con el asunto, la enmienda del Partido Socialista no habla exactamente de lo mismo que la moción del Partido Popular, pero bueno, eso ya es un debate jurídico que sin duda excede mis capacidades y también del sentido de esta intervención.

A las quince horas y cuarenta minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Veira González.

Bien, votamos a favor de la moción del Partido Popular aunque realmente a nosotros no puedo decir que nos asombre porque a estas alturas pocas cosas nos asombran, pero de alguna manera sí que nos impresiona que el Partido Popular sea ahora un adalid del municipalismo y de la autonomía local cuando crearon la gran herramienta legislativa de combate a la autonomía local como es la Ley de Racionalización y sostenibilidad de la Administración Local, la Ley Montoro del año 2012 con todas aquellas subnormas, techo de gasto, tasa de reposición y demás, que llevaron a las Administraciones Locales a llegar a absurdos como estar imposibilitadas legalmente para movilizar aquellos recursos de los que disponían —siendo Administraciones solventes y sin ningún tipo de problema financiero— pues por esos criterios que conocemos: vinculación

coñecemos: vinculación ó período medio de pago a posibilidade de mobilizar o superávit e demais. Ou sexa, toda unha serie de ferrollos e de obstáculos e de atrancos para impedir algo tan simple como que a Administración Local poda facer uso dos seus propios recursos, dos recursos que recadan eles mesmos. Isto é así. Isto, de feito, eu creo que debería suscitar un debate un pouco máis amplo que é se neste momento no Estado o debate se centrou en quen vai capturar os remanentes, os remanentes que atesouraron durante todo este tempo os concellos, se Montoro, se Montero ou o alcalde de cada concello, e se non, e talvez o que faltaba á pregunta anterior é como era posible que houbese toda esa cantidade de capital de crédito sen executar en período de crise, talvez esa fora a gran pregunta que facerse: como se creou toda esa bolsa enorme de capital paralizado incapaz de ser posible que se movese nun momento de crise como a actual. Esta é responsabilidade do Goberno Montoro, ademais de que se lle imputa á Administración Local o custe dunha débeda da que, desde logo, non eran responsables porque eran, dos tres niveis administrativos, o menos endebedado en comparación co estatal ou co autonómico.

al período medio de pago la posibilidad de movilizar el superávit y demás. O sea, toda una serie de cerrojos y de obstáculos y de atrancos para impedir algo tan simple como que la Administración Local pueda hacer uso de sus propios recursos, de los recursos que recaudan ellas mismas. Esto es así. Esto, de hecho, yo creo que debería suscitar un debate un poco más amplio que es si en este momento en el Estado el debate se centró en quien va a capturar los remanentes, los remanentes que atesoraron durante todo este tiempo los ayuntamientos, si Montoro, si Montero o el alcalde de cada ayuntamiento, y si no, y tal vez lo que faltaba a la pregunta anterior es cómo era posible que hubiera toda esa cantidad de capital de crédito sin ejecutar en período de crisis, tal vez esa fuera la gran pregunta que hacerse: cómo se creó toda esa bolsa enorme de capital paralizado incapaz de ser posible que se moviera en un momento de crisis como la actual. Esta es responsabilidad del Gobierno Montoro, además de que se le imputa a la Administración Local el costo de una deuda de la que, desde luego, no eran responsables porque eran, de los tres niveles administrativos el menos endeudado en comparación con el estatal o con el autonómico.

Imos votar a pesar de todo isto porque parécenos que o fondo do asunto que se propón é inapelable. Esperamos así e todo, desde unha perspectiva máis coruñesa, local e municipalista, que o Partido Popular ó mesmo tempo que lle solicita estes tres millóns de euros que nos adebeda o Goberno do Estado, lle solicite tamén outro tipo de investimentos á Xunta de Galicia. Estabamos falando dos adebedados que tampouco sería posible incluír nesta moción, segundo a férrea doutrina establecida hoxe de emenda relacionada co asunto, pero por exemplo a de a

Vamos a votar a pesar de todo esto porque nos parece que el fondo del asunto que se propone es inapelable. Esperamos así y todo, desde una perspectiva más coruñesa, local y municipalista, que el Partido Popular al mismo tiempo que le solicita estos tres millones de euros que nos adeuda el Gobierno del Estado, le solicite también otro tipo de inversiones a la Xunta de Galicia. Estábamos hablando de las deudas que tampoco sería posible incluir en esta moción, según la férrea doctrina establecida hoy de enmienda relacionada con el asunto, pero por ejemplo la de la Orquesta Sinfónica de

Orquestra Sinfónica de Galicia.

Eu creo que é imprescindible que o Partido Popular se poña do lado da cidade neste asunto fronte á Administración da súa mesma cor ou, por exemplo, que ó cabo dos últimos sete anos, oito anos, o único investimento coñecido do Partido Popular na Coruña sexa a pasarela de Marineda que ós seis meses de inaugurala xa precisou, —señor Deus, vostede que é urbanista— xa precisou dun parcheo, non?

Entón, creo que falta que o Partido Popular —non só por unha cuestión de oportunidade, dependendo de se está no Goberno do Estado ou non— se coloque do lado das Administracións Locais, senón aquí, fronte a Administración que vostedes dirixen na Xunta de Galicia, defendan os intereses da Coruña, porque eu creo que iso é algo que se bota moito en falta, tanto na cuestión da Orquestra Sinfónica de Galicia como nos investimentos en infraestruturas do seu Partido na nosa cidade que son, a verdade, ridículos, pésimos. A verdade é que eu creo que é un pouco incomprensible ese temor ou esa dificultade, imposibilidade, que ten o Partido Popular para investir nas grandes cidades galegas, evidentemente por motivos que a ninguén se lle escapan, polo feito de que non gobernan case ningunha delas, ou de feito ningunha agora mesmo, non? Isto é unha situación completamente inxusta, igual que por consecuencia co principio que vostedes defenden aquí, que creo que é inapelable, nós tamén pedimos a vostedes, en consecuencia, cando xurdan outros debates, que defendan que A Coruña reciba os investimentos que lle tocan por parte da Xunta de Galicia.

Nada máis e boas grazas.

Galicia.

Yo creo que es imprescindible que el Partido Popular se ponga del lado de la ciudad en este asunto frente a la Administración de su mismo color o, por ejemplo, que al cabo de los últimos siete años, ocho años, la única inversión conocida del Partido Popular en A Coruña sea la pasarela de Marineda que a los seis meses de inaugurarla ya precisó, —señor Deus, usted que es urbanista— ya precisó de un parcheo, ¿no?

Entonces, creo que falta que el Partido Popular —no solo por una cuestión de oportunidad, dependiendo de si está en el Gobierno del Estado o no— se coloque del lado de las Administraciones Locales, sino aquí, frente a Administración que ustedes dirigen en la Xunta de Galicia, defiendan los intereses de A Coruña, porque yo creo que eso es algo que se echa mucho en falta, tanto en la cuestión de la Orquesta Sinfónica de Galicia como en las inversiones en infraestructuras de su Partido en nuestra ciudad que son, la verdad, ridículos, pésimos. La verdad es que yo creo que es un poco incomprensible ese temor o esa dificultad, imposibilidad, que tiene el Partido Popular para invertir en las grandes ciudades gallegas, evidentemente por motivos que a nadie se le escapan, por el hecho de que no gobiernan casi ninguna de ellas, o de hecho ninguna ahora mismo, ¿no? Esto es una situación completamente injusta, igual que por consecuencia con el principio que ustedes defienden aquí, que creo que es inapelable, nosotros también pedimos a ustedes, en consecuencia, cuando surjan otros debates, que defiendan que A Coruña reciba las inversiones que le tocan por parte de la Xunta de Galicia.

Nada más y buenas gracias.

Presidencia

Moitas grazas, señor Lema.

Señor Lage, polo Grupo Socialista.

Señor Lage Tuñas

Grazas, señora alcaldesa.

En primeiro lugar, a verdade é que quero agradecer —seguro que a señora Gallego está tamén de acordo, pódese estar de acordo nalgunhas cousas, non é pecado—, agradecerlle ó señor Lema... ata diría que o fondo e a forma, aínda que discrepemos. Vexo fai aí unha brincadeira para intentar, bueno, xustificar votar en contra de instar o Goberno da Xunta a habilitar un fondo extraordinario para as Entidades Locais que garanta facer fronte a todas as necesidades postas de manifesto pola crise da COVID-19, pero vese que o seu nivel e a súa elegancia, pois bueno, permite que o debate discorra por outros derroteiros, non?, diferentes dos que se producen noutras ocasións. Sempre é de agradecer e eu creo que non hai por que recoñecelo.

Señora Gallego, dígollo sempre: o problema que teñen vostedes é de coherencia. Non nos van atopar a nós non defendendo que se lle ingrese ó Concello da Coruña o que nos corresponde. Ben é certo que vostede trae aquí a típica moción pantalla, que se remite... digo pantalla si, cámbianlle os ceros e despois todo o demais tarará, tarará... É así, non pasa nada, é dicir: é así, co cal, bueno, está ben. É a favor do Concello da Coruña? Adiante, adiante. Que sucede? Vostede coñece que o pasado día 13 de outubro na Xunta de Voceiros da Federación Galega de Municipios e Provincias, na FEGAMP, e posteriormente ratificado pola

Presidencia

Muchas gracias, señor Lema.

Señor Lage, por el Grupo Socialista.

Señor Lage Tuñas

Gracias, señora alcaldesa.

En primer lugar, la verdad es que quiero agradecer —seguro que la señora Gallego está también de acuerdo, se puede estar de acuerdo en algunas cosas, no es pecado—, agradecerle al señor Lema... hasta diría que el fondo y la forma, aunque discrepemos. Veo que hace ahí una broma para intentar, bueno, justificar votar en contra de instar al Gobierno de la Xunta a habilitar un fondo extraordinario para las Entidades Locales que garantice hacer frente a todas las necesidades puestas de manifiesto por la crisis de la COVID-19, pero se ve que su nivel y su elegancia, pues bueno, permite que el debate discurra por otros derroteros, ¿no?, diferentes de los que se producen en otras ocasiones. Siempre es de agradecer y yo creo que no hay por qué reconocerlo.

Señora Gallego, se lo digo siempre: el problema que tienen ustedes es de coherencia. No nos van a encontrar a nosotros no defendiendo que se le ingrese al Ayuntamiento de A Coruña lo que nos corresponde. Bien es cierto que usted trae aquí la típica moción pantalla, que se remite... digo pantalla sí, le cambian los ceros y después todo lo demás tarará, tarará... Es así, no pasa nada, es decir: es así, con lo cual, bueno, está bien ¿Es a favor del Ayuntamiento de A Coruña? Adelante, adelante ¿Qué sucede? Usted conoce que el pasado día 13 de octubre en la Junta de Portavoces de la Federación Gallega de Municipios y Provincias, en la FEGAMP, y posteriormente ratificado por

Comisión Executiva o día 20 de outubro, se acordou por unanimidade daqueles grupos que temos representación... que é o que se acordou? Pois nin máis nin menos que a emenda que formula este grupo. Claro que vostedes solo falan do do Estado, pero nada impide que se fale do da Xunta de Galicia, non o impide ninguén, nada. Non vin eu ningún informe do secretario que dixera que nas mocións se podía solo falar do punto dous e non do punto un. Digo o señor secretario porque é ó que é xuridicamente, ó que apelamos sempre, non é por metelo neste xardín. O digo porque o señor Lema, para intentar xustificar un pouco a súa boa letra pero ó mesmo tempo para seguir a disciplina férrea que marca a troica, pois claro, é dicir, ten que dicir que, hai que votar en contra. Pois non pasa nada, que vote en contra a Marea de pedirlle á Xunta de Galicia un fondo extraordinario.

la Comisión Ejecutiva el día 20 de octubre, se acordó por unanimidad de aquellos grupos que tenemos representación... ¿Qué es lo que se acordó? Pues nada más y nada menos que la enmienda que formula este grupo. Claro que ustedes solo hablan de lo del Estado, pero nada impide que se hable de lo de la Xunta de Galicia, no lo impide nadie, nada. No vi yo ningún informe del secretario que dijera que en las mociones se podía solo hablar del punto dos y no del punto uno. Digo el señor secretario porque es lo que es jurídicamente, al que apelamos siempre, no es por meterlo en este jardín. Lo digo porque el señor Lema, para intentar justificar un poco su buena letra pero al mismo tiempo para seguir la disciplina férrea que marca la troika, pues claro, es decir, tiene que decir que, hay que votar en contra. Pues no pasa nada, que vote en contra la Marea de pedirle a la Xunta de Galicia un fondo extraordinario.

Nós vamos a votar sempre a favor de pedirlle á Xunta de Galicia e de pedirlle ó Estado. Pero estean tranquilos, o!, se eu os escoito atentamente. Digo isto por si alguén non escoita: me están falando por aquí, por detrás, e se me queren dicir algo... que me parece ben, que poden votar en contra de pedirlle á Xunta, non pasa nada. Nós pedímoslle á Xunta e máis ó Estado, e pedímoslle xustamente o que nos corresponde. Vostede pon unha cifra e nós o que dicimos é que se adopten os acordos tal como teñen manifestado a FEGAMP e a FEMP, onde o Partido Socialista, o Partido Popular e o Bloque Nacionalista Galego teñen coincidido no mesmo. Que non o queren votar? Non pasa nada, nós vamos a votar sempre a favor do Concello da Coruña, vostedes xa non poden dicir o mesmo porque cando lle pedimos que a Xunta pague a débeda coa Orquestra Sinfónica, aí, aí xa se lles foi todo o interese municipal e solo

Nosotros vamos a votar siempre a favor de pedirle a la Xunta de Galicia y de pedirle al Estado. Pero estén tranquilos ¡eh!, si yo los escucho atentamente. Digo esto por sí alguien no oye: me están hablando por aquí, por detrás, y si me quieren decir algo... que me parece bien, que pueden votar en contra de pedirle a la Xunta, no pasa nada. Nosotros le pedimos a la Xunta y al Estado, y le pedimos justamente lo que nos corresponde. Usted pone una cifra y nosotros lo que decimos es que se adopten los acuerdos tal como han manifestado la FEGAMP y la FEMP, donde el Partido Socialista, el Partido Popular y el Bloque Nacionalista Galego han coincidido en lo mismo ¿Que no lo quieren votar? No pasa nada, nosotros vamos a votar siempre a favor del Ayuntamiento de A Coruña, ustedes ya no pueden decir lo mismo porque cuando le pedimos que la Xunta pague la deuda con la Orquesta Sinfónica, ahí, ahí ya se les fue todo el interés municipal y solo

cumpren ferreamente a disciplina posta por Santiago. Bueno, pois por iso precisamente cada un ocupa un lugar diferente.

cumplen férreamente la disciplina puesta por Santiago. Bueno, pues por eso precisamente cada uno ocupa un lugar diferente.

Nada máis e moitas grazas.

Nada más y muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Lage.

Muchas gracias, señor Lage.

A propoñente non acepta a emenda presentada. Imos votar primeiro a emenda e se non prospera se votará a moción.

La proponente no acepta la enmienda presentada. Vamos a votar primero la enmienda y si no prospera se votará la moción.

Votación da emenda de substitución presentada polo Grupo Municipal do Partido Socialista (PSOE) á segunda moción do Grupo Municipal do Partido Popular (PP)

Votación de la enmienda de sustitución presentado por el Grupo Municipal del Partido Socialista a la segunda moción del Grupo Municipal del Partido Popular (PP)

Seguidamente por parte da Presidencia sométese a votación a emenda de substitución presentada polo Grupo Municipal do Partido Socialista á segunda moción do Grupo Municipal do Partido Popular para instar ó Goberno a que ingrese as contías do IVE non liquidadas correspondentes ó exercicio 2017 como consecuencia da implantación do Subministro Inmediato de Información (SII), producíndose o seguinte resultado:

Seguidamente por parte de la Presidencia se somete a votación la enmienda de sustitución presentada por el Grupo Municipal del Partido Socialista a la segunda moción del Grupo Municipal del Partido Popular para instar al Gobierno a que ingrese las cuantías del IVA no liquidadas correspondientes al ejercicio 2017 a consecuencia de la implantación del Suministro Inmediato de Información (SII), produciéndose el siguiente resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSOE) (9 votos)

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSOE) (9 votos)

Vota en contra o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota en contra el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota en contra o Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (5 votos).

Vota en contra el Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (5 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor a concelleira non adscrita

Vota a favor la concejala no adscrita D.ª

D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto).

Presidencia

Ben, queda rexeitada a emenda.

Votación da segunda moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular (PP)

Seguidamente por parte da Presidencia sométese a votación a segunda moción do Grupo Municipal do Partido Popular para instar ó Goberno a que ingrese as contías do IVE non liquidadas correspondentes ó exercicio 2017 como consecuencia da implantación do Subministro Inmediato de Información (SII), producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSOE) (9 votos)

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (5 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto).

Presidencia

Moitas grazas. Queda aprobada por unanimidade.

172. Moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular para instar ó Goberno a que ingrese as contías do IVE non liquidadas correspondentes ó exercicio 2017 como consecuencia da implantación do Subministro Inmediato de

Mónica Martínez Lema (1 voto).

Presidencia

Bien, queda rechazada la enmienda.

Votación de la segunda moción presentada por el Grupo Municipal del Partido Popular (PP)

Seguidamente por parte de la Presidencia se somete a votación la segunda moción del Grupo Municipal del Partido Popular para instar al Gobierno a que ingrese las cuantías del IVA no liquidadas correspondientes al ejercicio 2017 a consecuencia de la implantación del Suministro Inmediato de Información (SII), produciéndose el siguiente resultado:

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSOE) (9 votos)

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (5 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor la concejala no adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto).

Presidencia

Muchas gracias. Queda aprobada por unanimidad.

172. Moción presentada por el Grupo Municipal del Partido Popular para instar al Gobierno a que ingrese las cuantías del IVA no liquidadas correspondientes al ejercicio 2017 a consecuencia de la implantación del Suministro Inmediato de Información

Información (SII).

Acordo

1. Declarar o apoio deste Concello ás reivindicacións da FEGAMP e da FEMP para que o Goberno de España ingrese ás entidades locais as contías do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) non liquidadas correspondentes ao exercicio 2017 como consecuencia da implantación do Subministro inmediato de Información (SII).

2. Instar ao Ministerio de Facenda a que ingrese a este Concello 3.214.092,90 € en concepto de cantidade non liquidada de IVE correspondente ao exercicio 2017 como consecuencia da implantación do Subministro Inmediato de Información (SII).

3. Dar traslado destes acordos ao Ministerio de Facenda, á Xunta de Galicia, á FEGAMP e á FEMP.

Terceira.- Moción sobre actuacións de mobilidade.

Presidencia

Terceira e última moción do Partido Popular sobre actuacións de mobilidade.

Señor Deus.

Señor Deus Álvarez

Grazas, señora Alcaldesa.

En plenos anteriores, cansámonos de advertir das consecuencias de tomar decisións ás costas de veciños e comerciantes nunha materia tan sensible como é a supresión do tráfico, que ademais conleva perda de prazas de aparcamento e limitación de acceso

(SII).

Acuerdo

1. Declarar el apoyo de este Ayuntamiento a las reivindicaciones de la FEGAMP y de la FEMP para que el Gobierno de España ingrese a las entidades locales las cuantías del Impuesto sobre el Valor Añadido (IVA) no liquidadas correspondientes al ejercicio 2017 a consecuencia de la implantación del Suministro Inmediato de Información (SII).

2. Instar al Ministerio de Hacienda a que ingrese a este Ayuntamiento 3.214.092,90 € en concepto de cantidad no liquidada de IVA correspondiente al ejercicio 2017 a consecuencia de la implantación del Suministro Inmediato de Información (SII).

3. Dar traslado de estos acuerdos al Ministerio de Hacienda, a la Xunta de Galicia, a la FEGAMP y a la FEMP.

Tercera.- Moción sobre actuaciones de movilidad.

Presidencia

Tercera y última moción del Partido Popular sobre actuaciones de movilidad.

Señor Deus.

Señor Deus Álvarez

Gracias, señora Alcaldesa.

En plenos anteriores, nos hemos cansado de advertir de las consecuencias de tomar decisiones a espaldas de vecinos y comerciantes en una materia tan sensible como es la supresión del tráfico, que además conlleva pérdida de plazas de aparcamiento y limitación de acceso a las

ás vivendas.

Dicimos si á sustentabilidade, á redución da contaminación, á redución paulatina do uso do vehículo privado, ao fomento do uso do transporte público, con recuperación de espazos para os peóns, pero non así. É bo tomar decisións, pero cousa ben distinta é insistir en ir en sentido contrario a pesar de que lles avisan. Curioso é tamén oír ao BNG que lles causa sorpresa o do termo "paralizar", cando son os expertos en paralizar moitas cousas, entre elas, moitos dos desenvolvementos urbanísticos recolleitos no actual Plan xeral desta cidade.

Estamos de acordo en que non hai que cambiar moitos hábitos... que hai que cambiar moitos hábitos en materia de mobilidade, e van en sentido contrario de novo. Están a impoñer cambios radicais sen consenso. Non teñen máis que ler a prensa e o que piden os veciños e comerciantes desta zona.

Queremos poñer no debate dúas zonas: a rúa Emilia Pardo Bazán e a contorna do mercado de San Agustín. Na rúa Emilia Pardo Bazán, desde o primeiro momento, os residentes mostraron a súa discrepancia coa imposición de pechala ao tráfico, que supuxo a perda de 25 prazas de aparcamento. Unha medida provisional que ía durar ata o 15 de setembro e agora prolóngase ata o 31 de xaneiro. Non sabemos que vai pasar agora co peche da hostalería. É unha zona cunha alta demanda de estacionamento sen que exista unha oferta adecuada de aparcamentos públicos e esta situación agrávase, ademais, porque os edificios non dispoñen de sotos para aparcamento. Pánico éntralles aos residentes pensar nas seguintes actuacións na rúa Pintor Joaquín Vaamonde ou o estudado carril

viviendas.

Decimos sí a la sostenibilidad, a la reducción de la contaminación, a la reducción paulatina del uso del vehículo privado, al fomento del uso del transporte público, con recuperación de espacios para los peatones, pero no así. Es bueno tomar decisiones, pero cosa bien distinta es insistir en ir en sentido contrario a pesar de que les avisan. Curioso es también oír al BNG que les causa sorpresa lo del término "paralizar", cuando son los expertos en paralizar muchas cosas, entre ellas, muchos de los desarrollos urbanísticos recogidos en el actual Plan general de esta ciudad.

Estamos de acuerdo en que no hay que cambiar muchos hábitos… que hay que cambiar muchos hábitos en materia de movilidad, y van en sentido contrario de nuevo. Están imponiendo cambios radicales sin consenso. No tienen más que leer la prensa y lo que piden los vecinos y comerciantes de esta zona.

Queremos poner en el debate dos zonas: la calle Emilia Pardo Bazán y el entorno del mercado de San Agustín. En la calle Emilia Pardo Bazán, desde el primer momento, los residentes han mostrado su discrepancia con la imposición de cerrarla al tráfico, que ha supuesto la pérdida de 25 plazas de aparcamiento. Una medida provisional que iba a durar hasta el 15 de septiembre y ahora se prolonga hasta el 31 de enero. No sabemos qué va a pasar ahora con el cierre de la hostelería. Es una zona con una alta demanda de estacionamiento sin que exista una oferta adecuada de aparcamientos públicos y esta situación se agrava, además, porque los edificios no disponen de sótanos para aparcamiento. Pánico les entra a los residentes pensar en las siguientes actuaciones en la calle Pintor Joaquín Vaamonde o el estudiado carril bus a través de Juan Flórez. Las más

bus a través de Juan Flórez. As máis de 150 firmas de residentes presentadas – seguen sen recibilos, a estes residentes– demándanlles que consideren a súa decisión. Non se trata de enfrontarse aos locais de hostalería, que xa teñen a posibilidade de estender as súas terrazas cara ás prazas de aparcamento.

de 150 firmas de residentes presentadas – siguen sin recibirlos, a estos residentes– les demandan que consideren su decisión. No se trata de enfrentarse a los locales de hostelería, que ya tienen la posibilidad de extender sus terrazas hacia las plazas de aparcamiento.

Outra actuación non menor é a que teñen previsto realizar na contorna do mercado de San Agustín. Comerciantes, veciños e praceiros xa lles trasladaron o seu malestar pola falta de diálogo e polo descoñecemento, si, des-co-ñe- ce-men- to do que pensan levar a cabo: un colapso comercial e vai provocar unha marxinación veciñal. O curioso é a forma que teñen vostedes de maquillar a actuación que queren realizar. Fíxense no que di o proxecto: o proxecto expón unha área de prioridade peonil. A reordenación da mobilidade baséase en tomar medidas con respecto a dous puntos de acceso, a costa de San Agustín e a rúa Marqués de Pontejos. A rúa Marqués de Pontejos debe tender á súa peonalización, eliminando as prazas de ORA exprés existentes. A costa de San Agustín debe permitir unicamente o acceso de vehículos de residentes, garaxes e autorizados e que as prazas de ORA pasen a ser de residentes. Créase unha área de prioridade residencial (APR) que se completa cun sistema automático de control de accesos a esta zona. E como punto de partida exponse un tráfico rodado unicamente vinculado a persoas residentes, carga e descarga, transporte público ou situacións de emerxencia. Isto é o que asusta aos residentes e aos comerciantes da contorna. Están a tempo de rectificar. Piden algo tan sinxelo como intervir na toma de decisións sobre unha actuación que vai afectar á súa vida e ao seu traballo.

Otra actuación no menor es la que tienen previsto realizar en el entorno del mercado de San Agustín. Comerciantes, vecinos y placeros ya les han trasladado su malestar por la falta de diálogo y por el desconocimiento, sí, des-co-no-ci-mien-to de lo que piensan llevar a cabo: un colapso comercial y va a provocar una marginación vecinal. Lo curioso es la forma que tienen ustedes de maquillar la actuación que quieren realizar. Fíjense lo que dice el proyecto: el proyecto plantea un área de prioridad peatonal. La reordenación de la movilidad se basa en tomar medidas con respecto a dos puntos de acceso, la cuesta de San Agustín y la calle Marqués de Pontejos. La calle Marqués de Pontejos debe tender a su peatonalización, eliminando las plazas de la ORA exprés existentes. La cuesta de San Agustín debe permitir únicamente el acceso de vehículos de residentes, garajes y autorizados y que las plazas de la ORA pasen a ser de residentes. Se crea un área de prioridad residencial (APR) que se completa con un sistema automático de control de accesos a esta zona. Y como punto de partida se plantea un tráfico rodado únicamente vinculado a personas residentes, carga y descarga, transporte público o situaciones de emergencia. Esto es lo que asusta a los residentes y a los comerciantes del entorno. Están a tiempo de rectificar. Piden algo tan sencillo como intervenir en la toma de decisiones sobre una actuación que va a afectar a su vida y a su trabajo. Les han ofrecido su colaboración para reconducir el proyecto hacia una solución más adecuada para

Ofrecéronlles a súa colaboración para reconducir o proxecto cara a unha solución máis adecuada para todos.

A nosa cidade, pola súa pequena superficie –e xa estamos fartos de oír o exemplo de Pontevedra, oxalá. Non sei cando en Pontevedra entrarán, a través de Alfonso Molina, 120.000 vehículos diarios á nosa cidade–... A nosa cidade é moi pequena en superficie e ten unhas características moi peculiares, non é Pontevedra. Forma unha península e ten un istmo que o comunica... que comunica co casco... a Cidade Vella. Calquera actuación de mobilidade sen diálogo desde o principio provoca rexeitamento social. É a nosa obrigación poñernos no lugar de veciños ou comerciantes aos que se lles pretende cambiar a súa forma de vida ou os seus hábitos de traballo e incorporar alternativas reais. Se se poñen barreiras ao coche desta maneira para circular e aparcar, o resultado inmediato é que o centro da cidade morre porque a xente que vive na periferia ou nos municipios da área non entrarán na cidade porque buscarán maior comodidade comprando desde casa. Comprarán nos seus centros urbanos locais ou quedarán nos centros comerciais próximos onde aparcar é máis fácil e barato e estou seguro que isto non é o que queremos para a nosa cidade.

Moitas grazas.

Presidencia

Moitas grazas, señor Deus.

Polo Bloque Nacionalista Galego, señora Veira.

Señora Veira González

Si, grazas, señora alcaldesa.

todos.

Nuestra ciudad, por su pequeña superficie –y ya estamos hartos de oír el ejemplo de Pontevedra, ojalá. No sé cuándo en Pontevedra entrarán, a través de Alfonso Molina, 120.000 vehículos diarios a nuestra ciudad–… Nuestra ciudad es muy pequeña en superficie y tiene unas características muy peculiares, no es Pontevedra. Forma una península y tiene un istmo que lo comunica… que comunica con el casco… la Ciudad Vieja. Cualquier actuación de movilidad sin diálogo desde el principio provoca rechazo social. Es nuestra obligación ponernos en el lugar de vecinos o comerciantes a los que se les pretende cambiar su forma de vida o sus hábitos de trabajo e incorporar alternativas reales. Si se ponen barreras al coche de esta manera para circular y aparcar, el resultado inmediato es que el centro de la ciudad se muere porque la gente que vive en la periferia o en los municipios del área no entrarán en la ciudad porque buscarán mayor comodidad comprando desde casa. Comprarán en sus centros urbanos locales o se quedarán en los centros comerciales cercanos donde aparcar es más fácil y barato y estoy seguro que esto no es lo que queremos para nuestra ciudad.

Muchas gracias.

Presidencia

Muchas gracias, señor Dios.

Por el Bloque Nacionalista Galego, señora Veira.

Señora Veira González

Sí, gracias, señora alcaldesa.

Pois, señor Deus, vaille tocar escoitar sobre Pontevedra, que se lle vai facer. Que se lle vai facer? Vaia, temos que aprender dun referente mundial en peonalizacións. Que desgraza! Que desgraza ter en Galiza un referente mundial en peonalizacións! É terrible. Deben de ser vostedes os únicos que non lles agrada semellante cousa. Digo os únicos, o Grupo Municipal do PP aquí na Coruña, porque o portavoz do Partido Popular, nun vídeo, ademais, que foi viral, polo menos por Pontevedra, pouco menos que se enganchou a Lores –cando un aínda se podía acercar ás persoas– e díxolle que, vamos, que tiña Pontevedra que era unha marabilla. Entón... desculpe, señor Deus, estou en uso da palabra. Entón, vamos a ver, Pontevedra é un referente mundial e iso é obxectivo. É un referente mundial porque tiña unha filosofía concreta que, evidentemente, non se pode aplicar mimeticamente en ningunha cidade –só faltaría– porque cada cidade é un mundo, aínda que soe a oxímoro isto, e evidentemente, é un modelo, é un modelo que ten unha idea fundamental que é a racionalización do uso do vehículo privado e a democratización do espazo público. Iso son cuestións que son absolutamente básicas e que nós defendemos, por suposto, para A Coruña. Defendemos, ademais, que se execute en absolutamente toda a cidade, porque é unha cuestión de cohesión social. E fai falta unha política transformadora en materia de mobilidade. Hai que fuxir do curtopracismo, señor Deus, a mobilidade sustentábel non vai de mellorar a circulación. O que se precisa é mudar a pirámide da mobilidade, transformar o espazo público para que a parte máis vulnerábel da mobilidade, que somos as persoas que camiñamos, pois non esteamos –como estamos actualmente– expulsadas do espazo

Pues, señor Deus, le va a tocar escuchar sobre Pontevedra, qué se le va a hacer. ¡Qué se le va a hacer! Vaya, tenemos que aprender de un referente mundial en peatonalizaciones. ¡Qué desgracia! ¡Qué desgracia tener en Galicia un referente mundial en peatonalizaciones! Es terrible. Deben de ser ustedes los únicos a los que no les agrada semejante cosa. Digo los únicos, el Grupo Municipal del PP aquí en A Coruña, porque el portavoz del Partido Popular, en un vídeo, además, que fue viral, por lo menos por Pontevedra, poco menos que se enganchó a Lores –cuando uno aún se podía acercar a las personas– y le dijo que, vamos, que tenía Pontevedra que era una maravilla. Entonces... disculpe, señor Deus, estoy en uso de la palabra. Entonces, vamos a ver, Pontevedra es un referente mundial y eso es objetivo. Es un referente mundial porque tenía una filosofía concreta que, evidentemente, no se puede aplicar miméticamente en ninguna ciudad –solo faltaría– porque cada ciudad es un mundo, aunque suene a oxímoron esto, y evidentemente, es un modelo, es un modelo que tiene una idea fundamental que es la racionalización del uso del vehículo privado y la democratización del espacio público. Eso son cuestiones que son absolutamente básicas y que nosotros defendemos, por supuesto, para Coruña. Defendemos, además, que se ejecute en absolutamente toda la ciudad, porque es una cuestión de cohesión social. Y hace falta una política transformadora en materia de movilidad. Hay que huir del cortoplacismo, señor Deus, la movilidad sustentable no va de mejorar la circulación. Lo que se precisa es cambiar la pirámide de la movilidad, transformar el espacio público para que la parte más vulnerable de la movilidad, que somos las personas que caminamos, pues no estemos –como estamos actualmente– expulsadas del espacio público.

público.

O que pasa, e pasaba en Pontevedra e pasa no mercado de Santo Agostiño, é que hai unha utilización desmesurada do coche, que se utiliza o mercado como unha rotonda, que é un mercado, ademais, que é insigne, que é un edificio, ademais, absolutamente impresionante a nivel arquitectónico e demais que hai que valorar. Ben, pois a cuestión é que a utilización indebida do vehículo privado e a utilización masiva do vehículo privado sen racionalizar o que fai é que haxa ocupacións indebidas dos espazos reservados a persoas con diversidade funcional, a carga e descarga, ao uso non rotatorio da ORA, ou mesmo a invasión de beirarrúas. E que pasa? Que ao final as persoas que camiñamos, pois, o que sentimos é un perigo constante da invasión do noso espazo por parte dos coches.

Lo que pasa, y pasaba en Pontevedra y pasa en el mercado de San Agustí, es que hay una utilización desmesurada del coche, que se utiliza el mercado como una rotonda, que es un mercado, además, que es insigne, que es un edificio, además, absolutamente impresionante a nivel arquitectónico y demás que hay que valorar. Bien, pues la cuestión es que la utilización indebida del vehículo privado y la utilización masiva del vehículo privado sin racionalizar lo que hace es que haya ocupaciones indebidas de los espacios reservados a personas con diversidad funcional, la carga y descarga, al uso no rotatorio de la ORA, o incluso la invasión de aceras. ¿Y qué pasa? Que al final las personas que caminamos, pues, lo que sentimos es un peligro constante de la invasión de nuestro espacio por parte de los coches.

Ás quince horas e cincuenta e sete minutos sae do Salón de Sesións o señor Jorquera Caselas.

A las quince horas y cincuenta y siete minutos sale del Salón de Sesiones el señor Jorquera Caselas.

Do que se trata é de que a cidade estea feita á medida das persoas e das persoas con capacidades distintas a nivel funcional. Que os maiores, as nenas, os nenos, as mulleres embarazadas, as que empurramos carros e empurramos tamén cadeiras, ou as persoas que simplemente van á compra. Se a cidade é máis útil para as persoas máis débiles, a cidade será útil para absolutamente o conxunto da sociedade. Un espazo público gañado ao coche é un espazo de encontro, de cohesión social, de convivencia, de reparar en que non vamos sós no mundo dentro dun coche, senón que hai máis xente na cidade, e a única maneira de acadalo é que progresivamente a cidade se vaia adaptando á nova realidade, ampliando beirarrúas, establecendo plataformas únicas para que coexistan os diferentes

De lo que se trata es que la ciudad esté hecha a la medida de las personas y de las personas con capacidades distintas a nivel funcional. Que los mayores, las niñas, los niños, las mujeres embarazadas, las que empujamos carros y empujamos también sillas, o las personas que simplemente van a la compra. Si la ciudad es más útil para las personas más débiles, la ciudad será útil para absolutamente el conjunto de la sociedad. Un espacio público ganado al coche es un espacio de encuentro, de cohesión social, de convivencia, de reparar en que no vamos solos en el mundo dentro de un coche, sino que hay más gente en la ciudad, y la única manera de conseguirlo es que progresivamente la ciudad se vaya adaptando a la nueva realidad, ampliando aceras, estableciendo plataformas únicas para que coexistan los diferentes modos de transporte de manera

modos de transporte de xeito harmónico, eliminando semáforos tamén, elevando os pasos peonís... un montón de medidas: accesibilidade universal, liberar espazos que ocupaban os coches. É unha cuestión de saúde pública, porque se camiñamos máis, se hai menos coches, camiñamos máis e respiramos menos CO_2, e iso tamén é fundamental para a saúde, pero se temos máis espazo público tamén podemos garantir máis as distancias de seguridade. Non sei, estamos en plena pandemia, necesitamos máis espazo para camiñar, máis espazo tamén para as actividades comerciais. Eu creo, eu creo que os coches non entran dentro dos establecementos, entran as persoas, e entran as persoas que camiñan, e só se camiñamos vemos os establecementos da nosa cidade. Pero é que ademais, nós como corporación, estamos obrigados a camiñar cara a diminución da utilización do transporte privado e cara a implementar novos modelos de transporte porque aí está o cambio climático tamén. É un clásico e... **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)**... tampouco é ningunha noticia rompedora que o Partido Popular, que non é a primeira vez que se opón a peonalizacións, pois traia mocións deste tipo.

armónica, eliminando semáforos también, elevando los pasos peatonales... un montón de medidas: accesibilidad universal, liberar espacios que ocupaban los coches. Es una cuestión de salud pública, porque si caminamos más, si hay menos coches, caminamos más y respiramos menos CO_2, y eso también es fundamental para la salud, pero si tenemos más espacio público también podemos garantizar más las distancias de seguridad. No sé, estamos en plena pandemia, necesitamos más espacio para caminar, más espacio también para las actividades comerciales. Yo creo, yo creo que los coches no entran dentro de los establecimientos, entran las personas, y entran las personas que caminan, y solo si caminamos vemos los establecimientos de nuestra ciudad. Pero es que además, nosotros como corporación, estamos obligados a caminar hacia la disminución de la utilización del transporte privado y hacia implementar nuevos modelos de transporte porque ahí está el cambio climático también. Es un clásico y... ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)****... tampoco es ninguna noticia rompedora que el Partido Popular, que no es la primera vez que se opone a peatonalizaciones, pues traiga mociones de este tipo.*

Nós non estamos de acordo coa moción. Podemos aceptar a emenda do PSOE porque, efectivamente, en Pontevedra, señor Deus, aínda que lle molesta, se traballou coa xente, fixéronse asembleas veciñais, asembleas abertas e consensuáronse os proxectos e as propostas. E iso é fundamental. **(Óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención).** Niso si que estamos de acordo, por iso si votaremos a favor da emenda do PSOE.

Nosotros no estamos de acuerdo con la moción. Podemos aceptar la enmienda del PSOE porque, efectivamente, en Pontevedra, señor Deus, aunque le molesta, se trabajó con la gente, se hicieron asambleas vecinales, asambleas abiertas y se consensuaron los proyectos y las propuestas. Y eso es fundamental. ***(Se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención).*** *En eso sí que estamos de acuerdo, por eso sí votaremos a favor de la enmienda del PSOE.*

Presidencia

Moitas grazas, señora Veira.

Pola Marea Atlántica, señora Delso.

Señora Delso Carreira

Si. Moi boa tarde a todas as compañeiras e compañeiros de Corporación, funcionarios públicos e traballadores dos medios de comunicación e ás persoas que nos seguides dende a tribuna e dende o *streaming.*

Nós tampouco estamos de acordo coa moción e teño que dicirlle, señor Deus, que nos sorprendeu, a verdade. Sorprende por negacionista, por insistir en algo que xa case ninguén defende. Recuperar o espazo para o vehículo privado reducindo espazo para os peóns. Sorprende porque saben perfectamente que o camiño é necesariamente o contrario. Xa leva tempo séndoo, pero tal e como dicía a compañeira Veira, que subscribo o que acaba de dicir, agora é imperativo. E o di toda a normativa europea que o colle como referencia e o di tamén o sentido común. É precisamente pola configuración da nosa cidade que é fundamental avanzar na dirección das peonalizacións, no fomento do transporte público, da mobilidade ciclista, da democratización do espazo público, etc. E a norma, tanto europea como estatal, tamén di que estas intervencións no espazo público en mobilidade, e en xeral as políticas públicas, deben ser participadas pola veciñanza. Logo falaremos diso. E aí teño que dicirlle que estou de acordo. Estamos de acordo con que o Goberno local ten que dialogar coa veciñanza, ten que dialogar máis, ten que saír dos despachos e baixar aos barrios e consensuar con eles as intervencións no

Presidencia

Muchas gracias, señora Veira.

Por la Marea Atlántica, señora Delso.

Señora Delso Carreira

Sí. Muy buenas tardes a todas las compañeras y compañeros de Corporación, funcionarios públicos y trabajadores de los medios de comunicación y a las personas que nos seguís desde la tribuna y en directo.

Nosotros tampoco estamos de acuerdo con la moción y tengo que decirle, señor Deus, que nos sorprendió, la verdad. Sorprende por negacionista, por insistir en algo que ya casi nadie defiende. Recuperar el espacio para el vehículo privado reduciendo espacio para los peatones. Sorprende porque saben perfectamente que el camino es necesariamente el contrario. Ya lleva tiempo siéndolo, pero tal y como decía la compañera Veira, que suscribo lo que acaba de decir, ahora es imperativo. Y lo dice toda la normativa europea que lo toma como referencia y lo dice también el sentido común. Es precisamente por la configuración de nuestra ciudad que es fundamental avanzar en la dirección de las peatonalizaciones, en el fomento del transporte público, de la movilidad ciclista, de la democratización del espacio público, etc. Y la norma, tanto europea como estatal, también dice que estas intervenciones en el espacio público en movilidad, y en general las políticas públicas, deben ser participadas por el vecindario. Luego hablaremos de eso. Y ahí tengo que decirle que estoy de acuerdo. Estamos de acuerdo con que el Gobierno local tiene que dialogar con el vecindario, tiene que dialogar más, tiene que salir de los despachos y bajar a los barrios y consensuar con ellos las

espazo público e ten que facelo antes de aprobar e antes de executar os proxectos, como fixemos, por certo, durante anos dende o Goberno da Marea Atlántica, con centos de intervencións no espazo público deseñadas e consensuadas coa veciñanza, dende a praza da Tolerancia, a peonalización da Marola, as escaleiras de Adelaida Muro, o camiño peonil da Falperra. Lembra, señor Deus? Cando vostede estaba do outro lado na entidade veciñal e pediron a través dos orzamentos participativos aquela conexión peonil entre a Falperra e a ronda de Nelle? Pedírono, consensuamos con vós aquela intervención e así creo que é como teñen que facerse as políticas públicas. Pero paralizar peonalizacións simplemente polo afán de retroceder anos no tempo e defender posicións reaccionarias, señor Deus, non. Por iso non podemos apoiar esta moción. Apoiaríamos a emenda do Partido Socialista, e tamén porque o proxecto de reurbanización do entorno do mercado de San Agustín é un proxecto necesario, ademais de ser un proxecto financiado con fondos europeos, por certo, conseguidos polo tan denostado Goberno da Marea Atlántica.

intervenciones en el espacio público y tiene que hacerlo antes de aprobar y antes de ejecutar los proyectos, como hicimos, por cierto, durante años desde el Gobierno de la Marea Atlántica, con cientos de intervenciones en el espacio público diseñadas y consensuadas con el vecindario, desde la plaza de la Tolerancia, la peatonalización de la Marola, las escaleras de Adelaida Muro, el camino peatonal de la Falperra. ¿Recuerda, señor Deus, cuando usted estaba del otro lado en la entidad vecinal y pidieron a través de los presupuestos participativos aquella conexión peatonal entre la Falperra y la ronda de Nelle? Lo pidieron, consensuamos con vosotros aquella intervención y así creo que es como tienen que hacerse las políticas públicas. Pero paralizar peatonalizaciones simplemente por el afán de retroceder años en el tiempo y defender posiciones reaccionarias, señor Deus, no. Por eso no podemos apoyar esta moción. Apoyaríamos la enmienda del Partido Socialista, y también porque el proyecto de reurbanización del entorno del mercado de San Agustín es un proyecto necesario, además de ser un proyecto financiado con fondos europeos, por cierto, conseguidos por el tan denostado Gobierno de la Marea Atlántica.

No caso concreto do entorno de San Agustín, é un proxecto que melloraría a calidade urbana e revitalizaría o entorno do mercado que está, bueno, pois chamado a ser un elemento tractor dentro do barrio, e que se o Goberno local non modificou constaría de varias fases, entre elas o plan recollido no PEPRI de conectar esta zona con Panaderas a través da adquisición do inmoble propiedade do Arzobispado de Oviedo, situado na rúa Pío XII e cuxos trámites deixamos encauzados, o que permitiría, entre outras cousas, ter conexión co aparcamento do Papagaio para que, tanto o vecindario como as

En el caso concreto del entorno de San Agustín, es un proyecto que mejoraría la calidad urbana y revitalizaría el entorno del mercado que está, bueno, pues llamado a ser un elemento tractor dentro del barrio, y que si el Gobierno local no modificó constaría de varias fases, entre ellas el plan recogido en el PEPRI de conectar esta zona con Panaderas a través de la adquisición del inmueble propiedad del Arzobispado de Oviedo, situado en la calle Pío XII y cuyos trámites dejamos encauzados, lo que permitiría, entre otras cosas, tener conexión con el aparcamiento del Papagayo para que, tanto el vecindario como las personas usuarias,

persoas usuarias, puidesen utilizalo e suplir así a eliminación das prazas de aparcamento no entorno do mercado.

Agora ben, señor Villoslada, esta cidade é moi pequena, e tamén hai que dicilo, vostedes non están tocando un só barrio coas intervencións de mobilidade que están realizando. Non hai no Goberno socialista ningunha medida de mobilidade que afecte ao 75 % da poboación. Vostedes están realizando intervencións para unha minoría. Só pequenas peonalizacións no centro urbano, San Agustín, os Cantóns, Emilia Pardo Bazán... nin sequera resolven as demandas de mobilidade e de mellora do transporte público que son un clamor nos distintos barrios da cidade. Señor Villoslada, non están dándolles solución á maioría dos barrios, están desatendendo á maioría dos coruñeses e coruñesas. Non hai solucións nin melloras para a xente que non vive en Emilia Pardo Bazán nin no entorno de San Agustín. A Coruña é moito máis que o centro. Dialoguen e atendan aos barrios.

Máis nada, moitas grazas.

Presidencia

Moitas grazas, señora Delso.

Pecha o debate o señor Díaz Villoslada.

Señor Díaz Villoslada

Si. Señor Deus, vaia visión tan apocalíptica que nos acaba de presentar da cidade, non? Con esa visión apocalíptica eu non creo que, por suposto Pontevedra, pero Bilbao, Vitoria, Zaragoza, Valencia, Valladolid, sen saír outras cidades europeas, con esa visión estean levando adiante políticas novas en materia de sostibilidade urbana. Creo que hai,

pudieran utilizarlo y suplir así la eliminación de las plazas de aparcamiento en el entorno del mercado.

Ahora bien, señor Villoslada, esta ciudad es muy pequeña, y también hay que decirlo, ustedes no están tocando un solo barrio con las intervenciones de movilidad que están realizando. No hay en el Gobierno socialista ninguna medida de movilidad que afecte al 75 % de la población. Ustedes están realizando intervenciones para una minoría. Solo pequeñas peatonalizaciones en el casco urbano, San Agustín, los Cantones, Emilia Pardo Bazán... ni siquiera resuelven las demandas de movilidad y de mejora del transporte público que son un clamor en los distintos barrios de la ciudad. Señor Villoslada, no están dándoles solución a la mayoría de los barrios, están desatendiendo a la mayoría de los coruñeses y coruñesas. No hay soluciones ni mejoras para la gente que no vive en Emilia Pardo Bazán ni en el entorno de San Agustín. A Coruña es mucho más que el centro. Dialoguen y atiendan a los barrios.

Nada más, muchas gracias.

Presidencia

Muchas gracias, señora Delso.

Cierra el debate el señor Díaz Villoslada.

Señor Díaz Villoslada

Sí. Señor Deus, vaya visión tan apocalíptica que nos acaba de presentar de la ciudad, ¿no? Con esa visión apocalíptica yo no creo que, por supuesto Pontevedra, pero Bilbao, Vitoria, Zaragoza, Valencia, Valladolid, sin salir otras ciudades europeas, con esa visión estén llevando adelante políticas nuevas en materia de sostenibilidad urbana. Creo que hay, supongo... yo creo que siguen

supoño... eu creo que seguen ancorados nesa visión incluso negacionista que se comentaba por parte agora da señora Delso, e incluso absolutamente obsoleta. Vostedes asinaron conxuntamente con todos os Grupos políticos municipais a Declaración por unha mobilidade urbana máis sustentable, en outubro do ano pasado, pero aínda é o día de hoxe que non coñezo unha moción ou unha pregunta do Partido Popular construtiva en materia de mobilidade. Se ese é o compromiso do Partido Popular nunha época, ademais, ademais coa pandemia, na que necesitamos unha mellora substancial do espazo público, necesitamos —por mandatos que ademais van ser legais—, reducir as emisións de CO_2, necesitamos minorar as emisións de ruído, necesitamos cambiar moitas das políticas de mobilidade.

anclados en esa visión incluso negacionista que se comentaba por parte ahora de la señora Delso, e incluso absolutamente obsoleta. Ustedes firmaron conjuntamente con todos los Grupos políticos municipales la Declaración por una movilidad urbana más sostenible, en octubre del año pasado, pero aún es el día de hoy que no conozco una moción o una pregunta del Partido Popular constructiva en materia de movilidad. Si ese es el compromiso del Partido Popular en una época, además, además con la pandemia, en la que necesitamos una mejora sustancial del espacio público, necesitamos —por mandatos que además van a ser legales—, reducir las emisiones de CO2, necesitamos aminorar las emisiones de ruido, necesitamos cambiar muchas de las políticas de movilidad.

Ás dezaseis horas e catro minutos entra no Salón de Sesións o señor Jorquera Caselas.

A las dieciséis horas y cuatro minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Jorquera Caselas.

E vostedes, polo que parece, non están aí, e incluso están a utilizar algúns aspectos parciais para tratar —vouno dicir— de incendiar onde non hai incendio, evidentemente, ou de meter avespas onde non debe de habelas e incluso para tratar de torpedear ou de parar proxectos importantes para o centro e para os barrios, para os barrios e para o centro. Porque para cada un, o seu barrio, o seu centro é onde vive, co cal ten a mesma importancia. Entón, eu creo que nesa dinámica, señor Deus, se están a equivocar. Porque mire, no mercado de San Agustín, concretamente, na obra de adecuación do entorno do mercado de San Agustín estivemos falando en moitas ocasións cos distintos sectores afectados e seguiremos falando cos sectores afectados, tanto coas praceiras, tanto

Y ustedes, por lo que parece, no están ahí, e incluso están utilizando algunos aspectos parciales para tratar —voy a decirlo— de incendiar donde no hay incendio, evidentemente, o de meter avispas donde no debe de haberlas e incluso para tratar de torpedear o de parar proyectos importantes para el centro y para los barrios, para los barrios y para el centro. Porque para cada uno, su barrio, su centro es donde vive, con lo cual tiene la misma importancia. Entonces, yo creo que en esa dinámica, señor Deus, se están equivocando. Porque mire, en el mercado de San Agustín, concretamente, en la obra de adecuación del entorno del mercado de San Agustín estuvimos hablando en muchas ocasiones con los distintos sectores afectados y seguiremos hablando con los sectores afectados, tanto con las placeras, tanto

cos veciños, tanto cos comerciantes, como xa sabe perfectamente se tivo ocasión de ver o proxecto que, por certo, ten fondos europeos que hai que xestionar, é un proxecto totalmente flexible e independente, podemos dicir, das políticas de mobilidade que se apliquen. Entón non pretendan parar un proxecto fundamental para renovar o entorno, non só do mercado de San Agustín, senón de toda a contorna neste ámbito da Cidade Vella.

Por certo, as directrices en materia de mobilidade que acaba de citar veñen predeterminadas polo PEPRI e vostede o sabe perfectamente, e o PEPRI foi aprobado polo Partido Popular. Si. Foi aprobado polo Partido Popular. As determinacións do PEPRI son as que se están incorporando ao proxecto do mercado de San Agustín. É máis, esta semana acabamos de recibir o informe favorable de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia. Iso quere dicir que ten todas as bendicións, por dicilo de algunha forma, da administración que vela pola protección do patrimonio cultural, tamén, da nosa cidade xunto co Concello. Pero sabe perfectamente no proxecto que melloramos a zona de carga e descarga, sabe perfectamente que incluímos prazas para residentes que hoxe non existen. Hoxe non hai no entorno do mercado de San Agustín prazas de residentes. Os residentes, os veciños de San Agustín van a estar en contra de dispoñer por unha vez de prazas de aparcamento? Prevemos prazas exprés e prazas de aparcamento para as praceiras. Entón, non sei a quen queren realmente enganar. E, incluso, hai un proxecto previsto que queremos evidentemente poñer en marcha, como é o da conexión entre San Agustín e Panadeiras a través da servidume que establece o propio PEPRI.

con los vecinos, tanto con los comerciantes, como ya sabe perfectamente si tuvo ocasión de ver el proyecto que, por cierto, tiene fondos europeos que hay que gestionar, es un proyecto totalmente flexible e independiente, podemos decir, de las políticas de movilidad que se apliquen. Entonces no pretendan parar un proyecto fundamental para renovar el entorno, no solo del mercado de San Agustín, sino de todo el entorno en este ámbito de la Ciudad Vieja.

Por cierto, las directrices en materia de movilidad que acaba de citar vienen predeterminadas por el PEPRI y usted lo sabe perfectamente, y el PEPRI fue aprobado por el Partido Popular. Sí. Fue aprobado por el Partido Popular. Las determinaciones del PEPRI son las que se están incorporando al proyecto del mercado de San Agustín. Es más, esta semana acabamos de recibir el informe favorable de Patrimonio Cultural de la Xunta de Galicia. Eso quiere decir que tiene todas las bendiciones, por decirlo de alguna forma, de la administración que vela por la protección del patrimonio cultural, también, de nuestra ciudad junto con el Ayuntamiento. Pero sabe perfectamente en el proyecto que mejoramos la zona de carga y descarga, sabe perfectamente que incluimos plazas para residentes que hoy no existen. Hoy no hay en el entorno del mercado de San Agustín plazas de residentes. Los residentes, los vecinos de San Agustín ¿van a estar en contra de disponer por una vez de plazas de aparcamiento? Prevemos plazas exprés y plazas de aparcamiento para las placeras. Entonces, no sé a quién quieren realmente engañar. E, incluso, hay un proyecto previsto que queremos evidentemente poner en marcha, como es el de la conexión entre San Agustín y Panaderas a través de la servidumbre que establece el propio PEPRI.

En Emilia Pardo Bazán, señor Deus, atendemos efectivamente as peticións dos hostaleiros. Creo que non estamos hoxe en condicións de poñer en dúbida cada unha das decisións que poidan favorecer o sector da hostalería. Xa está tardando a Xunta de Galicia, a pesar do que comentaba a señora Rosa Gallego, en poñer en marcha medidas inmediatas para a hostalería. Non podemos poñer en dúbida esas medidas pero estamos a falar —e o saben perfectamente— cos comerciantes e tamén cos veciños para tratar de que non sexa unha imposición senón que sexa consensuada, porque pode ocorrer, pode ocorrer que determinados ámbitos da cidade, por encontrar consensos razoables, melloren a súa calidade urbana e outros ámbitos queden como están. Eu creo que iso non é razoable.

En Emilia Pardo Bazán, señor Deus, atendemos efectivamente las peticiones de los hosteleros. Creo que no estamos hoy en condiciones de poner en entredicho cada una de las decisiones que puedan favorecer el sector de la hostelería. Ya está tardando la Xunta de Galicia, a pesar de lo que comentaba la señora Rosa Gallego, en poner en marcha medidas inmediatas para la hostelería. No podemos poner en entredicho esas medidas pero estamos hablando —y lo saben perfectamente— con los comerciantes y también con los vecinos para tratar de que no sea una imposición sino que sea consensuada, porque puede ocurrir, puede ocurrir que determinados ámbitos de la ciudad, por encontrar consensos razonables, mejoren su calidad urbana y otros ámbitos queden como están. Yo creo que eso no es razonable.

En todo caso, temos clarificado que a partir da próxima semana, Emilia Pardo Bazán nese tramo é de preferencia peatonal, efectivamente, circulable a 10 km por hora, o cal pode solucionar algunha das cuestións que se estaban formulando, **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** —remato, señora alcaldesa— falando.

En todo caso, hemos clarificado que a partir de la próxima semana, Emilia Pardo Bazán en ese tramo es de preferencia peatonal, efectivamente, circulable a 10 km por hora, lo cual puede solucionar alguna de las cuestiones que se estaban formulando, ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *—finalizo, señora alcaldesa— hablando.*

E por rematar, señora Delso, eu creo que Vía Ártabra ou Monte das Moas non están no centro da cidade. En todo caso, o centro da cidade non deixa de ser importante. Grazas.

Y por acabar, señora Delso, yo creo que Vía Ártabra o Monte das Moas no están en el centro de la ciudad. En todo caso, el centro de la ciudad no deja de ser importante. Gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Díaz Villoslada.

Muchas gracias, señor Díaz Villoslada.

Acepta o proponente a moción presentada polo Grupo Socialista?

¿Acepta el proponente la moción presentada por el Grupo Socialista?

Señor Deus Álvarez

Señor Deus Álvarez

Non, non podemos aceptala porque non

No, no podemos aceptarla porque no

incorpora nada novo ao que xa hai neste momento.

Presidencia

Ben, moitas grazas.

Procedemos, en primeiro lugar, á votación da emenda e despois, de non prosperar, da moción.
Votos a favor da emenda?

Votación da emenda presentada polo Grupo Municipal do Partido Socialista á terceira moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular

Seguidamente por parte da Presidencia sométese a votación a emenda presentada polo Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdG-PSOE) á terceira moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular (PP) sobre actuacións de mobilidade, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota en contra o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (5 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor a concelleira non adscrita dona Mónica Martínez Lema (1 voto).

Presidencia

Moitas grazas.

Queda aprobada a emenda e decae a

incorpora nada nuevo a lo que ya hay en este momento.

Presidencia

Bien, muchas gracias.

Procedemos, en primer lugar, a la votación de la enmienda y después, de no prosperar, de la moción.
¿Votos a favor de la enmienda?

Votación de la enmienda presentada por el Grupo Municipal del Partido Socialista a la tercera moción presentada por el Grupo Municipal del Partido Popular

Seguidamente por parte de la Presidencia se somete a votación la enmienda presentada por el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdG-PSOE) a la tercera moción del Grupo Municipal del Partido Popular (PP) sobre actuaciones de movilidad, produciéndose el siguiente resultado:

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota en contra el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (5 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor la concejala no adscrita doña Mónica Martínez Lema (1 voto).

Presidencia

Muchas gracias.

Queda aprobada la enmienda y decae la

moción.

173.- Moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, sobre actuacións de mobilidade, emendada polo Grupo Municipal do Partido Socialista.

Acordo

Instar ao Goberno municipal a:

1. Atender as peticións dos comerciantes e veciños da contorna do mercado de San Agustín para consensuar con eles os cambios en materia de mobilidade.

2. Atender as peticións dos veciños e comerciantes da rúa Emilia Pardo Bazán para consensuar as solucións de mobilidade e de ocupación do espazo público na rúa.

Presidencia

Remata aquí o debate das mocións. Pasamos ás preguntas de resposta oral.

3º.- Preguntas de resposta oral.

Presidencia

Comeza o turno o BNG.

PREGUNTAS DE RESPOSTA ORAL PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

Primeira.- Pregunta de resposta oral sobre a constitución dun consorcio para impulsar a transformación dos terreos do porto interior.

Señor Jorquera Caselas

Grazas, señora alcaldesa.

moción.

173.- Moción presentada por el Grupo Municipal del Partido Popular, sobre actuaciones de movilidad, enmendada por el Grupo Municipal del Partido Socialista.

Acuerdo

Instar al Gobierno municipal a:

1. Atender las peticiones de los comerciantes y vecinos del entorno del mercado de San Agustín para consensuar con ellos los cambios en materia de movilidad.

2. Atender las peticiones de los vecinos y comerciantes de la calle Emilia Pardo Bazán para consensuar las soluciones de movilidad y de ocupación del espacio público en la calle.

Presidencia

Termina aquí el debate de las mociones. Pasamos a las preguntas de respuesta oral.

3º.- Preguntas de respuesta oral.

Presidencia

Comienza el turno el BNG.

PREGUNTAS DE RESPUESTA ORAL PRESENTADAS POR EL GRUPO MUNICIPAL DEL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

Primera.- Pregunta de respuesta oral sobre la constitución de un consorcio para impulsar la transformación de los terrenos del puerto interior.

Señor Jorquera Caselas

Gracias, señora alcaldesa.

Que xestións realizou o Goberno municipal ante as distintas administracións e entes implicados para constituír un consorcio que impulse a transformación dos terreos do porto interior?

Ás dezaseis horas e nove minutos saen do Salón de Sesións o señor Martínez Durán e o señor Celemín Santos.

Señor Díaz Villoslada

Si, señor Jorquera, como sabe perfectamente, no Pleno do pasado 12 de setembro de 2019 acordamos, mediante varias transaccións de emendas, unha moción na que se avogaba pola constitución dun grupo de traballo conxunto entre a Autoridade Portuaria e o Concello da Coruña para tratar tanto a transición urbana da zona (...) do Porto, as melloras nas explanadas de Parrote e Mariña, o tema da débeda, a constitución, precisamente, dun ente público para esta xestión portuaria e incluso tamén, evidentemente, a importantísima e necesaria –e hai que insistilo– conexión portuaria a Punta Langosteira, coa definición nese grupo de traballo das bases estratéxicas para formular a Puertos del Estado, Ministerio de Transportes e Xunta de Galicia as nosas prioridades. Destes acordos, señor Jorquera, tanto este concelleiro en Consello de Administración do Porto como a propia alcaldesa en carta do 31 de outubro deulle traslado á Autoridade Portuaria, que segue a considerar que son outros os foros nos que hai que traballar. Grazas.

Señor Jorquera Caselas

Señor concelleiro, permítame que repase os antecedentes. Cando o

¿Qué gestiones realizó el Gobierno municipal ante las distintas administraciones y entes implicados para constituir un consorcio que impulse la transformación de los terrenos del puerto interior?

A las dieciséis horas y nueve minutos salen del Salón de Sesiones el señor Martínez Durán y el señor Celemín Santos.

Señor Díaz Villoslada

Sí, señor Jorquera, como sabe perfectamente, en el Pleno del pasado 12 de septiembre de 2019 acordamos, mediante varias transacciones de enmiendas, una moción en la que se abogaba por la constitución de un grupo de trabajo conjunto entre la Autoridad Portuaria y el Ayuntamiento de A Coruña para tratar tanto la transición urbana de la zona (...) del Puerto, las mejoras en las explanadas de Parrote y Marina, el tema de la deuda, la constitución, precisamente, de un ente público para esta gestión portuaria e incluso también, evidentemente, la importantísima y necesaria –y hay que insistirlo– conexión portuaria a Punta Langosteira, con la definición en ese grupo de trabajo de las bases estratégicas para formular a Puertos del Estado, Ministerio de Transportes y Xunta de Galicia nuestras prioridades. De estos acuerdos, señor Jorquera, tanto este concejal en Consejo de Administración del Puerto como la propia alcaldesa en carta de 31 de octubre le dio traslado a la Autoridad Portuaria, que sigue considerando que son otros los foros en los que hay que trabajar. Gracias.

Señor Jorquera Caselas

Señor concejal, permítame que repase los antecedentes. Cuando el Gobierno central

Goberno central decidiu asumir a débeda de 300 millóns do Porto de Valencia –débeda xerada para acoller actividades de tanto interese produtivo como a Copa América ou a Fórmula 1– a desculpa que se puxo para non ter o mesmo trato co Porto da Coruña foi que o Estado non pode asumir a débeda de autoridades portuarias e os terreos do Porto de Valencia estaban xestionados por un consorcio coa participación de todas as administracións. Por iso vostedes propuxeron a creación dun consorcio para impulsar a transformación dos terreos do porto interior e negociar a condonación da débeda ou unha solución análoga. Deron algún paso para conseguilo? Porque non abonda coa creación dese grupo de traballo, non abonda con interpelar á Autoridade Portuaria. Reuníronse co Goberno central e coa Xunta de Galiza? Porque o seu concurso é imprescindíbel. Propuxéronlles a estas administracións a súa constitución? Porque, insisto, non abonda con declaracións retóricas reclamando un trato xusto coa Coruña. Gobernar, liderar a cidade, esixe concrecións e resultados. Demostrar con feitos a capacidade de interlocución con outras administracións e que son capaces de facerse valer. Esixiron ao Goberno central que non siga demorando o acceso ferroviario ao porto exterior? Porque non hai porto que poida funcionar sen conexión ferroviaria. De nada serve que o señor Ábalos diga que o corredor atlántico de mercadorías terá o mesmo apoio que o corredor mediterráneo se segue sen resolverse o acceso ferroviario ao porto exterior. Como tampouco é posíbel a transformación dos terreos do porto interior sen trasladar a estación de mercadorías, e para iso ten que haber conexión ferroviaria co porto exterior.

decidió asumir la deuda de 300 millones del Puerto de Valencia –deuda generada para acoger actividades de tanto interés productivo como la Copa América o la Fórmula 1– la disculpa que se puso para no tener el mismo trato con el Puerto de A Coruña fue que el Estado no puede asumir la deuda de autoridades portuarias y los terrenos del Puerto de Valencia estaban gestionados por un consorcio con la participación de todas las administraciones. Por eso ustedes propusieron la creación de un consorcio para impulsar la transformación de los terrenos del puerto interior y negociar la condonación de la deuda o una solución análoga. ¿Dieron algún paso para conseguirlo? Porque no es suficiente con la creación de ese grupo de trabajo, no es suficiente con interpelar a la Autoridad Portuaria. ¿Se reunieron con el Gobierno central y con la Xunta de Galicia? Porque su concurso es imprescindible. ¿Les propusieron a estas administraciones su constitución? Porque, insisto, no es suficiente con declaraciones retóricas reclamando un trato justo con A Coruña. Gobernar, liderar la ciudad, exige concreciones y resultados. Demostrar con hechos la capacidad de interlocución con otras administraciones y que son capaces de hacerse valer. ¿Exigieron al Gobierno central que no siga demorando el acceso ferroviario al puerto exterior? Porque no hay puerto que pueda funcionar sin conexión ferroviaria. De nada sirve que el señor Ábalos diga que el corredor atlántico de mercancías tendrá el mismo apoyo que el corredor mediterráneo si sigue sin resolverse el acceso ferroviario al puerto exterior. Como tampoco es posible la transformación de los terrenos del puerto interior sin trasladar la estación de mercancías, y para eso tiene que haber conexión ferroviaria con el puerto exterior.

Señor concelleiro, o BNG é o primeiro

Señor concejal, el BNG es el primero en

en esixir que se depuren as responsabilidades pola mala xestión da Autoridade Portuaria. Non son admisíbeis os sobrecustos disparatados das obras do porto exterior, pero para reactivar o porto é imprescindíbel o acceso ferroviario e a súa débeda non pode hipotecar o futuro desta cidade. Por iso é hora de pasar das palabras aos feitos.

No proxecto de orzamentos, o Estado asume novas débedas do Porto de Valencia e a condonación ascende xa a 400 millóns, 400 millóns. Esixan o mesmo trato coa Coruña. Esixan o acceso ferroviario e dean pasos efectivos reais para constituír o consorcio. En definitiva, fagan e non só declaren, porque niso consiste gobernar, señor concelleiro.

Señor Díaz Villoslada

Si, señor Jorquera, eu creo que non me excedería se dixera que sobran as declaracións, os pronunciamentos da nosa alcaldesa esixíndolle tanto á Xunta de Galicia como ao Goberno central, goberne quen goberne –sempre o temos dito desde primeiros de mandato– as débedas que se poidan ter coa cidade. Sempre desde un primeiro momento e cando subscribimos as mocións e as declaracións ás que me refería anteriormente, este Goberno municipal e o Grupo Municipal Socialista sempre avogou por fórmulas que solucionen a débeda do porto, por fórmulas que solucionen polo menos o tramo de débeda con Portos do Estado. Hai outro tramo co Banco Europeo de Investimentos que poida ser máis complicado. Sempre houbo pronunciamentos da absoluta necesidade da conexión ferroviaria de Punta Langosteira. É obvio que esa conexión é a única que pode facer que efectivamente todas as actividades portuarias do porto interior se trasladen

exigir que se depuren las responsabilidades por la mala gestión de la Autoridad Portuaria. No son admisibles los sobrecostos disparatados de las obras del puerto exterior, pero para reactivar el puerto es imprescindible el acceso ferroviario y su deuda no puede hipotecar el futuro de esta ciudad. Por eso es hora de pasar de las palabras a los hechos.

En el proyecto de presupuestos, el Estado asume nuevas deudas del Puerto de Valencia y la condonación asciende ya a 400 millones, 400 millones. Exijan el mismo trato con A Coruña. Exijan el acceso ferroviario y den pasos efectivos reales para constituir el consorcio. En definitiva, hagan y no solo declaren, porque en eso consiste gobernar, señor concejal.

Señor Díaz Villoslada

Sí, señor Jorquera, yo creo que no me excedería si dijera que sobran las declaraciones, los pronunciamientos de nuestra alcaldesa exigiéndole tanto a la Xunta de Galicia como al Gobierno central, gobierne quien gobierne –siempre lo hemos dicho desde primeros de mandato– las deudas que se puedan tener con la ciudad. Siempre desde un primer momento y cuando suscribimos las mociones y las declaraciones a las que me refería anteriormente, este Gobierno municipal y el Grupo Municipal Socialista siempre abogó por fórmulas que solucionen la deuda del puerto, por fórmulas que solucionen por lo menos el tramo de deuda con Puertos del Estado. Hay otro tramo con el Banco Europeo de Inversiones que pueda ser más complicado. Siempre hubo pronunciamientos de la absoluta necesidad de la conexión ferroviaria de Punta Langosteira. Es obvio que esa conexión es la única que puede hacer que efectivamente todas las actividades portuarias del puerto interior se trasladen

ao porto exterior. E nese sentido é certo que hai que pasar das palabras aos feitos. Efectivamente, son moitas as institucións que se teñen que sentar, temos que ser capaces de levar adiante un protocolo e un convenio de traballo en que todas as institucións estean presentes e non, tampouco, como o protocolo de 2018, que mirou de costas precisamente ao Concello, aínda que poida haber elementos nese protocolo que se utilicen, e por esa mesma razón e porque non podemos seguir esperando permanentemente a Godot, temos que tratar de instrumentar esas bases estratéxicas das que falaba esa moción do 12 de setembro do ano pasado. E por iso, encargámoslle á Universidade da Coruña, a nosa universidade, un traballo que creo que temos que construír entre todos os grupos municipais xuntamente coa Autoridade Portuaria, a quen se lle reiterou o ofrecemento para entrar a participar e tamén á Xunta de Galicia, para conseguir unha alianza cidade-porto que presentarlle ás outras autoridades de Madrid, por dicilo dalgunha forma, e conseguir sacar adiante este proceso de reordenación dos espazos portuarios interiores que pensamos, eu diría ou diríamolo todos, que é realmente o futuro da cidade porque estamos a traballar nunha perspectiva de curto prazo, de medio e de moi longo prazo.

al puerto exterior. Y en ese sentido es cierto que hay que pasar de las palabras a los hechos. Efectivamente, son muchas las instituciones que se tienen que sentar, tenemos que ser capaces de llevar adelante un protocolo y un convenio de trabajo en que todas las instituciones estén presentes y no, tampoco, como el protocolo de 2018, que miró de espaldas precisamente al Ayuntamiento, aunque pueda haber elementos en ese protocolo que se utilicen, y por esa misma razón y porque no podemos seguir esperando permanentemente a Godot, tenemos que tratar de instrumentar esas bases estratégicas de las que hablaba esa moción de 12 de septiembre del año pasado. Y por eso, le encargamos a la Universidad de A Coruña, nuestra universidad, un trabajo que creo que tenemos que construir entre todos los grupos municipales juntamente con la Autoridad Portuaria, a quien se le reiteró la oferta para entrar a participar y también a la Xunta de Galicia, para conseguir una alianza ciudad-puerto que presentarle a las otras autoridades de Madrid, por decirlo de alguna forma, y conseguir sacar adelante este proceso de reordenación de los espacios portuarios interiores que pensamos, yo diría o lo diríamos todos, que es realmente el futuro de la ciudad porque estamos trabajando en una perspectiva de corto plazo, de medio y de muy largo plazo.

Ás dezaseis horas e quince minutos entra no Salón de Sesións o señor Martínez Durán.

A las dieciséis horas y quince minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Martínez Durán.

Ou sacamos este tema entre todos xuntos, transcendendo partidos políticos e pensando que van ser sucesivos os gobernos que os van instrumentar ou realmente perderemos unha oportunidade histórica. Confío en que tanto a Administración Xeral do Estado como a Autoridade Portuaria, Xunta de Galicia e Concello, cos traballos

O sacamos este tema entre todos juntos, trascendiendo partidos políticos y pensando que van a ser sucesivos los gobiernos que los van a instrumentar o realmente perderemos una oportunidad histórica. Confío en que tanto la Administración General del Estado como la Autoridad Portuaria, Xunta de Galicia y Ayuntamiento, con los trabajos

científicos que consigamos que nos presente a Universidade da Coruña poidamos presentar esas bases que dean pé a que todos consigamos unha unión para sacar adiante este futuro da cidade, se non, insisto, teríamos outra oportunidade perdida como o que vén ocorrendo desde os convenios de 2004 que, por certo, hai que revisar.

Grazas. Máis nada.

Presidencia

Moitas grazas, señor Díaz Villoslada.

Pasamos á seguinte pregunta do Bloque Nacionalista Galego.

Me substitúe na Presidencia o primeiro tenente de alcaldesa.

Pode saír e pode entrar.

Ás dezaseis horas e dezaseis minutos entra no Salón de Sesións o señor Celemín Santos e saen a señora Neira Fernández e a señora alcaldesa, quen é substituída na Presidencia polo primeiro tenente de alcaldesa señor Borrego Vázquez.

Segunda.- Pregunta de resposta oral sobre o transporte público urbano.

Presidencia

Ten a palabra a señora Veira. Boas tardes.

Señora Veira González

Moitas grazas.

Que iniciativas e que medidas de control ten posto en marcha o Goberno local para evitar os amoreamentos de xente no transporte público urbano da cidade?

científicos que consigamos que nos presente la Universidad de A Coruña podamos presentar esas bases que den pie a que todos consigamos una unión para sacar adelante este futuro de la ciudad, si no, insisto, tendríamos otra oportunidad perdida como lo que viene ocurriendo desde los convenios de 2004 que, por cierto, hay que revisar.

Gracias. Nada más.

Presidencia

Muchas gracias, señor Díaz Villoslada.

Pasamos a la siguiente pregunta del Bloque Nacionalista Galego.

Me sustituye en la Presidencia el primer teniente de alcaldesa.

Puede salir y puede entrar.

A las dieciséis horas y dieciséis minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Celemín Santos y salen la señora Neira Fernández y la señora alcaldesa, quien es sustituida en la Presidencia por el primer teniente de alcaldesa señor Borrego Vázquez.

Segunda.- Pregunta de respuesta oral sobre el transporte público urbano.

Presidencia

Tiene la palabra la señora Veira. Buenas tardes.

Señora Veira González

Muchas gracias.

¿Qué iniciativas y qué medidas de control ha puesto en marcha el Gobierno local para evitar las acumulaciones de gente en el transporte público urbano de la ciudad?

Señor Díaz Villoslada

Si, señora Veira, tanto na fase da que foi a escalada da pandemia da COVID-19 como o que son as diferentes fases de desescalada e tamén, evidentemente, durante a situación actual, desde os servizos de mobilidade faise permanentemente un seguimento periódico do nivel de uso das diferentes liñas de bus urbano que actualmente están a un 100% de servizo, aínda que están sendo usadas por pouco máis do 60% do conxunto de usuarios, e seguimentos nos que, efectivamente, se teñen detectados, sobre todo durante o mes de outubro, certas horas punta en determinadas liñas e en determinados horarios.

Señor Díaz Villoslada

Sí, señora Veira, tanto en la fase de la que fue la escalada de la pandemia de la COVID-19 como lo que son las diferentes fases de desescalada y también, evidentemente, durante la situación actual, desde los servicios de movilidad se hace permanentemente un seguimiento periódico del nivel de uso de las diferentes líneas de bus urbano que actualmente están a un 100% de servicio, aunque están siendo usadas por poco más del 60% del conjunto de usuarios, y seguimientos en los que, efectivamente, se han detectado, sobre todo durante el mes de octubre, ciertas horas punta en determinadas líneas y en determinados horarios.

Señora Veira González

Si. Nestes días está a ser pública toda unha serie de fotografías e queixas de usuarias e usuarios do transporte público urbano, especialmente en horas punta e en determinadas liñas de autobús. Nestes momentos as queixas céntranse, fundamentalmente, na liña universitaria, na liña 21, na liña 14, na liña 6 e na liña 1. Ademais, estas liñas todas teñen en común que son as únicas que chegan a determinados barrios, co cal, as súas usuarias son cativas destas liñas de transporte público urbano. En moitos casos non teñen outro xeito de se desprazaren pola cidade, ou ben por non teren transporte privado ou ben por teren dificultades de aparcamento nas zonas nas que se desprazan ou por consideraren que é mellor moverse en transporte público. En todo caso, o que non podemos é pedirlle á xente que escolla entre o seu dereito á saúde e o dereito á mobilidade.

Señora Veira González

Sí. En estos días está siendo pública toda una serie de fotografías y quejas de usuarias y usuarios del transporte público urbano, especialmente en horas punta y en determinadas líneas de autobús. En estos momentos las quejas se centran, fundamentalmente, en la línea universitaria, en la línea 21, en la línea 14, en la línea 6 y en la línea 1. Además, estas líneas todas tienen en común que son las únicas que llegan a determinados barrios, con lo cual, sus usuarias son cautivas de estas líneas de transporte público urbano. En muchos casos no tienen otra manera de desplazarse por la ciudad, o bien por no tener transporte privado o bien por tener dificultades de aparcamiento en las zonas en las que se desplazan o por considerar que es mejor moverse en transporte público. En todo caso, lo que no podemos es pedirle a la gente que escoja entre su derecho a la salud y el derecho a la movilidad.

As persoas van excesivamente apertadas nos buses en determinadas

Las personas van excesivamente apretadas en los buses en determinadas

horas. E como exemplo podemos poñer o caso do 1A, que é a única liña que vai a Santa Xema, á Pasaxe e que entra no Matogrande ou que vai polo barrio de Eirís.

Durante a pandemia, a Compañía de Tranvías decidiu eliminar os buses articulados, e no canto de reforzar con máis buses ou reforzar as frecuencias, decidiu manter para as mesmas viaxeiras frecuentes as mesmas frecuencias e o mesmo número de vehículos, mais cun tamaño menor. Polo tanto, temos o mesmo número de viaxeiras en menos espazo, o ideal nunha pandemia. Ademais, no percorrido desta liña tamén temos que ter en conta que as diferentes rotondas provocan movementos nas viaxeiras involuntarios, que se acaban achegando unhas a outras sen querelo.

Como todas e todos sabemos, hoxe en día a empresa que xestiona o transporte público da Coruña é a Compañía de Tranvías, unha empresa privada que se beneficia cuantiosamente grazas a un convenio de concesión cunhas condicións leoninas asinadas no ano 1987. Ben, pois esa concesión regúlase por un —nunca mellor dito—, por un regulamento de réxime interno e tamén por un convenio. Pois o artigo 6 e 13 do Regulamento de réxime interno do transporte público urbano colectivo sinala que o Concello é o titular do servizo e, como consecuencia diso, ten unha serie de potestades sobre este servizo. Entre elas: ordenar as variacións do servizo por razóns de interese público, tanto no que se refire ás modificacións de itinerarios, frecuencias, paradas, etc. Nisto tamén insiste o artigo 8, onde se di que o Excelentísimo Concello da Coruña establecerá, por razóns de interese público, as características do servizo de transporte, fixando número de liñas,

